**SUMARIO:** 1 Introducción. 2 Dereito á vida: os ordenamentos nacionais deben adaptarse aos estándares europeos en materia de respecto á orientación sexual. 3 Dignidade humana e prohibición de discriminación no exercicio do dereito á integridade física e moral fronte a agresións homófobas. 3.1 Os Estados teñen a obriga positiva de previr e investigar a violencia por razóns de orientación sexual. 3.2 Abuso de dereito: as normas referidas aos dereitos fundamentais non deberán interpretarse a favor do agresor e en detrimento da vítima. 4 Cirurxías a menores intersexuais. 5 Prohibición de discriminación no exercicio do dereito ao respecto da vida privada e familiar. 5.1 Insultos homófobos. 5.2 Protección de datos e doazóns de sangue. 5.3 Responsabilidade parental e dereitos de custodia. 6 Dereito de asociación e liberdade de asemblea. 7 Final.

## 1 Introducción

O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (en diante, “o Tribunal”, “o TEDH” ou “Estrasburgo”, en referencia á cidade en que se atopa) adoita dicir que o Convenio Europeo de Dereitos Humanos (en diante, “o Convenio” ou, simplemente, “o CEDH”) é o instrumento garante da orde pública europea en materia de dereitos humanos. A pesar de que o TEDH reconece que, no seo do Consello de Europa, dos Estados que integran a entidade supranacional, se dá unha diversidade de culturas xurídicas, de contextos económicos e sociais, así como diferentes niveis de democracia alcanzados, pretenderase alcanzar unha ampla unidade de acción no ámbito dos dereitos humanos que se reflectirá no canon ou estándar mínimo de protección europeo. Estándar mínimo que se acadará coa interpretación que realiza o TEDH do CEDH, de convenios sectoriais e outros instrumentos de *soft law* do Consello de Europa e que deberá guiar o funcionamento ordinario das administracións públicas, os gobernos, parlamentos e xuíces e tribunais na orde interna. Así, a misión da orde internacional consistirá en revisar que efectivamente os dereitos nacionais respectan as obrigas internacionais asumidas co Consello de Europa.

O Consello de Europa, no marco da súa misión de promoción dos dereitos humanos, presta especial atención, desde a súa creación, á protección dos dereitos das minorías. E, en concreto, das minorías sexuais. Non en van, a xurisprudencia do TEDH supuxo importantes avances no recoñecemento e protección dos dereitos da crecente comunidade de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (“LGTBI”,

en diante<sup>2</sup>) promovendo a derogación de normativas internas que supuñan unha inxerencia inxustificada. Así, en *Dudgeon c. o Reino Unido*, do 22 de outubro de 1981, o TEDH dixo que a vixencia das leis de Irlanda do Norte que tipificaban as relacións sexuais consentidas entre homes maiores de idade supuña unha violación do dereito ao respecto da vida privada e familiar. O demandante conseguiría que o Parlamento do Reino Unido modificase a normativa aplicable a ese territorio para acomodala aos estándares establecidos polo TEDH, mediante a *Homosexual Offences (Northern Ireland) Order 1982*.

Baseándose no principio de subsidiariedade, polo tanto, os Estados deberán adaptar a súa lexislación, prácticas administrativas e práctica xudicial ás exigencias do Convenio e a xurisprudencia do TEDH e administrativa e xudiciais contrarias ao dereito do Consello de Europa e realizar un seguimento para evitar regresións no recoñecemento dos dereitos, garantías e liberdades. Neste sentido, será especialmente importante que a lei se aplique, ofrecéndolles unha garantía efectiva aos destinatarios. As leis deberán prever un sistema efectivo de sancións que garantan unha reparación efectiva<sup>3</sup> cando as medidas preventivas fracasen.

O dereito á igualdade de todas as persoas é un punto de partida para o recoñecemento da dignidade humana das minorías que historicamente sufriron o estigma e unha profunda discriminación. Baseándose na xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, calquera diferenza de trato que non atenda a unha xustificación obxectiva e razoable non está amparada polo sistema de Estrasburgo. En ningún caso poderá considerarse que as tradicións, os valores culturais ou relixiosos ou os patróns dunha “cultura dominante” constitúen xustificacións obxectivas nin razoables para establecer unha diferenza por razón de orientación sexual<sup>4</sup>. A falta de coñecemento acerca da diversidade sexual favorece a perpetuación da homofobia e a transfobia que pode ocasionar danos graves no desenvolvemento persoal dos menores debido a unha estigmatización normalizada que se consolida desde o ámbito familiar, educativo e social en xeral. Por iso, é especialmente importante, como subliña o Consello de Europa, que, atendendo ao interese superior do menor, os currículos escolares inclúan programas que promovan a igualdade, a tolerancia e o respecto

REGAP



ESTUDOS

<sup>2</sup> Neste tema, unha das cuestións que chaman a atención é o acrónimo empregado para designar a diversidade sexual. Como sinala Ignacio Álvarez Rodríguez, progresivamente ampliáanse as letras a medida que se van recoñecendo e aceptando novas orientacións ou o que denominaría como “non orientación ou non sentirse identificado con ningún xénero ou etiqueta. En calquera caso, o Consello de Europa entende por orientación sexual a homosexualidade, a heterosexualidade e a bisexualidade, mentres que considera que a transexualidade se refire á persoa que non se identifica co xénero asignado no nacemento [Resolución 1728 (2010) da Asemblea Parlamentaria (Consello de Europa) sobre discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero]. Iso non impide que outros colectivos integrados normalmente no acrónimo, como o dos intersexuais, tamén atopasen protección no TEDH atendendo ás súas realidades concretas e específicas. A diversidade sexual integrada no acrónimo “LGTBI” non deberá interpretarse con carácter pechado, senón que admite máis orientacións, en ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, I., “A Organización das Nacións Unidas e os dereitos das persoas LGTBI: novos avances e desafíos de sempre”, Matía Portilla, F.J., Elvira Perales, A. e Arroyo Gil, A. (dir.), *La protección de los derechos fundamentales de las personas LGTBI*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2019, pp. 25-26.

<sup>3</sup> Recomendación CM/Rec(2010)5 do Comité de Ministros (Consello de Europa) aos Estados membros sobre medidas para combater a discriminación por razóns de orientación sexual ou identidade de xénero.

<sup>4</sup> Recomendación CM/Rec(2010)5 do Comité de Ministros (Consello de Europa) aos Estados membros sobre medidas para combater a discriminación por razóns de orientación sexual ou identidade de xénero.

cara ás persoas LGTBI<sup>5</sup>. E que os materiais educativos ofrezan información obxectiva acerca da orientación sexual e a identidade de xénero. O contorno educativo debería constituír un centro de protección e apoio aos menores para que vivan de conformidade coa súa orientación sexual e identidade de xénero. Para iso, as administracións públicas competentes no seo de cada Estado deberán propor políticas de igualdade e seguridade nas escolas e plans de acción que aseguren o acceso a unha formación en materia de dereito á igualdade aos profesores e demais persoal escolar. Estas medidas deberían ter en conta o dereito dos pais a educar os seus fillos<sup>6</sup>.

Os Estados teñen a obriga positiva de protexer os dereitos humanos recoñecidos no Convenio dun xeito real e efectivo, e a obriga negativa de absterse a lexitimar a discriminación baseada na intolerancia. Os Estados non só teñen a responsabilidade de protexer os dereitos individualmente considerados, senón que ademais deberán adoptar as medidas máis idóneas para protexer os defensores dos dereitos humanos das persoas do colectivo LGTBI, como as organizacións non gobernamentais, organizacións privadas cuxo papel de *chien de garde* é fundamental na defensa dos intereses xerais en toda sociedade que pretende ser democrática e avanzada. E é que, como estudaremos na glosa da xurisprudencia recente, as ONG son vítimas directas e indirectas de ataques violentos, así como do discurso do odio por parte de organizacións políticas, e de grupos relixiosos, en toda Europa. A protección que deben ofrecer os Estados, polo tanto, deberá asegurar o exercicio pacífico das súas actividades de interese xeral. A falta dunha resposta axeitada dos Estados supón unha normalización das condutas antisociais e un afondamento no estigma, o que implica unha violación das obrigas internacionais asumidas co Consello de Europa.

Nesta orde de consideracións, cómpre subliñar que a promoción do odio e a discriminación non forma parte do contido do dereito á liberdade de expresión. Trátase, en realidade, dun abuso de dereito, é dicir, o emprego do sistema de dereitos e liberdades democráticos precisamente para derrocalo. Por iso, as autoridades competentes na orde interna terán a decisiva responsabilidade de garantir o respecto e a protección dos dereitos humanos de conformidade, polo menos, co estándar europeo establecido polo TEDH.

O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos integrou as novas aspiracións da sociedade nesta materia incorporando, sen ningunha dúbida, a orientación sexual e a identidade de xénero na prohibición de discriminación (artigo 14 CEDH) e integra no contido dos demais preceptos os dereitos LGTBI sempre que a diferenza de trato non atenda razóns obxectivas nin razoables. Ademais, o Comité de Ministros e a Asemblea Parlamentaria, no seo tamén da entidade supranacional, aprobaron destacadas normas de *soft law* que ofrecen unha aproximación moi aguda aos dereitos LGTBI e son asumidos polo TEDH ao resolver os casos, ofrecéndolles un importante efecto interpretativo, cuasivinculante.

<sup>5</sup> Resolución 1728 (2010) da Asemblea Parlamentaria (Consello de Europa) sobre discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

<sup>6</sup> Recomendación CM/Rec(2010)5 do Comité de Ministros (Consello de Europa) aos Estados membros sobre medidas para combater a discriminación por razóns de orientación sexual ou identidade de xénero.



Tras a sentenza *Dudgeon*, o TEDH tivo ocasión de resolver outras cuestións cruciais do colectivo LGTBI, mal formuladas nos ordenamentos internos, polo que se terá exixido a súa modificación. Así, en canto á idade para prestar consentimento válido para manter relacións sexuais, o Tribunal considera nos casos *L. e V. c. Austria* e *S.L. c. Austria*, os dous do 9 de xaneiro de 2003, que a existencia do artigo 209 do Código penal austríaco, que criminalizaba as relacións sexuais consentidas entre varóns maiores de idade con varóns adolescentes de catorce a dezaioito anos, era discriminatoria, xa que non se prevía a mesma resposta legal para os casos de relacións heterosexuais ou entre mulleres. Polo tanto, concluíu que houbo unha violación do artigo 14 considerado conxuntamente co artigo 8 (dereito ao respecto da vida privada). O TEDH tería ocasión de coñecer de novo sobre este tema na sentenza *B.B. c. o Reino Unido*, do 10 de febreiro de 2004. O demandante, tras denunciar unha agresión física polo seu amante, que tiña 16 anos, foi sometido a un proceso penal porque confesou que mantivera relacións sexuais co seu agresor. Os feitos sucederon antes de 2001, data en que entra en vigor a Lei pola que se derroga a anterior normativa na cal se condenaban as relacións homosexuais con varóns menores de 18 anos e se equipara a idade para prestar consentimento aos 16 anos, como nas relacións heterosexuais, modificación normativa incitada pola Decisión da Antiga Comisión Europea de Dereitos Humanos ditada no asunto *Sutherland c. o Reino Unido*, do 27 de marzo de 2001. O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos entende que a normativa pola que se establece un diferente tratamento punitivo en función da modalidade de relación sexual era discriminatoria e afectou ao dereito ao respecto da vida privada do Sr. B.B. e ao seu dereito a non ser tratado de xeito diferente por manter relacións sexuais con persoas do mesmo sexo (artigo 14+8). Recoñecería así mesmo xustamente unha indemnización de 7.000 euros polos danos morais ocasionados. A pesar de que os dous países expulsaron as normas conflitivas dos seus respectivos ordenamentos, chegaron máis casos a Estrasburgo sobre feitos acontecidos con anterioridade ás reformas normativas, polo que non se daría unha retroactividade *in bonus*. Iso mostra, sen dúbida, a resistencia dos recalcitrantes a aceptar os estándares europeos. Así, na sentenza ditada no caso *Ladner c. Austria*, do 3 de febreiro de 2005, o demandante, que tiña 40 anos cando ocorreron os feitos, foi condenado polos tribunais internos a pena de prisión por manter relacións sexuais con catro adolescentes, varóns, tamén de entre 16 e 18 anos, en aplicación do polémico artigo 209 do Código penal. A pesar de que este precepto se declarara inconstitucional o 21 de xuño de 2002, sorprendentemente seguía sendo aplicable a aqueles casos dos que xa se coñecese en primeira instancia (!) O tribunal de apelación confirmaría a condena do demandante, ditaminada na instancia. Debeuse orixinar un intenso debate, á luz da narración dos feitos. E é que o Parlamento lle requiriu ao Goberno a concesión do indulto a todos aqueles que fosen condenados en virtude do derogado artigo 209 e que obtivesen sentenza en primeira instancia con anterioridade á modificación da lei. Non obstante, a reforma do Código penal abriu outra vía, o artigo 207b, polo cal se valora a conduta do imputado para manter a condena nestes casos. O Sr. Ladner non obtivo o indulto, en aplicación do novo precepto, pois o Goberno, *obxectivando* a conduta do demandado,

Regap



ESTUDIOS

considerou que nunha ocasión o demandante se aproveitou da situación de apuro dun adolescente que tivo que vivir na súa casa durante unha tempada tras unha rifa cos seus pais. O TEDH condenaría novamente a Austria por unha violación do artigo 14+8 recoñecendo a cantidade de 17.500 euros en conceptos de indemnización polos trece días en que o demandante estivo detido preventivamente. E é que serían necesarios novos impulsos, a xeito de sentenzas de condena, para que se vencesen as inxustificables resistencias dos tribunais internos, fundamentadas nunha arraigada homofobia normalizada ao longo do tempo. Refírome ás sentenzas ditadas nos casos *H.G. e G.B. c. Austria*, do 2 de xuño de 2005, e *Wolfmeyer c. Austria*, do 26 de maio de 2005; *R.H. c. Austria*, do 19 de xaneiro de 2006.

Desde a perspectiva dos dereitos civís, o TEDH marcou un novo fito en *Karner c. Austria*, do 24 de xullo de 2003; dixo que o non recoñecemento dos dereitos de sucesión en materia de arrendamento ás unións estables homosexuais, que si se lles recoñecía ás heterosexuais, era contrario ao Convenio. Esta sentenza constituiría un decisivo precedente de casos posteriores, como o resolto polas sentenzas *Kozak c. Polonia*, do 2 de marzo de 2010, e *P.B. e J.S. c. Austria*, do 22 de xullo de 2010.

A partir da segunda metade da década dos 10 deste século, o TEDH pronúnciase sobre temas moi variados, aínda que destacan os asuntos en que se observa unha intensa regresión no recoñecemento na orde interna dos dereitos referidos á liberdade de expresión e de asemblea, en relación con Polonia ou Rusia (*Bączkowski e outros c. Polonia*, do 3 de maio de 2007, *Alekseyev c. Rusia*, do 27 de outubro de 2010), así como a pasividade das autoridades internas na investigación efectiva de agresións homófobas graves (*Identoba e Outros c. Xeorxia*, do 12 de maio de 2015)<sup>7</sup>.

A continuación, voume referir a algunhas das sentenzas recentes máis relevantes.

## 2 Dereito á vida: os ordenamentos nacionais deben adaptarse aos estándares europeos en materia de respecto á orientación sexual

Os poderes públicos na orde interna deben ter en conta o incremento da violencia exercida por razóns de orientación e identidade de xénero. A lei deberá establecer os mecanismos de protección adecuados para garantir os dereitos humanos, como o dereito á vida, e considerar un sistema sancionador axeitado que cumpra a dobre misión preventiva e punitiva de modo eficaz. Vallan estas notas para introducir a sentenza ditada no caso *Stoyanova c. Bulgaria*, do 14 de xuño de 2022.

Tres mozos asasinaron a Mihail Stoyanov, fillo da demandante, a Sra. Hristina Ivanova Stoyanova. Golpearono cun asañoamento especialmente cruento e estrangulárono ata que faleceu asfixiado, nun parque de Sofía. Os atacantes formaban parte dun grupo de estudantes de secundaria que pasaban o tempo no parque en busca de persoas que percibían que eran homosexuais. Á mañá seguinte da agresión, unha

---

<sup>7</sup> Prestei especial atención a esta evolución xurisprudencial nas miñas crónicas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos publicadas na *Revista General de Derecho Administrativo*, á lectura da cal me remito.

persoa que pasaba polo parque atopou o corpo da vítima e chamou á policía. Os tres agresores foron detidos case dous anos despois. Foron identificados porque un dos agresores utilizou o móbil da vítima en varias ocasións.

Dous dos agresores foron xulgados e declarados culpables pola comisión dun delito de asasinato agravado por ter matado a súa vítima de xeito especialmente cruel. Ao terceiro agresor outorgóuselle a calidade de testemuña. Os tribunais rexeitaron cualificar a motivación do asasinato como vandalismo, o que constituiría outra agravante prevista pola lei. Non obstante, hai que ter en conta que as motivacións homófobas e as dos malfeitores non teñen por que ser coincidentes.

Ao fixar as penas, as xurisdicións de primeira e segunda instancia estimaron que a motivación homófoba constitúe un factor individual agravante, que compensaron con atenuantes. Finalmente, o Tribunal Supremo de Casación confirmou as condenas dos agresores a 10 anos e 4 anos e seis meses de prisión respectivamente. As penas eran inferiores ao mínimo legal. Para fixalas tivo en conta diversos factores atenuantes, como a ausencia de antecedentes penais dos agresores, a súa curta idade e a duración excesiva do proceso. En canto á idade, a sentenza refírese en varias ocasións á xuventude dos agresores, pero non especifica a idade concreta, co que non podemos saber se se trataba de maiores ou menores de idade no momento en que cometeron a agresión.

A demandante acode ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos alegando unha violación do artigo 14 CEDH (prohibición da discriminación) combinado co artigo 2 CEDH (dereito á vida). Argumenta que a resposta xudicial das autoridades búlgaras ao móbil homófobo foi inadecuada. A este respecto, subliña que o dereito interno non considera o móbil homófobo como factor agravante.

No proceso participaron o Comité Búlgaro de Helsinqui e a organización a favor dos dereitos das minorías sexuais, *Deystvie (Действие)*, como terceiras partes intervenientes (*amicus curiae*).

O Comité Búlgaro de Helsinqui subliña que, de conformidade coa xurisprudencia do TEDH, a violencia cometida cunha motivación de discriminación non debe tratarse do mesmo xeito que as demais. Así mesmo, argumenta que o Código penal non inclúe a orientación sexual e identidade de xénero nos delitos de odio. Aínda que tampouco constitúen agravantes, en ocasións os tribunais así consideran a hostilidade cara á orientación sexual, pero non en todo caso. Finalmente, di que a observancia de todas as circunstancias agravantes e atenuantes é unha exixencia do ordenamento penal interno.

A organización *Deystvie (Действие)* comenta que nos últimos tempos houbo varios incidentes violentos homófobos, así como discursos de promoción do odio, e as autoridades non reaccionaron apropiadamente. Por iso, que o dereito interno non considere o carácter agravado dos delitos motivados na hostilidade cara ás persoas LGTBI constitúe unha dificultade especial.

O TEDH, en primeiro lugar, recorda os principios aplicables ao caso que extrae da súa xurisprudencia sobre o deber de investigar e castigar os ataques violentos cometidos por persoas privadas motivados pola hostilidade cara á orientación sexual da vítima ou a súa presumida orientación, establecidos na sentenza ditada no caso

*Sabalić c. Croacia*, do 14 de xaneiro de 2021, que comentarei máis adiante. Dos citados principios, o TEDH subliña que:

A) Ao investigar os ataques violentos, as autoridades deben adoptar todos os pasos razoables para desenmascarar calquera posible motivación discriminatoria;

B) O deber de responder apropiadamente ás agresións esténdese aos procesos xudiciais en que se decide se condenar os perpetradores acusados e o xeito de realizalo;

C) Tratar a violencia cunha motivación discriminatoria do mesmo xeito que a violencia que non ten estas connotacións equivale a facer a vista gorda ante a natureza específica dos actos especialmente destrutivos que socavan os dereitos fundamentais, razón pola que o feito de non tratar tales situacións de xeito diferente pode constituír un trato inxustificado irreconciliable co artigo 14 do Convenio.

O TEDH tamén ten en conta a súa xurisprudencia segundo a cal o dereito penal non debe interpretarse de maneira extensiva en prexuízo do acusado, como dixo, por exemplo, nas sentenzas ditadas nos casos *Kokkinakis c. Grecia*, do 25 de maio de 1993 e *Del Río Prada c. España*, do 21 de outubro de 2013.

A continuación, o TEDH aplicará estes principios a este caso.

O TEDH observa que os agresores foron procesados e xulgados. As autoridades actuaron, a diferenza do que ocorreu noutros casos, como en *Identoba c. Xeorxia*. As autoridades tamén consideraron a motivación homófoba da agresión, a pesar de que o Código penal non considera este factor. A este respecto, a demandante non se queixa da investigación levada a cabo, senón da cualificación destes ataques no Código penal. Por iso, o TEDH centrará a súa atención no dereito penal búlgaro e a súa aplicación polos tribunais internos en relación con este caso para comprobar se permite responder axeitadamente aos motivos homófobos do ataque.

O TEDH subliña que non pode actuar como un tribunal interno entendendo que non pode entrar a valorar se as penas impostas aos agresores foron xustas. A tarefa do TEDH consistirá en examinar se o dereito penal búlgaro, tal como se aplicou neste caso, deu lugar a un resultado contraditorio coas exixencias do artigo 14 en relación co artigo 2 do Convenio.

O TEDH pon de relevo que, en relación co dereito penal búlgaro, a morte motivada pola hostilidade cara á vítima pola súa orientación sexual real ou presumida non se considera asasinato agravado nin se considera un crime de gravidade superior.

Esta lagoa non foi compensada polos tribunais internos, que rexeitaron aplicar a agravante de vandalismo. Ademais, o seu razoamento non ofrece claridade acerca do peso que deron ás motivacións homófobas na súa apreciación global da interacción entre os factores individuais atenuantes para a fixación das penas dos dous agresores. O Tribunal Supremo de Casación, pola súa banda, non mencionou a motivación homófoba nas súas resolucións.

A práctica habitual dos tribunais búlgaros para elixir a determinación da pena consiste nunha apreciación global do conxunto dos factores atenuantes e agravantes e non é posible, en principio, acordar un peso específico a un factor.

Aínda que se chegou á conclusión de que a agresión ao fillo da demandante foi motivada polo odio cara aos homosexuais, as xurisdicións búlgaras non derivaron unha consecuencia xurídica tanxible desa constatación.

Desde a perspectiva do TEDH, esta situación explícase principalmente polo feito de que o dereito penal búlgaro non ofrece unha base normativa axeitada.

Por iso, o TEDH condena Bulgaria por unha violación do artigo 14 en relación co artigo 2 CEDH e comínaa, baseándose no artigo 46 CEDH, a que se introduza a agravante de orientación sexual nos delitos de agresión violenta do Código penal.

Os xuíces Tim Eicke (Reino Unido) e Faris Vehabović (Bosnia e Herzegovina) manifestaron unha opinión concorrente. Argumentan que os tribunais internos non cualificaron correctamente os feitos ocorridos. Aínda que o Código penal búlgaro non considera a homofobia como unha agravante, ofrecía ferramentas para reflectir apropiadamente nas sentenzas impostas a natureza homófoba do asasinato do fillo da demandante. Subliñan que os tribunais internos ofreceron unha sanción penal inferior á mínima prevista pola lei.

Os maxistrados recordan que o TEDH subliñou na sentenza *Sabalić* a necesidade de que as autoridades internas demostren o compromiso do Estado co Convenio, asegurando que os ataques homófobos non sexan ignorados polas autoridades competentes e proporcionando unha protección efectiva, mostrando que estes actos en ningún caso poden ser tolerados, en lugar de fomentar unha sensación de impiedade pola comisión de delitos de odio violentos.

Os maxistrados din que as atenuantes identificadas polo Tribunal Supremo búlgaro, á luz da xurisprudencia do TEDH, non permiten a rebaixa da pena. Iso obsérvase claramente en relación coa atenuante baseada na inexistencia de antecedentes penais, pois na determinación dos feitos polos tribunais internos quedou probado que os agresores se reunían habitualmente no parque para agredir homosexuais. Por iso, a atenuante habería que matizala por esta circunstancia obxectiva.

### 3 Dignidade humana e prohibición de discriminación no exercicio do dereito á integridade física e moral fronte a agresións homófobas

#### 3.1 Os Estados teñen a obriga positiva de previr e investigar a violencia por razóns de orientación sexual

Os dereitos e liberdades do Convenio teñen un contido procesual e substantivo. Para que o recoñecemento do dereito sexa real e efectivo, é necesario que o ordenamento considere un procedemento que garanta unha investigación axeitada e que ese procedemento se leve a cabo na práctica cando se dá un suposto de feito na realidade.

Regap



ESTUDIOS

E é que o procedemento constitúe unha garantía fundamental dos cidadáns en todo Estado que pretende ser de dereito. Trátase da cuestión principal subxacente na sentenza ditada no caso *Oganezova c. Armenia*, do 17 de maio de 2022, na que me vou centrar agora.

A demandante é unha cidadá que na actualidade vive en Nacka, Suecia. É unha coñecida activista armenia na defensa a nivel nacional e internacional dos dereitos das minorías sexuais. É copropietaria do bar DIY Club no centro de Yerevan, un lugar en que socializan as persoas LGTBQ+. Tras a retransmisión dunha entrevista en que mencionaba a súa participación nunha marcha do orgullo gai, foi obxecto dunha campaña de ameazas, acoso e intimidación en liña pola súa orientación sexual, o que tivo como colofón o ataque con bombas incendiarias ao seu local. Os agresores ocasionaron danos materiais graves. Tras o atentado, no mesmo mes, o bar e a demandante convertéronse no obxecto dunha agresión continuada case a diario durante máis de dúas semanas por unha serie de individuos. A demandante foi ameazada de morte e sufriu agresións físicas e verbais, tanto en persoa como en liña. Finalmente, a demandante abandonou Armenia e refuxiouse en Suecia, onde solicitou asilo pola persecución que sufría como consecuencia da súa orientación sexual. Dous dos autores do ataque con bombas ao local foron condenados a dous anos de prisión por causar danos intencionadamente á propiedade, así como a unha indemnización a xeito de responsabilidade civil. Non obstante, o tribunal decidiría a suspensión da pena de prisión, solución que foi impugnada sen éxito pola demandante.

Esgotada a vía interna, a demandante acode ante o TEDH alegando unha violación do artigo 3 CEDH en relación co artigo 14 CEDH.

O TEDH comeza a súa argumentación indicando que non é decisivo o feito de que a demandante non sufrise danos físicos como consecuencia do ataque. A demandante converteuse no obxectivo dunha campaña continuada de agresión homófoba que a conduciu a abandonar permanentemente o país en que viviu toda a súa vida, o que afectou aos seus lazos sociais e familiares. Ao avaliar os incidentes en cuestión, o TEDH ten en conta a situación precaria da comunidade LGTBI en si mesma no Estado implicado, como se deduce de varios informes acerca do sentimento xeneralizado cara a esta comunidade. Contra estes antecedentes, a natureza discriminatoria dos feitos e o nivel de vulnerabilidade da demandante, que publicamente se posicionou no grupo sinalado do prexuízo social, era especialmente manifesta. Os ataques tiñan a finalidade de amedrentar a demandante para que desistise do seu apoio público ao colectivo LGTBI, o que incluía o seu activismo na comunidade local rexentando un bar como proxecto en común. Tamén supuxo unha destrución do seu modo de vida, xa que o ataque ao local a privou da súa fonte de ingresos. Estaba claro que o comportamento dos autores do ataque, así como das persoas involucradas no acoso continuado á demandante, estaba premeditado, cunha motivación homófoba, e tiña como finalidade disuadir a demandante de reabrir o local. Ademais, a demandante sufriu enfrontamentos físicos de homes descoñecidos que a ameazaron en persoa e a humillaron.

O TEDH subliña que a angustia e o estrés da demandante se exacerbaría debido ao feito de que a policía non reaccionou axeitadamente e a tempo. As medidas de protección que solicitou para ela mesma e o seu contorno concedéronse unha semana

despois, pero retiráronse aos cinco días sen asegurar que xa non estaban en perigo. A situación en que a demandante se atopou como resultado dos ataques sufridos motivados polo odio homófobo debeu suporlle necesariamente sentimentos de medo, angustia e inseguridade que non son compatibles co respecto da dignidade humana. Por conseguinte, a violencia sufrida alcanza o nivel de gravidade no sentido do artigo 3 tomado en consideración xunto co artigo 14 CEDH.

O TEDH subliña que as autoridades teñen o deber de prever a violencia con motivación de odio, así como de investigar a existencia dun posible vínculo entre un motivo de discriminación e o acto de violencia, tanto físico como verbal. Trátase de obrigas positivas do Estado que derivan dos artigos 3 e 8 CEDH. O TEDH engade que a prevención da violencia por razóns de orientación sexual, así como a obriga de investigar esa relación, poden observarse tamén como responsabilidades positivas baseándose no artigo 14 CEDH, que asegura o recoñecemento igualitario do contido dos artigos 3 e 8 CEDH.

A continuación, o TEDH analizará se houbo unha investigación efectiva do ataque incendiario. Aínda que a policía realizou unha investigación razoablemente expeditiva, non adoptou medidas de investigación no lugar dos feitos. En realidade, identificouse os autores do delito e a posterior detención grazas aos esforzos dos empregados dun negocio próximo e da demandante e os seus achegados. As autoridades non terían, por iso, dificultade ningunha na resolución do caso. Aínda que a motivación de odio era manifesta desde o principio –había probas directas–, o ataque incendiario foi tratado polas autoridades que investigaron os feitos e polos tribunais como un delito ordinario de incendio, o que incidiría na maior levidade das consecuencias legais. Este aspecto fundamental do delito fixo que a agresión sexa invisible e sen implicacións penais.

A existencia da proba neste caso exixía unha aplicación efectiva dos mecanismos do dereito penal interno aptos para dilucidar a motivación homófoba que impulsou este incidente violento e identificar e, se é o caso, castigar axeitadamente os responsables. Non obstante, o dereito penal interno non considera a orientación sexual ou identidade de xénero como unha razón na comisión do delito ou unha circunstancia agravante. Ademais, o artigo 226 do Código penal, que criminaliza a incitación ao odio, non se refire á orientación sexual ou á identidade de xénero. O TEDH censura que Armenia non seguiu a Recomendación da Comisión Europea contra o racismo e a intolerancia nesta materia.

Dado o motivo claro de odio detrás do ataque ao bar e a situación precaria en que se atopa a comunidade LGTBI no Estado, as autoridades debían abordar o tema da discriminación que motivou o ataque incendiario no bar. Non houbo unha aplicación rigorosa da lei. A indiferenza das autoridades internas supón unha conivencia do Estado na comisión do delito. Ademais, como non se realizou unha distinción entre situacións que son claramente diferentes, violouse o artigo 14 CEDH.

As autoridades, polo tanto, non cumpriron coa súa obriga positiva de investigar dun xeito efectivo a motivación homófoba do ataque<sup>8</sup>.

<sup>8</sup> Acerca do contido procesual do artigo 3 CEDH, será de interese a consulta da monografía de ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, I., *Brechas convencionales en España. Un reto constitucional del siglo XXI*, Aranzadi Thomson Reuters, Cizur Menor, 2020, 156 pp.

En relación coa reacción das autoridades tras o ataque ao local e as continuadas agresións e intimidacións homófobas sufridas pola vítima, o TEDH observa que se adoptaron medidas de protección insuficientes que mesmo se retiraron só cinco días despois do seu establecemento por razóns non aclaradas. A decisión de levantalas tería requirido unha reavaliación coidadosa acerca da vixencia dos riscos. As autoridades, polo tanto, non realizaron unha investigación axeitada en relación coas alegacións da demandante.

En canto ao discurso de odio, as agresións verbais consistiron en chamadas á violencia contra a demandante. Tratábase de infraccións de natureza penal. Non obstante, esta posibilidade non estaba considerada no dereito interno. Ademais, tendo en conta os actos de violencia física e verbal en liña, as autoridades deberon avaliar con maior dilixencia os comentarios de odio publicados nas plataformas dixitais. Pola contra, os parlamentarios e os políticos de primeiro nivel realizaron declaracións intolerantes ao apoiar o ataque ao local. A pesar de que o dereito interno prohibe o discurso do odio, a orientación sexual e a identidade de xénero aínda non se inclúen na definición dos delitos de odio malia as recomendacións dos órganos internacionais competentes nesta materia. En consecuencia, as autoridades non ofreceron unha resposta adecuada ao discurso de odio homófobo do que a demandante foi vítima.

Por todo iso, o TEDH conclúe que houbo unha violación do artigo 14 en relación co artigo 3 CEDH.

A liberdade de expresión e de asemblea son dúas liberdades fundamentais para a defensa efectiva dos dereitos das minorías sexuais. Non se deberá impedir a organización de manifestacións de defensa do colectivo LGTB baseándose nunha idea de moral recalcitrante. As manifestacións deben ser garantidas mediante o establecemento dunha protección policial adecuada fronte aos contramanifestantes. No caso contrario, entendemos que as autoridades internas ofrecen un apoio tácito aos últimos.

O TEDH volve coñecer acerca das dificultades extremas que atopan as organizacións de defensa dos dereitos LGTBQ+ para manifestarse libremente na sentenza ditada no caso *Women's Initiatives Supporting Group e Outros c. Xeorxia*, do 16 de decembro de 2021. O caso, en concreto, refírese ao ataque de miles de contramanifestantes, clérigos e membros de organizacións non gobernamentais antiLGTBI, contra manifestantes LGTBI o 17 de maio de 2013, Día Internacional contra a Homofobia, no centro de Tbilisi.

O TEDH considerou, en concreto, que as autoridades non adoptaron medidas para protexer os manifestantes pacíficos a pesar dos riscos asociados á manifestación. Houbo, ademais, imaxes e reportaxes de xornalistas independentes, que reflicten a conivencia da Administración cos autores dos actos de violencia. O TEDH non exclúe a posibilidade de que a escalada de violencia estea influída pola ausencia dunha investigación obxectiva sobre os ataques á comunidade LGTBI sucedidos durante os actos do ano anterior, que foron obxecto da sentenza de condena do TEDH *Identoba e Outros c. Xeorxia*, do 12 de maio de 2015.

O TEDH decidiu, por unanimidade, que houbo unha violación do artigo 3 en relación co artigo 14 CEDH debido a que as autoridades non protexeron os manifestantes



pacíficos da agresión homófoba e tránsfoba e de non levar a cabo unha investigación axeitada. Ademais, declarou unha violación do artigo 11 en relación co artigo 14 CEDH.

Outro exemplo de abusos contra as minorías sexuais ofrécenolo a sentenza *Aghdgomelashvili e Japaridze c. Xeorxia*, do 8 de outubro de 2020. Un grupo duns 17 policíaos vestidos con roupa de paisano entraron na oficina da organización non gobernamental LGTB The Inclusive Foundation, na cal se realizaban os preparativos para a organización dunha exhibición artística. Os policíaos comunicaron que lles ían realizar un rexistro, sen mostrar unha orde xudicial.

As demandantes, que traballan para a ONG, e os seus compañeiros, alegan que os axentes de policía, ao darse conta de que se atopaban nunha organización LGTB, se volveron agresivos. Un dos axentes incautouse forzosamente do seu móbil, mentres que outro dixo que desexaba prender lume á oficina. Os policíaos insultaron as mulleres presentes, chamándolles “enfermas”, “pervertidas” e “tortilleiras”, e ameazounas con difundir a súa orientación sexual, o cal é especialmente grave neste país tendo en conta o rexeitamento que a sociedade en xeral sente cara ás minorías sexuais.

As axentes de policía mulleres cachearon case todas as mulleres presentes, como as demandantes. As vítimas sentiron que o cacheo se realizou para humillar, xa que as axentes non buscaron na roupa que lles obrigaron a quitar.

A querela presentada polas demandantes en xaneiro de 2010 está pendente de solución no momento en que se dita esta sentenza.

Baseándose no artigo 3 (prohibición dos tratos inhumanos ou degradantes) e 14 (prohibición de discriminación), as demandantes alegan que a policía as someteu a malos tratos físicos e mentais con connotacións claramente homófobas e tránsfobas, ignoradas no seo da investigación posterior.

O TEDH en primeiro lugar resalta que, en 10 anos, non se desenvolveu unha investigación efectiva acerca da motivación homófoba e tránsfoba do rexistro da sede da organización e o cacheo das demandantes. Esta pasividade enténdese no contexto da hostilidade, ben documentada, das autoridades de Xeorxia cara á comunidade LGTBBIQ+.

Por iso, considera que houbo unha violación do artigo 3 en relación co 14 desde unha perspectiva procesual.

A continuación, o TEDH establece se o Estado é responsable polos abusos alegados durante o rexistro. O TEDH considera que a versión dos feitos das demandantes, que o Goberno non rebateu e foi confirmada por testemuñas presenciais, se probou máis alá de toda dúbida razoable.

A actitude dos axentes, motivada polo odio homófobo e tránsfobo, foi groseiramente inapropiada. Os axentes non só quixeron humillar e degradar as demandantes co seu discurso do odio, senón que ademais as ameazaron. Os rexistros corporais, ademais, tiveron especial gravidade. Tiñan como finalidade avergonzar e castigar as demandantes pola súa vinculación a unha asociación da comunidade LGTBI.

Os axentes, co seu comportamento, tiveron que provocarlles sentimentos de medo, angustia e inseguridade ás demandantes que non son compatibles co respecto da súa dignidade humana. Por iso, conclúe que houbo unha violación do artigo 3 en relación

Regap



ESTUDIOS

co 14 tamén desde unha perspectiva substantiva. E recoñeceu unha indemnización de 2.000 euros para cada demandante por danos non pecuniarios.

En fin, este clima de violencia contra as minorías sexuais apoiada directa ou indirectamente polas administracións públicas e os xuíces e tribunais de Xeorxia xerou correntes de refuxiados cara a países do oeste de Europa.

Como apuntei máis arriba, a educación en materia de igualdade, en concreto por razón de orientación sexual e identidade de xénero, é fundamental para previr a homofobia e a transfobia. Pola contra, a ausencia desta materia na escola e a presenza de profesores pouco sensibles ou hostís cara á diversidade sexual pode implicar a perpetuación de actitudes homófobas desde idades temperás. Será fundamental a protección integral da infancia de conformidade coas ordes internacionais. A este respecto, cabe indicar que a Resolución 1728 (2010) da Asemblea Parlamentaria (Consello de Europa) sobre discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, á que me referín anteriormente, sinala que é importante non criticar a orientación sexual percibida ou declarada dos mozos, especialmente dos menores de dezaoto anos, e de recoñecer que calquera humillación ou trato degradante por este motivo pode danar o seu benestar e desenvolvemento persoal de por vida. Estas ideas son fundamentais para previr comportamentos homófobos entre os menores de idade, como ocorreu no caso formulado na sentenza *Genderdoc-M e M.D. c. a República de Moldavia*, do 14 de decembro de 2021. A primeira demandante é unha asociación inscrita en Chişinău. Representa os intereses das persoas LGBT na República de Moldavia. O segundo demandante vive en Bălţi.

O Tribunal de Distrito de Bălţi ditou unha sentenza o 9 de xuño de 2014 pola que condenou a M. por discurso do odio e incitación á discriminación contra homosexuais ao realizar unha chamada, nunha declaración pública, a non contratalos no sector educativo, médico e alimentario, argumentando, falsamente, que o 92 % dos homosexuais teñen o virus da inmunodeficiencia humana (VIH). O tribunal ordenoulle retractarse e indemnizar a Genderdoc-M cunha multa de 10.000 lei moldavos e 12.564 polas custas.

Non obstante, M. daría unha rolda de prensa indicando que pediría desculpas aos cristiáns e non aos homosexuais xa que en realidade non están infectados co VIH o 92 % de homosexuais, senón o 95 % e que moitos deles constituían un perigo para a sociedade.

A asociación interpuxo unha querela contra M. Os tribunais concluíron que as expresións pronunciadas por M. non constituían un delito.

Por outro lado, o segundo demandante foi agredido física e verbalmente o 5 de outubro de 2014 por un grupo de 12 a 14 menores, chamándolle gai. Os agresores subiron o vídeo do ataque a Internet. Como consecuencia diso, foi agredido en varias ocasións por persoas que o identificaron pola rúa nos días posteriores. O demandante sufriu lesións como consecuencia das agresións, aínda que serían minimizadas polos médicos que o atenderon. Os tribunais dixeron que o demandante sufrira violencia, pero non consideraron que sufrise discriminación.

O TEDH comeza a súa argumentación subliñando que as autoridades teñen o deber de previr os actos de violencia motivados polo odio realizados, así como investigar a

existencia dun posible vínculo entre un motivo discriminatorio e o acto de violencia, o que fai referencia ao aspecto procesual do artigo 3 CEDH e ao de asegurar os valores fundamentais do artigo 3 CEDH sen discriminación, baseándose nas obrigas positivas que derivan do artigo 14 CEDH.

Neste caso, á vista das alegacións do segundo demandante acerca da violencia sufrida con insultos homófobos, o TEDH di que tivo a suficiente gravidade para considerala tratos inhumanos ou degradantes baseándose no artigo 3 CEDH e que as autoridades non investigaron a cuestión. Por iso, o TEDH analizará as queixas dos demandantes desde a perspectiva do artigo 3+14 CEDH.

O artigo 3 CEDH non só cobre o maltrato físico, senón tamén o maltrato psicolóxico. Así, o maltrato pode cualificarse como degradante cando provoca na vítima sentimentos de medo, angustia e inferioridade capaces de humillalos e degradalos, como dixo nas sentenzas ditadas nos casos *Gäfgen c. Alemaña*, do 1 de xuño de 2010 e *Eremia c. a República de Moldavia*, do 28 de maio de 2013. O TEDH ademais recorda que o trato discriminatorio en si mesmo pode, en principio, supor un trato discriminatorio no sentido do artigo 3 CEDH, aínda que novamente se exige un nivel de gravidade tal que constituía unha afronta á dignidade humana. Máis especificamente, *o trato que se basea nun nesgo predisposto por parte dunha maioría heterosexual contra unha minoría homosexual pode, en principio, atraer a aplicabilidade do artigo 3*, como dixo na sentenza ditada no caso *Smith e Grady c. o Reino Unido*, do 27 de setembro de 1999. As apreciacións discriminatorias e os insultos deben ser considerados como un factor agravante ao avaliar uns malos tratos á luz do artigo 3. Ao analizar a proba nunha demanda sobre violación do artigo 3 do Convenio, o TEDH aplica o estándar “máis alá de toda dúbida razoable”, entendendo que deberá darse a coexistencia de inferencias suficientes, claras e concordantes ou presuncións de feito irrefutables, como dixo na sentenza ditada no caso *Farbtuhs c. Letonia*, do 2 de decembro de 2004.

O artigo 1 do Convenio, interpretado xuntamente co artigo 3, exíxelles aos Estados protexer calquera persoa que se atope no seu territorio de todo tipo de malos tratos dos que teña –ou deba ter– coñecemento, o que exige, ademais, unha axeitada investigación das alegacións de violencia, obriga que non é de resultado, senón de medios. Os Estados deben adoptar as medidas que sexan necesarias nun prazo razoable na investigación das alegacións de tratos inhumanos ou degradantes.

Os Estados, ao investigar incidentes violentos, como os malos tratos, teñen o deber de adoptar todos os pasos razoables. Neste caso en concreto, o TEDH observa que non houbo unha investigación efectiva e que o Estado encubriu a agresión coa súa pasividade. Por iso, conclúe que o Estado non cumpriu as súas obrigas positivas en relación cos artigos 3+14 CEDH.

Trátase dunha sentenza moi relevante se temos en consideración, ademais, que polo menos os primeiros agresores de M.D. eran menores, o que non exime o Estado da súa obriga de investigar e dar unha resposta *axeitada* á gravidade dos feitos.

Regap



ESTUDIOS

### 3.2 Abuso de dereito: as normas referidas aos dereitos fundamentais non deberán interpretarse a favor do agresor e en detrimento da vítima

Pavla Sabalić é unha cidadá croata que vive en Zagreb. Unha noite, mentres se atopaba cunhas amigas nunha discoteca, un home, M.M., agrediuna tras rexeitar as súas insinuacións dicíndolle que non lle gustaban os homes, que era lesbiana. M.M. comezou a insultala berrando, por exemplo, “teríanvos que matar a todas”! ou “voute f..., lesbiana!”. A continuación, agrediu fisicamente a demandante. A demandante tería que ser levada ao hospital para curar as feridas. O agresor foi sancionado cunha multa leve de 40 euros polo quebranto da paz social e a orde pública<sup>9</sup>.

A demandante non tivo coñecemento dese proceso. En calquera caso, interpuxo unha querela alegando que fora vítima dun delito violento de odio e discriminación. A súa solicitude sería desestimada, pois entendeuse que M.M. xa fora sancionado e que non cabía unha nova sanción polos mesmos feitos, baseándose na prohibición do *bis in idem*.

Esgotada a vía interna, a demandante acode ante o TEDH alegando unha violación do artigo 3 (prohibición dos tratos inhumanos e degradantes) en relación co artigo 14 (prohibición de discriminación). Razo a que o procedemento por unha infracción leve de orde pública non considerou o compoñente de delito de odio polo que o agresor quedou impune. A demandante tamén alega o artigo 13 CEDH. Como veremos, os límites á prohibición do *bis in idem*, considerados no artigo 4 do Protocolo n. 7, que non alegou a demandante, serán decisivos para a solución do caso.

As asociacións e organizacións non gobernamentais Zageb Pride, European Region of the International Lesbian, Gay, Bisexual, Trans e Intersex, Advice on International Rights in Europe Centre e International Commission of Jurists participaron como terceiras partes intervenientes.

O TEDH, na sentenza *Sabalić c. Croacia*, do 19 de xaneiro de 2021, en primeiro lugar, estuda se o artigo 3 CEDH é aplicable. Para iso, baseándose na súa doutrina, determinará se se deu o mínimo de gravidade requirido. A avaliación dese mínimo dependerá da duración da agresión, o seu efecto físico e psicolóxico e, nalgúns casos, o sexo, a idade e o estado de saúde da vítima. Pódense considerar outros factores como a intención ou a motivación, así como o contexto en que a agresión se deu.

Como antes apuntei, a agresión que atinxe ao mínimo de gravidade exixible para a aplicabilidade do artigo 3 normalmente inclúe o dano corporal ou un sufrimento físico ou mental intenso. Porén, no caso de que estes aspectos non concorran, cando os malos tratos se refiren a unha humillación ou degrada unha persoa, mostrando unha falta de respecto ou unha inxerencia na súa dignidade humana, ou esperta sentimentos de medo, angustia, ou inferioridade aptos para minar a integridade moral e psicolóxica dunha persoa, pode considerarse tamén degradante, polo que sería aplicable a prohibición do artigo 3. O TEDH a continuación resalta que pode ser

<sup>9</sup> Acerca da vaguidade deste concepto, remítome á monografía de GONZÁLEZ BOTIJA, F., *Orden público y libertad*, Atelier, Barcelona, 2018, 382 pp.

suficiente que a vítima se vexa humillada a si mesma, aínda que os demais non teñan esta percepción (parágrafo 64 *in fine*). Trátase, sen dúbida, dun grande avance na cualificación das agresións baseadas en motivos de discriminación, xa que a agresión non quedará condicionada pola variada percepción que se poida ter nas diferentes sociedades e nos ordenamentos nacionais acerca da orientación sexual ou a maior ou menor tolerancia cara á motivación homófoba da violencia alimentada por unha combinación de comportamentos sociais discriminatorios no contexto dunha cultura dominante e o discurso do odio que lexítima e promove a discriminación baseada na intolerancia.

O TEDH observa, nesta mesma orde de consideracións, que os autores da agresión poden ter motivos mixtos influídos por factores situacionais tan intensos como os propiciados pola homofobia.

Neste caso, o TEDH constata que, de conformidade coa versión dos feitos ofrecida pola policía no lugar no que se produciron, así como polas declaracións da vítima e as testemuñas, e a investigación xudicial levada a cabo, a demandante foi agredida por M.M. cando expresou a súa orientación sexual. No informe policial consta que M.M. primeiro agarrou a demandante coas dúas mans e empurroua contra unha parede e logo comezou a golpeala por todo o corpo e, cando caeu ao chan, continuou pateándoa. O ataque concluíu cando unha das amigas da demandante disparou a súa pistola de gas para asustar o agresor. Como consecuencia da agresión, a demandante sufriu contusións na cabeza, un hematoma na fronte, traumatismos na cara, na fronte e na zona arredor dos labios, tensión no pescozo, contusión no peito e traumatismos nas palmas e nos xeonllos.

Por todo iso, o TEDH considera que o ataque tiña como finalidade menoscabar a súa integridade e dignidade, polo que considera que o artigo 3 CEDH é aplicable.

O TEDH observa que o dereito interno ofrece ferramentas para investigar os actos violentos con motivación de odio por razón de orientación sexual. A demandante fundamenta a súa demanda na ausencia dunha resposta efectiva por parte das autoridades internas ao delito de odio violento que sufriu.

O TEDH constata que inicialmente as autoridades actuaron correctamente. En efecto, a policía compareceu no lugar dos feitos, tomoulles declaración ás testemuñas e realizou un informe en que se describía a agresión. O ordenamento interno exige que nestes casos a policía actúe de oficio e presente unha querela. No entanto, a policía canalizou o caso mediante un proceso de delitos leves por alteración da paz social e a orde pública. Finalmente, o agresor foi sancionado cunha multa de 40 euros, polo que a agravante de discriminación por razón de orientación sexual foi ignorada.

O TEDH, baseándose no principio de subsidiariedade, espera que os tribunais nacionais ofrezan solucións xustas compatibles co estándar mínimo de protección dos dereitos humanos establecido no Consello de Europa. Neste caso, o TEDH observa que a sanción imposta é irrisoria en relación coa gravidade da agresión. Trátase, polo tanto, dunha resposta claramente desproporcionada en prexuízo da vítima da agresión. O Goberno a este respecto alegou que a sanción leve de orde pública supuxo unha barreira formal para a imputación penal de M.M. polo acto violento de odio baseándose no principio *non bis in idem*.

Regap



ESTUDIOS

O TEDH, pola contra, observa que as autoridades internas, ao promoveren innecesariamente o proceso de faltas, menoscabaron a posibilidade de ofrecer unha resposta penal axeitada á gravidade da agresión cometida.

Como non se tiveron en consideración os motivos de discriminación por razón de orientación sexual na determinación do castigo polos delitos de odio violentos, o TEDH observa que se deron vicios esenciais no procedemento baseándose no artigo 4.2 do Protocolo n. 7 ao CEDH. En efecto, aínda que o primeiro parágrafo deste precepto prohibe sancionar dúas veces polos mimos feitos, no parágrafo 2.º establece a excepción que se dará cando houberse vicios esenciais no procedemento. Vexamos, en concreto, a redacción dos dous parágrafos:

*“1. Ninguén poderá ser perseguido ou condenado penalmente polos tribunais do mesmo Estado por unha infracción pola que xa fose absolto ou condenado en virtude de sentenza firme conforme a lei e o procedemento penal dese Estado.*

*2. O disposto no parágrafo anterior non impedirá a reapertura do proceso, conforme a lei e o procedemento penal do Estado interesado cando feitos novos ou ulteriormente coñecidos ou un vicio esencial no procedemento anterior puidesen afectar á sentenza ditada”.*

Neste caso, as autoridades internas non ofreceron unha solución axeitada ao caso. Non lle ofreceron á demandante un resarcimento xusto anulando, por exemplo, o procedemento de faltas e o reexame do caso. As autoridades internas, di o TEDH, non cumpriron co seu deber de combater a impunidade de delitos de odio de conformidade cos estándares do Convenio. Por todo iso, o TEDH considera que houbo unha violación do artigo 3 en relación co artigo 14 CEDH.

Por conseguinte, a prohibición do *bis in idem*, un dereito humano recoñecido no sistema de Estrasburgo ao servizo dunha sociedade democrática non deberá utilizarse, precisamente, para menoscabar os fundamentos do Convenio. Neste caso, o proceso penal axeitado á gravidade da agresión cometida non debeu quedar desprazado polo proceso administrativo de faltas en favor da protección dos dereitos da vítima, polo que a sanción pola alteración da orde pública debemos considerar, á luz do razoamento do TEDH, que presenta un vicio esencial –trataríase dun acto nulo de pleno dereito, como diríamos en España–, xa que lesiona, de xeito reflexo, os dereitos fundamentais da vítima, mentres que favorece inxustamente o autor do delito<sup>10</sup>.

<sup>10</sup> O TEDH, como comprobamos, soluciona o caso baseándose nos límites á prohibición do *bis in idem* para apoiar a conclusión de que houbo unha discriminación na prohibición dos tratos inhumanos e degradantes. Tal como se formularon os feitos e se resolveu na vía interna, parece a solución máis razoable. Non obstante, cabe considerar que a concorrencia do proceso administrativo e penal neste caso non tería implicado unha violación do *non bis in idem* tendo en conta que as normas aplicables atenden bens xurídicos diferentes. Ao respecto, remítome aos traballos de BUENO ARMIJO, A., “La esperada rectificación de la doctrina sobre el *ne bis in idem* procesal del Tribunal Europeo de Derechos Humanos. La ¿inevitable? STEDH de 14 de enero de 2021, Sabalic c. Croacia, rec. n. 50231/13”, Calzadilla Medina, M.ªA. e Martín Quintero, R. (dirs.); Franco Escobar, S. (coord.), *El Derecho de la Unión Europea ante los objetivos de desarrollo sostenible*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2022, pp. 677-699; e CANO CAMPOS, T., “Los claroscuros del *non bis in idem* en el espacio jurídico europeo”, Rebollo Puig, M., Huergo Lora, A., Guillén Caramés, J. e Cano Campos, T. (dirs.), *Anuario de Derecho Administrativo Sancionador 2022*, Thomson-Civitas, Cizur Menor, 2022, pp. 27-69.

Polo demais, tendo en conta o razoamento ofrecido en relación cos artigos 3+14 CEDH, o TEDH considera innecesario resolver baseándose no artigo 13 CEDH considerado illadamente.

## 4 Cirurxías a menores intersexuais

A reasignación de xénero sen consentimento constitúe unha interferencia no dereito á integridade física, polo que os ordenamentos nacionais deberán respectar a libre autonomía da vontade das persoas, especialmente das persoas transexuais e intersexuais, como di o TEDH na Decisión de inadmisión *M. c. Francia*, do 26 de abril de 2022, que comentarei a continuación.

A demandante é unha persoa intersexual nacida en 1977 que sufriu na súa infancia e adolescencia operacións cirúrxicas e tratamentos médicos de feminización. Indica que lle causaron graves problemas psicolóxicos e psiquiátricos e a declaración de traballador discapacitado, o que lle impide atopar un traballo estable. Padece dificultades de inserción social e económica.

A demandante subliña que os seus pais recibiron unha información incompleta e falaz no momento do seu nacemento e que a decisión de asignarlle o sexo feminino se adoptou cando era demasiado nova para consentir. Non foi informada da finalidade dos tratamentos que lle administraron. Non tivo coñecemento diso ata o ano 2000. Ata 2014 non soubo o motivo do seu estado nin a finalidade das operacións.

A demandante denunciou en 2015 ante o Tribunal de Grande Instancia, o cal inadmitiu a denuncia ao considerar que en 2005 prescribira o seu dereito de acción.

Baseándose no artigo 3 CEDH, a demandante di que non houbo unha investigación oficial e efectiva en relación cos feitos que relata e denuncia o incumprimento por parte do Estado da súa obriga de adoptar medidas efectivas de protección contra os malos tratos que se lle inflixiron.

O TEDH comeza a súa argumentación indicando que os asuntos referidos a tratamentos médicos poden ser examinados baixo o ángulo do artigo 8 do Convenio, o que inclúe os tratamentos inflixidos sen consentimento do paciente.

En canto á aplicabilidade do artigo 3, o TEDH considera que un maltrato debe ter un mínimo de gravidade. A apreciación dese mínimo é relativa. Depende dun conxunto de circunstancias, especialmente da duración do tratamento e dos seus efectos físicos ou mentais, así como da idade, do sexo e do estado de saúde da vítima e da súa situación de vulnerabilidade. Aínda que a intencionalidade no dano inflixido á vítima é un criterio para considerar a aplicabilidade do artigo 3, non é determinante.

Un acto de natureza médica sen necesidade terapéutica e sen o consentimento claro da persoa pode constituír un maltrato no sentido do artigo 3. En relación co primeiro, unha medida ditada por unha necesidade terapéutica segundo as concepcións médicas establecidas non sería en principio un trato inhumano ou degradante. A necesidade médica debe ser entón demostrada de xeito convincente. Se se adopta unha medida médica necesaria para evitar un desenlace fatal sen o consentimento do paciente, se é adulto e con facultades para consentir validamente, constitúe unha

violación do dereito á integridade física da persoa. Se o paciente é menor, o seu representante legal debe ofrecer un consentimento claro.

A esterilización dunha persoa practicada sen finalidade terapéutica, así como a mutilación dos xenitais sen consentimento claro, é en si mesmo incompatible co respecto da liberdade e da dignidade humana e constitutiva dun trato contrario ao artigo 3 CEDH.

O TEDH reserva para si a cuestión acerca de se, á luz das consideracións anteriores, o suposto de feito sucedido, isto é, os actos médicos de conformación sexual obxecto deste asunto, encaixan no suposto do artigo 3, xa que non pode admitir o asunto porque non se esgotou a vía interna.

## 5 Prohibición de discriminación no exercicio do dereito ao respecto da vida privada e familiar

### 5.1 Insultos homófobos

Novamente hai que insistir na idea de que a aplicación do ordenamento xurídico debe ser efectiva por parte das administracións públicas, para o que deberán adoptarse as medidas *ex ante* máis adecuadas para protexer os dereitos fundamentais, como o dereito á seguridade e a libre asemblea pacífica. E, cando as medidas preventivas fracasan, deberá considerarse unha solución de reparación equitativa.

Na sentenza ditada no caso *Asociación ACCEPT e Outros c. Romanía*, do 1 de xuño de 2021, os demandantes son unha organización sen ánimo de lucro e cinco cidadáns romaneses. A asociación fundouse no ano 2000 en Bucarest. Naceu coa finalidade de atender e promover fins sociais relacionados coa defensa dos intereses das persoas lesbianas, gais, bisexuais e transexuais do país.

No transcurso do Mes da Historia LGTBI que organizou a asociación en 2013, ofreceu a filmación dunha película sobre unha familia LGTBI. Os outros cinco demandantes asistiron ao encontro. A asociación tivo coñecemento da convocatoria dunha protesta en contra deste acto, polo que solicitaron protección á policía. Por iso, o día da filmación compareceron no cinema dez axentes de policía e o xefe da comisaría. Permaneceron nun corredor xunto a unha sala.

Mentres se proxectaba a película, presentáronse uns 50 manifestantes. Entraron no auditorio e interromperon a proxección. Berraban insultos como “morte aos homosexuais!”, “maricóns!”, entre outros. Estaban relacionados co movemento extremista Nova Dereita (Noua Dreaptă), que se opón ao matrimonio entre persoas do mesmo sexo e á adopción por parellas LGTBI. De feito, algúns dos delincentes levaban bandeiras con símbolos da extrema dereita e simboloxía doutro partido que foi ilegalizado en 2015. A policía entrou na sala de cinema, requisou as bandeiras e demais parafernalia extremista e marcharon a pesar de que os demandantes lles pediron que permanecesen. Como os manifestantes bloquearon o proxector, os organizadores finalmente non puideron continuar vendo a película, co que cancelaron o acto.



Os informes policiais non fixeron referencia á homofobia como motivo da protesta. Apuntaron que se deu un “intercambio de ideas”. A investigación acerca do emprego de simboloxía fascista finalmente tampouco prosperou. Os demandantes presentarían recursos ante os tribunais, pero as súas pretensións serían desestimadas.

Os demandantes acoden ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos alegando unha violación dos artigos 3 (prohibición dos tratos inhumanos e degradantes), 8 (dereito ao respecto da vida privada e familiar) e 14 (prohibición de discriminación). En concreto, lamentan que as autoridades internas non os protexesen fronte á agresión que sufriron o día en que se produciron os feitos. Quéixanse tamén dun tratamento parcial e prexuízoso pola súa orientación sexual. Baseándose no artigo 11 (liberdade de asemblea e asociación), lido illada e xuntamente co artigo 14, din que as autoridades non protexeron o seu dereito de asemblea pacífica. Baseándose no artigo 13 (dereito a un recurso efectivo), os demandantes din que non dispuxeron dun recurso efectivo.

O TEDH comezará a súa argumentación observando que a intervención da policía foi mínima, de tal maneira que non evitou a agresión e que nos informes policiais non se fai referencia ningunha aos insultos homófobos nin, polo tanto, á homofobia que motivou a agresión.

Por outro lado, o TEDH considera que as autoridades internas deberon investigar o caso como un delito de odio e que o proceso se prolongou excesivamente, máis de catro anos, sen razón obxectiva suficiente, o que denota a indiferenza cara á agresión sucedida. Ademais, observa que nos informes policiais se utiliza unha linguaxe pouco neutral. Reflicten que houbo discusións, intercambios de ideas entre “simpatizantes” de organizacións de extrema dereita e “seguidores” das relacións de persoas do mesmo sexo, co que se minimizaba a gravidade da agresión. Segundo o TEDH, esta linguaxe carecía de neutralidade e puña en perigo a efectividade do proceso interno.

O TEDH conclúe, por todo iso, que as autoridades internas non ofreceron unha protección adecuada en relación coa dignidade dos demandantes e, máis amplamente, coa súa vida privada, e que non investigaron efectivamente a natureza real da agresión homófoba sufrida. As autoridades discrimináronos por razón da súa orientación sexual, polo que houbo unha violación do artigo 14 en relación co artigo 8 CEDH.

En relación cos artigos 3 e 14 CEDH, o TEDH observa que, aínda que os demandantes puideron experimentar sufrimento psicolóxico debido aos insultos homófobos, a agresión non implicou violencia física, polo que non alcanza o mínimo de gravidade exixible para considerar a aplicabilidade do artigo 3 CEDH, o que diferencia o caso dos referidos, por exemplo, na sentenza *Identoba e Outros c. Xeorxia*, do 12 de maio de 2015, en que si houbo danos á integridade física e ameazas, ademais de insultos homófobos. En fin, o TEDH considera que non houbo violación do artigo 3 CEDH en relación co artigo 14 CEDH.

Polas mesmas razóns, conclúe que houbo unha violación do artigo 11 en relación co artigo 14 CEDH.

Regap



ESTUDIOS

## 5.2 Protección de datos e doazóns de sangue

Na sentenza ditada no caso *Drelon c. Francia*, do 8 de setembro de 2022, o demandante, Laurent Drelon, intentou doar sangue nun punto de recollida do servizo francés de doazón de sangue. Nunha entrevista médica preliminar preguntóuselle se algunha vez tivera relacións sexuais con outro home. Negouse a contestar e a súa solicitude de doar sangue foi rexeitada. Durante a entrevista, os seus datos persoais foron introducidos nunha base de datos. A entrada mostraba que se lle aplicou a contraindicación para doar sangue que identifica os homes que mantiveron relacións sexuais con outros homes mediante o código FR08. Uns meses despois, o demandante fixo unha nova solicitude, pero indicáronlle que estaba excluído da posibilidade de doar sangue baseándose no código antes indicado.

O demandante presentaría unha querela por discriminación facendo referencia ás denegacións das súas solicitudes para doar sangue e porque o servizo de doazón inscribiu a súa presunta homosexualidade.

O xuíz instrutor rexeitou iniciar unha investigación penal. O tribunal de apelación dixo que o xuíz de instrución debeu analizar se a gravación dos datos do demandante podía constituír unha infracción tipificada no Código penal.

O tribunal de casación desestimaría o seu recurso, xa que considerou que a recollida de datos practicada se realizou de conformidade coa normativa aplicable.

O demandante presentou unha nova solicitude en 2016, que lle sería denegada polos mesmos motivos. Ao parecer, a norma aplicable variara, mantendo o mesmo contido. Presentaría tamén un recurso ante o Consello de Estado. Solicitou a eliminación do criterio polo que se lle denegou doar sangue na nova norma. O Consello de Estado rexeitou a súa solicitude baseándose nos datos estatísticos e epidemiolóxicos e á luz do coñecemento científico. Por iso, considerou que o Ministerio de Saúde non adoptou unha medida discriminatoria ao contraindicar a doazón de sangue durante 12 meses dos homes que tiveron relacións sexuais con outros homes.

Baseándose no artigo 8 CEDH (dereito ao respecto da vida privada e familiar), o demandante di que os datos que reflicten a súa presunta orientación sexual foron tomados e almacenados polo servizo francés de doazón de sangue en condicións que supoñen unha violación do Convenio. Baseándose nos artigos 8 e 14 CEDH, quéixase da denegación das súas solicitudes de doar sangue.

O TEDH comeza a súa argumentación indicando que a inxerencia sufrida polo demandante estaba prevista na lei. A continuación, indica que, á vista da sensibilidade dos datos persoais recollidos, é especialmente importante que se respecten os requisitos considerados no artigo 5 do Convenio do Consello de Europa para a protección das persoas con respecto ao tratamento automatizado de datos de carácter persoal, do 28 de xaneiro de 1981. Os datos deben ser precisos, actualizados, apropiados, relevantes, non excesivos en relación coas finalidades do procesamento dos datos, e o seu almacenamento non debe exceder o período necesario. O TEDH, ademais, observa que os datos en cuestión neste caso, que afectan á privacidade do demandante, foron recollidos sen o seu consentimento expreso, o que exige un exame estrito.

O TEDH subliña que a Administración lle atribuíu á entrada de datos do demandante unha contraindicación específica aos homes que teñen sexo con homes, debido, unicamente, a que se negou a contestar preguntas sobre a súa vida sexual durante a entrevista médica previa á doazón. Ningún dos elementos que se remitiron á avaliación do doutor permiten entender esta conclusión da súa conduta sexual. O TEDH conclúe que os datos recollidos se basearon nunha mera especulación e non nuns feitos probados, e que iso non é apropiado. Coa finalidade de alcanzar o obxectivo da salubridade do sangue, sería suficiente con manter simplemente unha indicación acerca da negativa do interesado de responder preguntas acerca da súa sexualidade, xa que este factor xustifica a negativa a aceptar doazóns de sangue polo interesado.

Ademais, o TEDH observa que o Goberno non acreditou que os datos se almacenarían unicamente o tempo necesario para as finalidades a acometer.

Por todo iso, o TEDH considera que a recollida e retención dos datos persoais en cuestión constituíu unha violación do artigo 8 do Convenio.

Como sinalei antes, o demandante tamén alegou unha violación do artigo 8 CEDH en relación co artigo 14 CEDH. O TEDH subliña que a argumentación do demandante se centraba na contraindicación temporal de doar sangue que se aplica a homes que mantiveron relacións sexuais con homes, establecida na norma interna aplicable. A este respecto, o TEDH observa que, malia haber Estados en que esta contraindicación se refire a homes que manteñen prácticas sexuais de risco con outros homes, como sería o caso de Francia, o Reino Unido, Suecia, Finlandia ou Hungría, noutros Estados como España, Italia ou Polonia, unicamente se refiren a relacións sexuais de risco sen realizar unha indicación específica a homes homosexuais. En calquera caso, o TEDH observa que, no asunto presente, a norma aplicable que lle impedía doar ao demandante cando presentou a última solicitude non entrara en vigor aínda, co que a súa solicitude non sería aceptada baseándose no procedemento anterior que o TEDH considerou viciado. Por iso, o TEDH decide non resolver en relación cos artigos 14+8 CEDH. Esta alegación queda cuberta pola condena polo artigo 8 CEDH baseándose na argumentación glosada máis arriba, conclúe o TEDH.

### 5.3 Responsabilidade parental e dereitos de custodia

A aceptación xeneralizada dun modelo de familia convencional fronte a novos modelos de familias nunha sociedade especialmente conservadora non constitúe unha xustificación suficiente para menoscabar o dereito á igualdade de trato no respecto ao dereito ao respecto da vida familiar, de conformidade cos estándares europeos. Na sentenza ditada no caso *X. c. Polonia*, do 16 de setembro de 2021, a demandante comezou unha relación sentimental con outra muller e divorciouse do seu exmarido, Y. Os pais de X non estaban de acordo coas súas decisións e solicitaron xudicialmente a custodia dos seus fillos. A pesar de que o tribunal de distrito lles concedeu unha custodia temporal, en apelación o tribunal recoñeceu a garda e custodia a X.

Y interporía un recurso ante o tribunal de distrito que decidiría ao seu favor tras analizar as súas capacidades para coidar dos nenos. Nesa avaliación, o tribunal

REGAP



ESTUDOS

preguntoulle directamente a Y se mantiña relacións sexuais coa súa nova parella. A demandante impugnaría sen éxito ata esgotar a vía interna.

O TEDH observa que os tribunais internos lle outorgaron ao pai a custodia dos nenos debido á orientación sexual de X. Trátase dunha diferenza de trato que non atende a xustificacións obxectivas nin razoables tendo en conta que se recoñeceu que X e Y tiñan capacidades similares para cumprir coas súas obrigas parentais. Por iso, conclúe que houbo unha violación do artigo 14 en relación co artigo 8 CEDH.

## 6 Dereito de asociación e liberdade de asemblea

Para finalizar, voume referir ás últimas sentenzas de condena a Rusia pola restrición inxustificada da liberdade de asemblea. Trátase dunha situación que se vén prolongando no tempo e que parece que se consolidou polo momento coa expulsión de Rusia do Consello de Europa debido á invasión e ataque militar a Ucraína. A esperanza de que poida concluír o conflito e unha volta á democracia deste país axudaría á recuperación dos dereitos e liberdades dos seus cidadáns.

Na sentenza ditada no caso *Alekseyev e Outros c. Rusia*, do 27 de novembro de 2018, o primeiro demandante é un coñecido activista ruso que defende os dereitos do colectivo LGTBI fronte á política e normativa rusa que promoveu e consolidou a regresión dos avances alcanzados polas minorías sexuais no país. Non en van, xa obtería a razón previamente ante o TEDH por feitos similares, que a continuación vou glosar<sup>11</sup>. Neste caso, o demandante refírese ás actividades relacionadas co Orgullo LGTBI dos anos 2009 a 2014, os dous incluídos.

O TEDH comeza a súa argumentación indicando que se trata dun suposto de feito recorrente, polo que os principios ao respecto se atopan na súa xurisprudencia. Cabe citar neste sentido o precedente *Alekseyev c. Rusia*, do 21 de outubro de 2010, así como, por exemplo, *Bączkowski c. Polonia*, do 3 de maio de 2007.

Tras analizar o expediente, o TEDH observa que non hai ningún feito ou argumento que lle permita alcanzar unha conclusión diferente á que se chegou nos casos anteriores. Neste sentido, o TEDH recorda que non hai unha necesidade social imperiosa que xustifique a prohibición da celebración de actos e asembleas do colectivo LGTBI, polo que a prohibición non é necesaria nunha sociedade democrática. O TEDH observa, ademais, que os demandantes sofren unha discriminación inxustificada por razóns de orientación sexual que é incompatible cos estándares do Convenio e que se lles denegou un recurso efectivo para facer valer os seus dereitos.

Por iso, conclúe, sen máis, que houbo unha violación do artigo 11, 13+11 e 14+11 CEDH en relación con cada demandante.

Os demandantes reclamaron entre 5.000 e 50.000 euros en concepto de danos. O primeiro demandante tamén reclamou 10.000 rublos rusos, uns 141 euros, por dano pecuniario pola multa que pagou como sanción administrativa. Ademais, reclamou

---

<sup>11</sup> *Alekseyev c. Rusia*, do 21 de outubro de 2010.

uns 433 euros polos gastos de viaxe. O Goberno considerou que as reclamacións eran excesivas e irrazoables.

En relación coa reclamación de indemnización do primeiro demandante polos danos ocasionados pola multa administrativa, o TEDH observa que non hai un vínculo causal directo entre a violación considerada e a multa que pagou o demandante tras a súa condena pola infracción administrativa. O TEDH non realiza máis argumentación, o cal resulta cuestionable tendo en conta que a sanción se impuxo precisamente por intentar levar a cabo as actividades que non se permitiron. A multa, na miña opinión, sería contraria ao Convenio Europeo de Dereitos Humanos, polo que si cabe pensar que debeu resarcirse o demandante por ter sido vítima dunha sanción que é contraria ao Convenio.

En relación coas alegacións dos demandantes sobre danos non pecuniarios, o TEDH observa que as violacións do Convenio declaradas neste caso son similares ás que previamente se consideraron no caso *Alekseyev*. Reitera que, en virtude do artigo 46, as partes contratantes se comprometeron a acatar as sentenzas definitivas do TEDH nos casos en que sexan partes, sendo a súa execución supervisada polo Comité de Ministros. No momento en que se dita esta sentenza, o Comité de Ministros continúa a súa supervisión da execución do precedente *Alekseyev*. A este respecto, o TEDH subliña que este órgano adoptou resolucións polas que se lles require ás autoridades de Rusia adoptar todas as medidas necesarias para asegurar que a práctica das autoridades locais e dos tribunais se desenvolve de tal maneira que garanta o respecto dos dereitos á libre asemblea e á non discriminación e invita as autoridades de Rusia a realizar accións que permitan obter resultados concretos. O TEDH reconece que o Goberno non adoptou ningunha medida desde que se ditou a sentenza.

A este respecto, o TEDH recorda que os Estados deben cumprir coas obrigas derivadas dos tratados baseándose no principio *pacta sunt servanda* (artigo 26 do Convenio de Viena sobre Dereitos dos Tratados). O Estado dispón dunha marxe de apreciación en canto aos medios para alcanzar os fins derivados do compromiso adquirido e debe ofrecer información actualizada sobre os avances no proceso de execución da sentenza. Dada a variedade de medios existentes para alcanzar a finalidade e a natureza das materias implicadas, o Comité de Ministros atópase mellor situado para avaliar as medidas específicas que cómpre adoptar. Pola súa banda, o TEDH considera apropiado resaltar que a natureza das violacións constatadas no precedente *Alekseyev* e o alcance do problema recorrente en cuestión require esforzos sostidos a longo prazo na adopción de medidas xerais coa finalidade de afrontar os feitos baseándose nos artigos 11 e 14 en concreto.

A pesar de que o TEDH reconece que o xeito en que as autoridades nacionais tratan as solicitudes para celebrar actos públicos LGBTI e a ausencia de recursos efectivos pode resultar frustrante, conclúe que a consideración de que a nova condena ao Estado, compeléndo a adoptar as medidas arriba mencionadas baseándose no seu ordenamento interno, pode considerarse o medio máis apropiado de resarcimento. O TEDH, en consecuencia, rexeita a demanda do Sr. Alekseyev de indemnización por dano non pecuniario. Quizais o TEDH observou que a decisión acerca dunha

Regap



ESTUDOS

indemnización sería infrutuosa, co que terá optado por realizar un novo requirimento de cumprimento das obrigas internacionais en canto ao respecto dos dereitos humanos.

O TEDH tampouco recoñecerá unha indemnización polos gastos de viaxe e postais alegados polo primeiro demandante ao non facilitar facturas xustificativas.

O xuíz ruso, Dmitry Dedov, formulou unha opinión concorrente. Lamenta que a maioría dixese que o Goberno de Rusia non adoptou ningunha medida tras o precedente. Ao mesmo tempo, di que o TEDH decidiu igual que no dito asunto sen ofrecer un razoamento substantivo (a prohibición de celebrar asembleas públicas non constitúe unha necesidade social imperiosa e non é necesaria nunha sociedade democrática; os demandantes sufriron unha discriminación inxustificada pola súa orientación sexual). É evidente, di o xuíz ruso, que todos os participantes, incluíndo o TEDH, non foron flexibles na busca dun compromiso. O TEDH resaltou que a natureza das violacións e o alcance do problema recorrente require esforzos mantidos a longo prazo na adopción de medidas xerais coa finalidade de atender as cuestións baseándose nos artigos 11 e 14 do Convenio. Non obstante, é difícil divisar ningunha medida se o problema non se identifica. A continuación, o xuíz ruso fai referencia a cuestións que en verdade non se sosteñen. Di que no caso piloto Alekseyev o TEDH ignorou as cuestións referidas á seguridade que entrañan as manifestacións do Orgullo Gay. Trátase, certamente, dunha argumentación pobre, que non desenvolve e que claramente decae se temos en consideración que este tipo de manifestacións se celebran na maioría dos Estados de Europa sen que se desen sucesos que comprometan a seguridade de xeito diferente a actos similares. E é que, como ocorre en toda manifestación, as administracións competentes deberán ofrecer as medidas de seguridade idóneas para asegurar que os manifestantes poidan exercer o seu dereito á liberdade de asemblea. A continuación, o xuíz ruso, cinicamente, di que no caso *Identoba c. Xeorxia* se puxeron de manifesto os problemas de seguridade que entrañan este tipo de reunións. Oculta, non obstante, que os danos que sufriron os demandantes nese caso se deberon, precisamente, á inactividade da Administración interna na adopción das medidas adecuadas para garantir o desenvolvemento pacífico da manifestación e, polo tanto, o exercicio pacífico do dereito á liberdade de asemblea, como sucedeu en casos posteriores. Por outro lado, o xuíz ruso continúa indicando que no caso *Bayev e Outros c. Rusia*, do 20 de xuño de 2017, o TEDH non considerou os dereitos fundamentais dos menores afectados polo debate público sobre a orientación sexual. Estas deficiencias –continúa– crearon a impresión de que a promoción das relacións homosexuais, especialmente dirixida a menores, podería considerarse un tema de debate público. O xuíz ruso, polo tanto, vincula a homosexualidade e a liberdade de asemblea das minorías sexuais con cuestións como a pedofilia, argumento que forma parte do discurso tradicional do odio e da discriminación por razóns de orientación sexual incompatible cunha sociedade democrática e avanzada. Finaliza a súa argumentación propondo un mutuo respecto dos dereitos humanos, requirindo que non se deixe espazo a aqueles que pretenden promover o seu modo de vida (!) e recoñecer as unións civís entre persoas do mesmo sexo como un punto de partida. Non obstante, cabería preguntarse se a defensa do dereito á igualdade que pretenden as asociacións

LGTBI supón a promoción dun determinado xeito de vida ou máis ben a exigencia lexítima de tolerancia e respecto.

A maxistrada suíza Helen Keller, pola súa banda, manifestou unha opinión parcialmente disidente. Non oasi. É que en *Alekseyev I* o TEDH recoñeceu unha indemnización de 12.000 euros, en *Bayev*, de 8.000 e no caso actual suprimiuse, como sabemos. Ao modo de ver da xuíza Keller, a posición maioritaria desvaloriza a gravidade das violacións individuais sufridas polos demandantes e parece que nega a seriedade do feito de que as autoridades non cumpren as obrigas derivadas do Convenio. O TEDH non debería castigar os demandantes polo feito de que o Estado non corríxise unha violación repetida dos seus dereitos.

Continúa a súa argumentación considerando que o recoñecemento dunha indemnización por danos non pecuniarios lle tería ofrecido ao Goberno ruso un incentivo financeiro para corríxir e evitar futuras violacións dando lugar a máis danos.

Pode parecer que o TEDH ofreceu unha argumentación lacónica para a solución do caso. O TEDH adoita resolver con concisión os casos repetitivos que non supoñen cambio ningún e implican unha nova condena para o Estado contratante. Non obstante, a argumentación e a decisión en relación coa indemnización parece irrazoable. Non ten sentido que o mesmo TEDH que lle recoñece unha indemnización ao primeiro demandante por feitos similares aos que se deron neste caso, oito anos despois, a denegue polo feito de que o Estado incumpriu as súas obrigas contractuais. O primeiro demandante, por iso, mostraría a súa insatisfacción. Queixouse publicamente do carácter inequitativo desta solución, xa que sufriu sancións económicas como consecuencia das actividades que emprenderon para celebrar os actos. O TEDH razoou a ausencia de indemnización por danos materiais ou morais en que se trata da práctica habitual nos casos repetitivos, que unha nova condena é unha satisfacción axeitada e que a problemática do asunto deberá ser controlada polo tribunal europeo mediante o labor de supervisión do Comité de Ministros na execución das sentenzas por parte dos Estados contratantes e esforzos realizados a longo prazo. Na miña opinión, non se trata dunha solución sensible ante a problemática que reflicte este caso e o precedente e a súa gravidade tendo en conta que se trata dunha situación de violación dos dereitos humanos que se consolida no tempo cunha resposta do TEDH que dá a impresión de que normaliza unha actuación sistemática da Administración rusa neste tema que socava os fundamentos do Convenio sen considerar algunha medida adicional, como podería ser a solución do caso mediante o precepto agravado da prohibición xeral de discriminación, recollido no Protocolo n. 12, ou unha advertencia de expulsión da entidade supranacional –que, como sabemos, finalmente se levou a cabo pola invasión e guerra en Ucraína–.

As críticas que o primeiro demandante expresou terán como consecuencia que o TEDH inadmita a súa demanda nun novo suposto de feito formulado na sentenza *Zhdanov e Outros c. Rusia*, do 16 de xullo de 2019, que vou glosar a continuación.

Os demandantes son Aleksandr Zhdanov, Nikolay Alekseyev, Kirill Nepomnyashchiy, Aleksandr Naumchik e organizacións rusas que defenden os dereitos das minorías sexuais. Os primeiros son fundadores ou presidentes das segundas.

regap



ESTUDIOS

As organizacións demandantes solicitaron a súa inscrición no rexistro de asociacións. Tanto a Administración como os tribunais internos negáronse por irregularidades formais e porque promovían os dereitos LGBT. Consideraron, en concreto, que estas organizacións tiñan como finalidade “destruír os valores morais da sociedade”, favorecer un decrecemento da poboación e interferir nos dereitos da maioría de rusos, que consideran que as relacións entre persoas do mesmo sexo son ofensivas e que causan inimidade social e relixiosa.

Esgotada a vía interna, os demandantes acoden ante o TEDH alegando unha violación dos artigos 11 (liberdade de asemblea e de asociación) e 14 (prohibición de discriminación).

O TEDH inadmite a demanda do Sr. Alekseyev, como dixen antes. Realizou declaracións públicas sobre o TEDH e os seus xuíces nas redes sociais Instagram e VKontakte que eran virulentas, ofensivas e ameazantes. En concreto, tras a sentenza ditada no caso *Alekseyev e Outros antes* comentada, publicou fotografías dos xuíces cos adxectivos “alcohólico”, “drogadicto” (expresións que recordan as que adoita utilizar o presidente de Rusia, Vladimir Putin, contra os adversarios), “corrupto” e “bastardos e dexenerados europeos” ou “chegou o momento de prender lume ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos”. O TEDH considera que estas declaracións claramente exceden os límites da crítica normal, cívica e lexítima.

Aínda que o TEDH lle enviou un aviso mencionando especificamente as solicitudes presentadas neste caso e o risco de que considere que hai un abuso do dereito de petición, o Sr. Alekseyev non as retirou. De feito, desde entón publicou declaracións, cualificando os xuíces do Tribunal como “escoura corrupta europea” e “homófobos”. O TEDH considerou que estas declaracións, realizadas despois do aviso do TEDH, están conectadas coas solicitudes presentadas neste caso.

O TEDH considera que a conduta do demandante expresa desprezo cara á institución á que recorreu para a defensa dos seus dereitos, polo que decide inadmitir a súa solicitude, o que non impide admitir as solicitudes dos demais demandantes. Dá a impresión de que as expresións grosas do demandante constitúen o xeito de expresar o seu profundo malestar por unha decisión que, como comprobamos, é criticable desde a perspectiva da liña de argumentación ofrecida. Non parece realista que o demandante vaia cumprir a ameaza de prender lume ao Tribunal, ben que obxectivamente pode supor unha incitación á violencia. En calquera caso, o TEDH debería considerar as circunstancias persoais do demandante vítima da represión dun Estado que lle impide exercer pacificamente a liberdade de asemblea desde hai máis dunha década, circunstancia que seguramente endureza a súa expresión ante a frustración.

En calquera caso, a solución adoptada polo TEDH parece razoable pero cuestionable desde a perspectiva do contido que dota na súa xurisprudencia á liberdade de expresión. E é que, como dixo noutras sentenzas, os xuíces deben mostrar unha ampla marxe de tolerancia cara á liberdade de expresión dos demais, no exercicio das súas funcións públicas que fan referencia ao interese xeral, como dixo na sentenza ditada no caso *Benítez Moriana e Íñigo Fernández c. España*, do 9 de marzo de 2021. Como veremos, a opinión parcialmente disidente enfocárase nesta cuestión.



En relación coas alegacións arredor do ao artigo 11 CEDH, o TEDH considera que as decisións dos tribunais rusos denegando o rexistro interferiron na liberdade de asociación das organizacións demandantes e dos seus fundadores ou presidentes. En concreto, no caso da organización sen ánimo de lucro Movement of Equality Marriage non puido constituírse porque, baseándose no dereito ruso, as organizacións non gobernamentais non poden existir sen o rexistro do Estado. Rainbow House e Sochi Pride House, como son asociacións públicas, poderían existir sen a necesidade do rexistro. En cambio, non poderían adquirir o status dunha entidade legal e os dereitos asociados a iso.

A interferencia baseábase nas leis de organizacións non gobernamentais e de asociacións públicas.

O TEDH non considera, a diferenza do Goberno, que a denegación do rexistro das organizacións perseguise a finalidade lexítima de protexer a moral, a seguridade, a saúde pública e os dereitos e liberdades dos demais. A única finalidade lexítima sinalada polas autoridades internas e que o TEDH considera relevante é a prevención do odio e a animizade, que pode conducir á desorde. En concreto, as autoridades cren que a maioría dos rusos desaprobaban a homosexualidade e que, por conseguinte, os demandantes poderían converterse nas vítimas da violencia.

Non obstante, o TEDH observa que o papel das autoridades nestas circunstancias non consiste simplemente en retirar a causa da tensión, senón en asegurar que os grupos enfrontados se toleren respectivamente. É máis, o TEDH subliña que o deber da Administración rusa é o de adoptar medidas razoables e apropiadas para permitir que as organizacións como as dos demandantes poidan desenvolver as súas actividades sen temor á violencia física. As autoridades rusas non adoptaron tales medidas. Pola contra, simplemente decidiron evitar o risco de desorde restrinxindo a liberdade de asociación dos demandantes. Por iso, o TEDH non acepta que a denegación do rexistro das organizacións demandantes sexa necesaria nunha sociedade democrática, polo que decide que houbo unha violación do artigo 11. Ademais, como o motivo para denegar o rexistro das asociacións é a finalidade das asociacións, que consiste na defensa dos dereitos das minorías sexuais, o TEDH conclúe que houbo tamén unha violación do artigo 14 en relación co 11 CEDH.

O TEDH, en fin, reconece indemnizacións aos demandantes por danos non pecuniarios, que oscilan entre os 10.000 e 13.000 euros; e de 6.500 euros por custos e gastos.

Os xuíces Keller, Serghides e Elósegui expresaron unha opinión parcialmente disidente, que se centra na inadmisión da demanda do Sr. Alekseyev.

Comezan a súa argumentación dicindo que as súas declaracións nas redes sociais insultando os xuíces do Tribunal e o mesmo TEDH foron máis alá da crítica ordinaria. Non negan que a linguaxe empregada fose “virulenta e persoalmente ofensiva”. Tamén realizou declaracións falsas e enganosas acerca dos xuíces, o que é un motivo de gran preocupación. Aínda que non cren que as súas declaracións supoñan unha ameaza real e tanxible, observan que os xuíces sinalados poden considerar que os seus comentarios son “ameazantes”. En calquera caso, non cren que a conduta do Sr. Alekseyev poña en perigo a integridade do Tribunal neste caso.

Regap



ESTUDOS

Os maxistrados disidentes coinciden coa maioría do TEDH en que as declaracións do Sr. Alekseyev se deben á súa desconformidade coa sentenza *Alekseyev e Outros c. Rusia*, do 27 de novembro de 2018, e á negativa de coñecer o asunto pola Gran Sala. Non obstante, o TEDH nunca rexeitou un recurso baseándose na linguaxe agresiva sen conexión co proceso en cuestión. Neste sentido, os xuíces disidentes analizan o texto do artigo 35.3, que dispón:

*“O Tribunal declarará inadmisíbel calquera demanda individual presentada en virtude do artigo 34 se considera que: a) a demanda é incompatible coas disposicións do Convenio ou dos seus protocolos, manifestamente mal fundada ou abusiva”.*

Parece que o precepto establece que a demanda sexa en si mesma abusiva. Non se refire a unha conduta ou comportamento desconectado da solicitude. A este respecto, a maioría di que “estas declaracións publicadas tras a advertencia que menciona expresamente as presentes solicitudes poden ser por conseguinte consideradas conectadas con elas”. Este razoamento vai moi lonxe, desde o punto de vista dos xuíces disidentes, os cales din que as publicacións do demandante posteriores á advertencia non indican que tivesen como obxectivo esta demanda.

A continuación, os xuíces disidentes abordan o tema do posible efecto disuasorio desta decisión de inadmisión. Din que as sentenzas do TEDH sempre son ponderadas e, a miúdo, controvertidas. O TEDH, dalgún xeito, debe responder ante os cidadáns. Os posicionamentos positivos e negativos sobre o seu traballo son inevitables e necesarios nunha sociedade democrática. Por iso, consideran que o TEDH debe ser extremadamente coidadoso e non sentar un precedente que pode ter un efecto disuasorio na adherencia activa dos cidadáns co TEDH.

Seguidamente, os maxistrados disidentes endurecen o seu discurso e sinalan que o Tribunal non debería dar a impresión de que adopta esta decisión por vinganza. Non observan a que finalidade atende a inadmisión da solicitude do demandante e pregúntanse se o TEDH volverá ter en conta esas declaracións ao admitir posibles novos recursos do demandante. Engaden que a decisión adoptada pola maioría realiza un exame perigoso e inaceptable da presenza en liña do demandante e a súa conduta fóra do Tribunal. Ademais, temen que esta decisión poida constituír unha invitación aos gobernos a realizar unha vixilancia de futuros demandantes para atopar declaracións que poidan ser ofensivas para o Tribunal.

En fin, a inadmisión da solicitude do Sr. Alekseyev entra de cheo na cuestión sensible da liberdade de expresión na era dixital. Dubidan se o TEDH considerou o seu impacto e ramificacións.

En relación co dereito de acceso ao Tribunal, os xuíces disidentes din que só se debe restrinxir en casos moi excepcionais. O Sr. Alekseyev é un activista ruso que asume riscos persoais na defensa dos dereitos das minorías sexuais. Por iso, consideran desproporcionado sancionar o demandante polos exabruptos. Ofrece unha mensaxe moi restritiva aos tribunais nacionais á hora de admitir demandas. Están, polo tanto, en contra de privar os demandantes do último recurso para restaurar os seus dereitos fundamentais. Nesta ocasión, a demanda puido seguir adiante debido

a que a demanda da asociación á cal representa foi admitida, pero no futuro poderían darse casos en que o demandante non tivese este recurso adicional. Por todo iso, os disidentes non coinciden coa decisión da maioría.

## 7 Final

A recente xurisprudencia do TEDH que aborda o problema da homofobia ofrece uns estándares mínimos de protección que deberán ser tidos en conta tanto polos Estados parte en cada caso como polo resto de membros.

En virtude do principio de subsidiariedade, os Estados deben cumprir coas exixencias establecidas por Estrasburgo realizando as reformas normativas que procedan, interpretando o ordenamento interno dun xeito conforme tanto no contexto dos xuíces e tribunais como no da actuación das administracións públicas. Para iso, os ordenamentos internos deben prever as garantías suficientes para que o respecto dos dereitos humanos se poida garantir tanto desde a perspectiva dos dereitos de acceso ao proceso como, finalmente, desde a perspectiva do dereito substantivo. A aplicación desas garantías deberá ser real e efectiva.

## Bibliografía

- ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, I., “La Organización de las naciones Unidas y los derechos de las personas LGTBI: nuevos avances y desafíos de siempre”, Matía Portilla, F.J, Elvira Perales, A. e Arroyo Gil, A. (dir.), *La protección de los derechos fundamentales de las personas LGTBI*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2019.
- ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, I., *Brechas convencionales en España. Un reto constitucional del siglo XXI*, Aranzadi Thomson Reuters, Cizur Menor, 2020, 156 pp.
- BUENO ARMIJO, A., “La esperada rectificación de la doctrina sobre el *ne bis in idem* procesal del Tribunal Europeo de Derechos Humanos. La ¿inevitable? STEDH de 14 de enero de 2021, Sabalic c. Croacia, rec. n. 50231/13”, Calzadilla Medina, M.ªA. e Martín Quintero, R. (dirs.); Franco Escobar, S. (coord.), *El Derecho de la Unión Europea ante los objetivos de desarrollo sostenible*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2022.
- CANO CAMPOS, T., “Los claroscuros del *non bis in idem* en el espacio jurídico europeo”, Rebollo Puig, M., Huergo Lora, A., Guillén Caramés, J. e Cano Campos, T. (dirs.), *Anuario de Derecho Administrativo Sancionador 2022*, Thomson-Civitas, Cizur Menor, 2022.
- GONZÁLEZ BOTIJA, F., *Orden público y libertad*, Atelier, Barcelona, 2018, 382 pp.

Regap



ESTUDIOS



# Regap

## Comentarios e crónicas

# 2





Revista Galega de Administración Pública, EGAP  
Núm. 64\_xullo-décembro 2022 | pp. 141-161  
Santiago de Compostela, 2022  
<https://doi.org/10.36402/regap.v2i64.4966>  
© Francisco José Santandreu Capón  
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371  
Recibido: 21/07/2022 | Aceptado: 29/11/2022

Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

## A dubidosa localización no sistema de fontes do acordo de funcionarios

La dudosa ubicación en  
el sistema de fuentes del  
acuerdo de funcionarios

Dubious location of civil  
servant agreements in  
the system of sources

64 Regap

FRANCISCO JOSÉ SANTANDREU CAPÓN  
Doutor en Dereito  
Universidade Complutense de Madrid  
[fjsantandreu@gmail.com](mailto:fjsantandreu@gmail.com)

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

**Resumo:** O artigo trata da difícil localización dos acordos de funcionarios á luz do artigo 38 do texto refundido do Estatuto do empregado público por supor a posibilidade de inversión na orde xerárquica na pirámide normativa entre acordos de funcionarios e normas regulamentarias. Esta situación aproveítase para facer unha indagación na doutrina constitucional referida á natureza dos convenios, pactos e acordos de funcionarios co fin de establecer a súa localización concreta, que dependerá das relacións existentes xa non só entre normas, senón entre os principios constitucionais de distribución de competencias e xerarquía. Realízase un percorrido por diversas sentenzas do Tribunal Constitucional, deténdose finalmente de xeito máis exhaustivo na STC 129/2019, por formular certas hipóteses que poderían conducir a equívocos na posibilidade de establecer unha suposta superioridade entre a lexislación estatal e a autonómica que puidese dar lugar a unha resistencia a toda lei autonómica dos acordos de funcionarios fundada na posibilidade ou non de esgotar a lexislación básica por parte do Estado.

**Palabras clave:** Acordo de funcionario, lexislación básica, lexislación de desenvolvemento, principio de distribución de competencia, principio de xerarquía, relación flexible entre norma estatal-norma autonómica, inconstitucionalidade mediata ou indirecta.

**Resumen:** El artículo trata de la difícil ubicación de los acuerdos de funcionarios a la luz del artículo 38 del texto refundido del Estatuto del empleado público por suponer la posibilidad de inversión en el orden jerárquico en la pirámide normativa entre acuerdos de funcionarios y normas reglamentarias. Esta situación se aprovecha para hacer una indagación en la doctrina constitucional referida a la naturaleza de los convenios, pactos y acuerdos de funcionarios con el fin de establecer su concreta ubicación, que dependerá de las relaciones existentes ya no solo entre normas, sino entre los principios constitucionales de distribución de competencias y jerarquía. Se realiza un recorrido por diversas sentencias del Tribunal Constitucional, deteniéndose finalmente de modo más exhaustivo en la STC 129/2019 por plantear ciertas hipótesis que podrían conducir a equívocos en la posibilidad de establecer una supuesta superioridad entre la legislación estatal y la autonómica que pudiera dar lugar a una resistencia a toda ley autonómica de los acuerdos de funcionarios fundada en la posibilidad o no de agotar la legislación básica por parte del Estado.

**Palabras clave:** Acuerdo de funcionario, legislación básica, legislación de desarrollo, principio de distribución de competencia, principio de jerarquía, relación flexible entre norma estatal-norma autonómica, inconstitucionalidad mediata o indirecta.

**Abstract:** The article deals with the difficult location of civil servant agreements in the light of Article 38 of the revised text of the Statute of Civil Servants, as it implies the possibility of inversion in the hierarchical order in the regulatory pyramid between civil servant agreements and regulatory rules. This situation is used as an opportunity to investigate the constitutional doctrine on the nature of civil servant agreements, pacts and covenants in order to establish their specific location, which will depend on the existing relationships not only between rules, but also between the constitutional principles of distribution of competences and hierarchy. A review is made of various rulings of the Constitutional Court, finally stopping more exhaustively at STC 129/2019 for raising certain hypotheses that could lead to misunderstandings in the possibility of establishing a supposed superiority between state and autonomous legislation that could give rise to resistance to any autonomous law on civil servant agreements based on the possibility or otherwise of exhausting basic legislation on the part of the State.

**Key words:** Civil servant agreement, basic legislation, implementing legislation, principle of distribution of competence, principle of hierarchy, flexible relationship between State and Autonomous Community legislation, mediate or indirect unconstitutionality.

**SUMARIO:** 1 Introducción. 2 O acordo de funcionarios e a súa posición no ordenamento xurídico. 2.1 O carácter ordinamental do acordo e enigmática a súa posición xerárquica. 2.2 O artigo 37.1 da Constitución non establece orde xerárquica ningunha para o acordo ou o convenio. 2.3 O principio de competencia e o de xerarquía dos acordos na STC 129/2019, do 31 de outubro de 2019. 2.3.1 A inconstitucionalidade mediata nos acordos de funcionarios. 2.3.2 O modelo concreto de relación flexible entre lexislador estatal e autonómico no exercicio lexítimo das súas competencias constitucionais na STC 129/2019. 2.3.3 A extensión á lexislación básica da relación flexible norma estatal/norma autonómica no suposto de inconstitucionalidade mediata ou indirecta. 2.3.4 A adecuación do principio de distribución de competencias e o de xerarquía na relación flexible entre norma estatal/norma autonómica. 2.3.5 O voto particular: o réxime básico non pode enervarse por medidas instrumentais ao servizo de políticas concretas. 2.4 Tres elementos de análise da STC 129/2019 para precisar o lugar concreto que ocupa o acordo de funcionarios no ordenamento xurídico. 2.5 O alcance dos acordos de funcionarios e a súa relación coas normas reglamentarias.



# 1 Introducción

A negociación colectiva, xunto á representación e á participación institucional, é un dereito recoñecido aos empregados públicos no artigo 31 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, co obxecto de determinar as súas condicións de traballo<sup>1</sup>.

Os funcionarios públicos, como empregados públicos que son, participan deste dereito e así o artigo 33 do mencionado texto refundido de 2015 suxeita a negociación colectiva destes aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia. A dita negociación efectuarase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais no capítulo correspondente do mesmo texto refundido e por remisión a artigos concretos da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

O dereito á negociación colectiva dos funcionarios públicos desenvólvese a través da constitución de mesas de negociación nas cales estarán lexitimados para estar presentes tanto os representantes da Administración pública como o conxunto das organizacións sindicais no xeito en que queda recollido no artigo 33.2 do texto refundido de 2015<sup>2</sup>.

A natureza das negociacións dificilmente pode ser discutido que sexa política á luz do que o propio teor literal do artigo 33.2 establece<sup>3</sup>. Así, a posibilidade sinalada en canto a que o desenvolvemento técnico das negociacións poidan levalo a cabo órganos creados *ad hoc* polas administracións públicas, exercendo dese modo a súa representación na negociación, faise desde as correspondentes instrucións políticas previamente expresadas polas administracións públicas a estes órganos técnicos. O alcance dos acordos a que se chegue só terá validez e eficacia na medida en que sexan ratificados polos órganos de goberno ou administrativos con competencia para iso. É dicir, na medida en que eses acordos alcanzados na negociación sirvan instrumentalmente para o fin político da Administración pública.

<sup>1</sup> “Artigo 31 Principios xerais. 1. Os empregados públicos teñen dereito á negociación colectiva, representación e participación institucional para a determinación das súas condicións de traballo”. Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público. BOE n. 261, do 31/10/2015.

<sup>2</sup> Neste punto parece oportuno sinalar que o exercicio da capacidade representativa do artigo 33.1 do mencionado Estatuto básico do empregado público é só atribuída ás organizacións sindicais. Así, reconéceselles esta conforme os artigos 6.3.c), 7.1 e 7.2 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e, aínda que do final do punto, parece abrir a posibilidade a unha representación distinta da sindical, o certo é que no segundo do mesmo artigo, e a xeito de cláusula de peche, queda desbotada toda posibilidade do propio teor literal en relación con delegados e xuntas de persoal ao mencionar expresamente os sindicatos no teor literal: “[...] así como os sindicatos que obtivesen o 10 por 100 ou máis dos representantes nas eleccións para delegados e xuntas de persoal, nas unidades electorais comprendidas no ámbito específico da súa constitución”. Excepción oportuna en todo caso, xa que no artigo 44, referido ao procedemento para a elección das xuntas de persoal e para a elección de delegados de persoal, se establece entre os criterios que deberán terse en conta na súa determinación regulamentaria e no punto c) a posibilidade de presentar candidaturas non só as organizacións sindicais, senón os grupos de electores dunha mesma unidade electoral. Estes co requisito de que o número deles sexa equivalente, polo menos, ao triplo dos membros a elixir. Non obstante e en todo caso, estes grupos de electores non están lexitimados para estar nas mesas de negociación.

<sup>3</sup> “Artigo 33.2 Negociación colectiva: As administracións públicas poderán encargar o desenvolvemento das actividades de negociación colectiva a órganos creados por elas, de natureza estritamente técnica, que exercerán a súa representación na negociación colectiva coas previas instrucións políticas correspondentes e sen prexuízo da ratificación dos acordos alcanzados polos órganos de goberno ou administrativos con competencia para iso”. Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público. BOE n. 261, do 31/10/2015.

Todo iso quere dicir que, por unha banda, temos unha Administración pública que, dentro da lei e só da lei e esta na Constitución, ten unha función instrumental ao servizo dun proxecto político emanado das urnas e cuxa licitude, pola súa vez, afunde as súas raíces necesaria e inevitablemente na Constitución vixente. Por outra banda, atópanse os funcionarios públicos que, en exercicio do dereito que posúen, negocian a través dos sindicatos con capacidade representativa as condicións de traballo para levar a cabo ese proxecto político na parte que lles afecta. Non hai en xogo, como na empresa privada, unha optimización dos recursos para obter o máximo beneficio legalmente posible. O que hai en xogo é unha promesa electoral que se concreta nun proxecto político que debe articularse a través dunha negociación que pon as bases, neste caso dos medios persoais propios da función pública, para facelo realidade de modo eficiente tal como sinala a Constitución. Ambas as dúas esferas, política e privada vertidas no público, son as que hai que conxugar neste modelo.

## 2 O acordo de funcionarios e a súa posición no ordenamento xurídico

O artigo 38 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aborda a cuestión dos pactos e acordos circunscibíndoos ao seo das mesas de negociación e dentro, loxicamente, das materias obxecto de negociación do artigo 37 do mesmo texto legal. Nos dous casos, non se establece como obrigatorio chegar a pacto ou acordo ningún. Trátase, en definitiva, dunha posibilidade que permite configurar, deste xeito, senllos instrumentos para alcanzar, en materias concretas, unha estabilidade aínda maior no ámbito negociador.

No caso dos acordos, que é do que aquí se trata, o artigo 38.2 establece límites claros ao seu contido. Así, as materias que poderán ser obxecto de acordo veñen referidas sobre aquelas que sexan competencia dos órganos de goberno das administracións públicas<sup>4</sup>. Para a súa validez e eficacia deberán ser expresa e formalmente aprobados, o que implica a posibilidade de que a negociación nas mesas estea confiada a órganos técnicos aos que previamente se lles desen as correspondentes instrucións políticas.

Non obstante, hai unha nota claramente característica, distintiva e peculiar que suscita a cuestión da natureza do acordo e a súa correcta localización no ordenamento xurídico. Así, no momento en que os acordos fosen ratificados e afecten a temas<sup>5</sup>

---

<sup>4</sup> Se se compara este punto 3 do artigo 38 co inmediatamente anterior referido ás competencias do órgano administrativo correspondente que celebre pactos, obsérvase que o teor literal do punto 2 é considerablemente máis rigoroso que o do 3, ao considerar que os pactos "se celebrarán sobre materias que se correspondan estritamente co ámbito competencial do órgano administrativo que o subscriba" rematando que a súa aplicación non pode senón aplicarse directamente ao persoal do ámbito correspondente. Esta limitación dá lugar a dúas consecuencias que o diferencian dos acordos. A primeira é que, ao referirse a un ámbito competencial dun órgano administrativo concreto, os pactos non se poden estender a outros órganos administrativos que non sexan os que estritamente o subscribiron e dentro das súas competencias concretas. A segunda é que poden proliferar tantos pactos como órganos haxa na Administración correspondente. Os acordos, ao seren subscritos por órganos de goberno das administracións públicas, non poden pola súa propia natureza dar lugar a un número indeterminado e diferenciarse entre si dentro dos límites da discriminación.

<sup>5</sup> Considérese o termo incorporado ao real decreto lexislativo, xa que non pode ser máis ambiguo: "temas". Se o comparamos coa redacción literal do punto 2 referido aos pactos: "que se correspondan estritamente co ámbito competencial", podemos

que poidan ser decididos de forma definitiva polos órganos de goberno, constitúese unha situación xurídica en virtude da cal o contido dos acordos así ratificados será directamente aplicable ao persoal incluído no seu ámbito de aplicación. Isto é así e derivado directamente *ex lege*, mesmo cando se requira formalmente a modificación ou derogación se así se precisase da normativa regulamentaria correspondente.

Con esta redacción, a mesa de negociación adquire un protagonismo político de gran dimensión en termos materiais, posto que nin tan sequera queda circunscrita competencialmente ao que estritamente lle corresponda ao órgano de goberno en cuestión, senón que a cláusula aberta que introduce a indeterminación da expresión “temas que poidan ser decididos de forma definitiva” nos conduce a un ámbito insólito polo dinámica que pode chegar a ser a temática.

Parece claro que un desapoderamento tan radical no eido propiamente estatutario da función pública non podía quedar sen certas cautelas. E iso é o que significa exactamente o límite ao decidido na mesa de negociación cando se introduce a condición da aprobación expresa e formal para a súa validez e eficacia. En definitiva, a ratificación non é un acto que escape ao poder político do órgano de goberno, posto que pode non darse e serao porque o acordo non sexa suficiente para levar a cabo o proxecto político concreto que se lle confiou ao goberno correspondente. Non obstante, tamén é unha manifestación de xerarquía na medida en que nos situamos no plano da Administración pública en que non pode primar ata a última consecuencia o principio dispositivo. A función pública non pode pregarse a un acordo da natureza propia do ámbito laboral pola propia natureza xerárquica que a define<sup>6</sup>. É, definitivamente, unha manifestación do carácter bifronte da Administración que conxuga o político co administrativo.

## 2.1 O carácter ordinamental do acordo e enigmática a súa posición xerárquica

A figura do acordo recollida no artigo 38.3 primeiro parágrafo do texto refundido do Estatuto do empregado público de 2015 manifesta, pola propia redacción do precepto, as características de abstracción e xeneralidade propias da súa natureza ordinamental<sup>7</sup>. Non pode entenderse doutro xeito cando no primeiro parágrafo *in fine* o lexislador, ao ordenar a súa directa aplicación ao persoal incluído no seu ámbito

---

observar a nítida diferenza que no terreo da interpretación podería levarnos ao desprazamento, mesmo daqueles pactos que interferisen cos acordos concretos que tratasen “temas” que puidesen ser decididos de forma definitiva polos órganos de goberno ratificadores destes.

<sup>6</sup> Efectivamente, o punto 8 do artigo 38 expresa o procedemento que, en último termo e ante a falta de acordo na negociación e na renegociación que puidese darse se no prazo dun mes algunha das partes o solicitase e tras esgotar a vía da solución extraxudicial dos conflitos, permite aos órganos de goberno das administracións públicas establecer baixo uns límites legais as condicións de traballo.

<sup>7</sup> Artigo 38.3: Os acordos versarán sobre materias competencia dos órganos de goberno das administracións públicas. Para a súa validez e eficacia, será necesaria a súa aprobación expresa e formal por estes órganos. Cando tales acordos sexan ratificados e afecten a temas que poden ser decididos de forma definitiva polos órganos de goberno, o seu contido será directamente aplicable ao persoal incluído no seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de que para os efectos formais se requira a modificación ou derogación, se é o caso, da normativa regulamentaria correspondente.

de aplicación, o faga sen prexuízo da correspondente modificación ou, mesmo, derogación da normativa regulamentaria correspondente<sup>8</sup>.

Non estamos, polo tanto e en ningún caso, ante un acto administrativo que constitúa unha situación xurídica na ratificación, como así o veu manifestando en reiteradas ocasións e desde lonxe o Tribunal Constitucional<sup>9</sup>. O carácter ordinamental está fóra de toda dúbida e nace directamente da Constitución<sup>10</sup>, que eleva a representación das partes a un plano institucional<sup>11</sup>.

Non cabe albergar, polo tanto, dúbida ningunha no carácter ordinamental do acordo. Tampouco que a norma nova que é o acordo é froito da negociación colectiva no seo das mesas de negociación e a través da representación lexítima dos funcionarios por medio dos sindicatos confrontados aos representantes da Administración pública correspondente.

Non obstante, o lugar concreto que ocupa o acordo na pirámide normativa non está, en todo caso, nada claro. A lei é unha barreira infranqueable, aínda que a súa lexitimidade nace da propia Constitución. Non obstante, a redacción do artigo 38.3 deixa ben ás claras a obriga de modificación ou derogación da normativa regulamentaria correspondente no caso de que se dean as condicións que considera o artigo. Ademais, e no caso de que se dean, a validez, eficacia e aplicabilidade do contido dos acordos sería inmediata ao persoal incluído nestes sen prexuízo de que para os efectos formais haxa que modificalos ou derrogalos. Materialmente, entón, teríamos que preguntarnos se non estamos ante unha quebra do principio de xerarquía, xa que, tras a ratificación do aprobado expresa e formalmente, nace unha norma en forma de acordo que, cumprindo as exixencias do precepto, obriga a eliminar todos os obstáculos formais que se lle opoñan, incluídas normas con rango superior con excepción da lei da propia Constitución<sup>12</sup>”.

<sup>8</sup> Certa dificultade podería entenderse existente nesta valoración se partimos do punto de arranque nese mesmo artigo en relación coa necesaria aprobación expresa e formal por parte dos órganos de goberno das administracións públicas para a adquisición de validez e eficacia. Non obstante, que da ratificación parta a constitución dunha situación xurídica da que naza a validez e eficacia dun acordo nada obstaculiza para que a natureza dese acordo sexa ordinamental pola súa propia abstracción e xeneralidade.

<sup>9</sup> Como queda manifestado con claridade xa na STC 58/1985, do 30 de abril (BOE n. 134, do 5 de xuño de 1985), no seu fundamento xurídico 3.º: “Certamente que a integración dos convenios colectivos no sistema formal de fontes do dereito, resultado do principio de unidade do ordenamento xurídico, supón, entre outras consecuencias que non procede sinalar, o respecto pola norma pactada do dereito necesario establecido pola lei, que, en razón da superior posición que ocupa na xerarquía normativa, pode desprezar unha virtualidade limitadora da negociación colectiva e pode, igualmente, de forma excepcional reservar para si determinadas materias que quedan excluídas, polo tanto, da contratación colectiva”.

<sup>10</sup> O mesmo fundamento xurídico 3.º da precitada STC 58/1985 confírmao: “Si convén indicar, non obstante, que o mandato que o artigo 37.1 da Constitución formula á lei de garantir «a forza vinculante dos convenios» non significa que esta forza veña atribuída *ex lege*. Antes ao contrario, esta emana da Constitución, que garante con carácter vinculante os convenios, ao tempo que ordena garantila de xeito imperativo ao lexislador ordinario. A facultade que posúen «os representantes dos traballadores e empresarios» (artigo 37.1 da CE) de regular os seus intereses recíprocos mediante a negociación colectiva é unha facultade non derivada da lei, senón propia que atopa a súa expresión xurídica no texto constitucional”.

<sup>11</sup> O propio Tribunal Constitucional despois de dúbidas sobre a imposibilidade de considerar a negociación cunha visión privatista das facultades representativas das partes negociadoras na mesma STC 58/1985 no seu fundamento xurídico 4.º: “A Constitución española recoñeceulle aos representantes dos traballadores e empresarios un poder de regulación afectado a un fin concreto, como é a ordenación das relacións laborais no seu conxunto, que actúa, nun sistema de negociación colectiva como o instituído polo Estatuto dos traballadores, a través da representación institucional que exercen os sindicatos e comités de empresa, dun lado, e as asociacións empresariais, doutro”.

<sup>12</sup> No fundamento xurídico 7.º da STC 58/1985 co que se resolve o conflito formulado, queda xa meridianamente claro o sometemento do convenio á lei, establecendo deste xeito un límite á negociación colectiva que cristaliza nun convenio

## 2.2 O artigo 37.1 da Constitución non establece orde xerárquica ningunha para o acordo ou o convenio

A dificultade no coñecemento dos límites e extensión da negociación colectiva, que corresponsabiliza en canto á súa concreción á doutrina científica e xurisprudencial, é un feito que recoñece xa o Tribunal Constitucional na mencionada STC 58/1985<sup>13</sup>. Os únicos puntos de referencia que se establecen, e dos que debemos partir, son os constitucionais do artigo 37 e os xa coñecidos da garantía do dereito á negociación colectiva e da forza vinculante dos convenios. Os funcionarios tamén son beneficiarios dese marco constitucional expresamente recoñecido polo texto refundido de 2015.

A interrogante que se presenta ante a nosa consideración é que é o que interpreta o Tribunal Constitucional no referido á natureza da norma convencional e a súa localización na orde xerárquica. Unha primeira resposta atopámola na STC 210/1990, do 20 de decembro, en que, rexeitando claramente certas afirmacións realizadas no auto polo maxistrado proponente, despexa toda dúbida sobre a superior relación xerárquica de lei ante a cal o convenio colectivo debe someterse<sup>14</sup>.

En todo caso, o Tribunal Constitucional manifesta con toda claridade, por un lado, que a lei non ten límites en canto ao contido posto nela con carácter necesario polo lexislador e, polo outro, que o sometemento do convenio non é só á lei, senón a toda norma xerarquicamente superior<sup>15</sup>.

Neste punto, e aludindo a tres sentenzas do Tribunal Constitucional remitidas na 210/1990, como son a xa sobradamente mencionada STC 58/1985, do 30 de abril, xunto coa STC 177/1988 e a STC 171/1989, do 19 de outubro, cómpre considerar se o espazo constitucional reservado ao convenio colectivo é aquel que non é ocupado polo dereito necesario e os seus desenvolvementos regulamentarios subseguintes. Nesa hipótese, a forza vinculante dos convenios nados ao abeiro da garantía legal

---

colectivo na propia lei mesma por mandato constitucional. "Neste caso, non se trata de analizar unha disposición concreta dun convenio colectivo enfrontada coa autonomía individual de cada traballador afectado, e cuxa validez resulta dubidosa, senón un precepto legal que, modificando a situación preexistente, autoriza a negociación colectiva a regular unha materia que con anterioridade se considerara excluída desta. Quere dicirse que é o propio lexislador quen, en exercicio dunha competencia que non pode negárselle, realizou o axuste entre os principios aludidos ponderando as circunstancias concorrentes nun momento determinado de evolución da negociación colectiva e de equilibrio dos intereses afectados pola permanencia nos postos de traballo ou a xubilación forzosa".

<sup>13</sup> No fundamento xurídico 5.º maniféstase con toda claridade: "Ao resolver esta cuestión de inconstitucionalidade, é evidente que a este Tribunal non lle corresponde formular unha teoría xeral sobre a extensión e límites da negociación colectiva, tarefa esta que deben ir elaborando paulatinamente doutrina e xurisprudencia laborais á vista das experiencias contractuais concretas e dos cambios e vicisitudes da legalidade infraconstitucional e do ámbito económico e social en que esa legalidade se desenvolve".

<sup>14</sup> STC 210/1990, do 20 de decembro. Fundamento xurídico 2.º: "Só debe limitarse este axuízamento de constitucionalidade á incidencia da reforma legal, que reduce a xornada máxima, nos convenios colectivos en curso, prescindíndose por iso, pola súa manifesta carencia de fundamento, de responder a aquelas afirmacións que marxinalmente se fan no auto en relación coa suposta igualdade de rango da lei e do convenio colectivo, e a eventual aplicación preferente deste en función do principio de especialidade". [...] "no que atinxe á xornada de traballo, e sen necesidade de facer referencia ao artigo 9.1 CE, a preeminencia da lei, polo que se refire á fixación de límites a esta, foi expresamente consagrada no artigo 40.2 CE, de maneira que os convenios colectivos, e non só os contratos de traballo, deben respectar ineludiblemente o límite legal, nas condicións establecidas pola propia lei".

<sup>15</sup> O mesmo fundamento 2.º do STC 210/1990: "Desde un plano máis xeral, pode recordarse, non obstante, que en anteriores ocasións este Tribunal sinalou que a lei ocupa na xerarquía normativa unha posición superior á do convenio colectivo, razón pola cal este debe respectar e someterse ao disposto con carácter necesario por aquela, así como, máis xenericamente, ao establecido nas normas de maior rango xerárquico (SSTC 58/1985, 177/1988 e 171/1989)".

constitucional do artigo 37.1 blindaría o seu contido durante a súa vixencia, como así foi defendido nalgunha ocasión por algún maxistrado propoñente que, mesmo, fundamentou que o principio que rexía as relacións lei-convenio era o de competencia e non o de xerarquía, ao seren normas primarias nadas directamente da Constitución<sup>16</sup>.

En tal caso, poderíase pensar, entón, que a Constitución tería establecido, tras a expresión “forza vinculante”, unha reserva material tácita ao convenio colectivo que, por outro lado, non fixo nin tan sequera ao regulamento, convertendo as mesas de negociación nunha parte pequena e á parte das cámaras lexislativas, pero con poder lexislativo. Realmente, nada máis lonxe da realidade<sup>17</sup>.

A dilucidación do alcance ontolóxico do convenio é o que debería ofrecernos certezas sobre a súa exacta posición na pirámide normativa. Porén, o Tribunal Constitucional non acaba de sinalar con precisión cal é a localización do convenio porque tampouco logra definir a súa natureza. Así, e suxeitándose no fundamento da irresistibilidade de lei, a exposición desenvólvese entre termos nada claros que van desde a “relevancia cuasi-pública dos convenios, por seren negociados por suxeitos dotados de representación institucional, ata o recoñecemento da eficacia normativa e a súa inserción no sistema de fontes”. En ningún caso se concreta ante que normas se manifesta como límite, aínda que queda claro que o sometemento o é ante calquera que teña un rango xerarquicamente superior<sup>18</sup>.

---

<sup>16</sup> Así o expuxo no antecedente 1.º o maxistrado propoñente na STC 210/1990. “Durante a vixencia do convenio colectivo, debe garantirse a súa forza vinculante, a súa inderrogabilidade, polo que se fose a norma legal a que atentase contra a súa vixencia infrinxiría o mandato constitucional ao desnaturalizar o contido básico do convenio [...] Para regular as relacións lei-convenio colectivo non pode falarse en rigor do principio de xerarquía, senón do de competencia, xa que tanto a lei como o convenio colectivo son normas primarias que emanan directamente da Constitución. Xunto á normativa estatal, as partes sociais regulan, dentro das súas competencias, o marco das súas relacións laborais que o Estado delimita nun dobre sentido; dun lado, e por razón «de orde pública e interese xeral», fixa uns límites de dereito necesario inmodificables; e, doutro, establece uns mínimos mellorables. Pero non hai unha relación de subsidiariedade, senón de complementariedade entre o ordenamento estatal e o intersindical”.

<sup>17</sup> Efectivamente, así o deixa meridianamente claro o fundamento xurídico 3.º da STC 210/1990: “O artigo 37.1 CE, nin por si mesmo nin en conexión co artigo 9.3 CE, pode opoñerse ou impedir a produción de efectos das leis na data disposta por estas. É o convenio o que debe respectar e someterse á lei e ás normas de maior rango xerarquico e non ao contrario, sendo constitucionalmente inaceptable que unha lei non poida entrar en vigor na data disposta polo lexislador. A cuestión de cando entra en vigor unha lei, e en xeral da aplicación no tempo desta, son materias en principio de plena competencia do lexislador, tendo este unha amplísima liberdade de configuración e decisión ao respecto. E, se en uso de tal liberdade, o lexislador establece unha data concreta de entrada en vigor, a lei deberá entrar en vigor entón, mesmo cando afecte a convenios colectivos vixentes, sen que tal efecto poida estimarse lesivo do artigo 37.1 CE, nin este precepto poida impedir a produción de efectos da lei na data prevista. Pois, como xa se anticipou, do artigo 37.1 CE non emana nin deriva o suposto dereito a que o establecido no convenio colectivo (no noso caso, en materia de xornada) permaneza inalterado e sexa inmune ao establecido nunha lei posterior ata o momento en que o convenio perda vixencia, mesmo cando a vontade desa lei sexa entrar en vigor inmediatamente na data nela disposta”.

<sup>18</sup> Así pode comprobarse no fundamento xurídico 2.º da STC 171/1989, do 19 de outubro. “Está claro que todo o anterior resulta de aplicarse ao convenio colectivo, máxime no ordenamento español en que o convenio, polo menos, na máis importante das súas manifestacións, alcanza unha «relevancia cuasi-pública», ao ser negociado por suxeitos dotados de representación institucional e adquirir, unha vez negociado, eficacia normativa e incardinarse no sistema de fontes do dereito, someténdose, pois, ás normas de maior rango xerarquico, ao cadro de dereitos fundamentais e, en concreto, ás exigencias derivadas do dereito á igualdade e á non discriminación (SSTC 136/1987 e 177/1988 cuxa doutrina estamos seguindo)”.

## 2.3 O principio de competencia e o de xerarquía dos acordos na STC 129/2019, do 31 de outubro de 2019

Nesta sentenza considérase certamente a posibilidade de que un convenio se mostre inalcanzable a unha lei. O suposto, non obstante, non o é polo fundamento da forza vinculante do artigo 37.1 CE, senón pola atribución de competencias ao Estado en virtude do artigo 149.1 e no contexto da lexislación básica.

Estamos, polo tanto, ante un hipotético suposto xurídico en que, rexendo o principio de distribución de competencias, unha lei autonómica invadiría o espazo lexislativo ocupado xa por unha lei estatal, incorrendo en inconstitucionalidade mediata ou indirecta ao contradicir o texto positivo legal estatal. E é hipotético porque o desenvolvemento da sentenza non concluíu coa estimación da demanda. Simplemente se apuntou unha posibilidade. Unha posibilidade máis na orde teórica ou especulativa, posto que adoptarse lexislativamente esa solución quedaría con total probabilidade a expensas dun xuízo sobre a súa constitucionalidade, ao ser tachada de intensamente restritiva.

A mesma sentenza chega tan lonxe, abrindo expectativas certas, que deseguido afonda na irresistibilidade de lei por enriba da consideración de calquera outras circunstancias. Así, reconduce o argumentario principal ao principio de xerarquía, e máis tendo en conta que a materia autonómica era o control do gasto no duro contexto orzamentario, provocando un voto particular fundamentado na suavidade do meandro xurisprudencial. Cómpre analízalo por partes.

### 2.3.1 A inconstitucionalidade mediata nos acordos de funcionarios

A STC 129/2019 considera no seu fundamento xurídico cuarto, como unha posibilidade certa de garantir legalmente a forza vinculante dos acordos dos funcionarios fronte a todo tipo de normas, que o deseño para a súa suspensión ou modificación se recolla nunha lei estatal básica ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>3</sup> CE. Isto impediríalle a calquera lei autonómica suspender ou modificar calquera acordo funcional, sempre que, por outro lado, a norma básica recollese integramente o enteiro procedemento para a súa modificación ou suspensión sen posibilidade de desenvolvemento lexislativo ningún. A infracción deste suporía, entón, un suposto de inconstitucionalidade mediata ou indirecta.

A hipótese así configurada, que o mesmo Tribunal Constitucional non considera absoluta, senón que establece a cautela do probable xuízo correspondente á súa adecuación constitucional, suporía, para comprender a resistencia do acordo fronte á lei autonómica, un desprazamento do principio de xerarquía ao de distribución de competencias<sup>19</sup>. Isto blindaría o acordo de calquera posibilidade de modificación

<sup>19</sup> A STC 129/2019, do 31 de outubro, exprésase nuns termos indubidables ao respecto no seu fundamento xurídico 4.º: "Unha restrición tan intensa das competencias autonómicas, como a que deriva da interpretación que os recorrentes propoñen, que impediría a intervención do parlamento autonómico na cuestión das retribucións do persoal ao servizo do sector público, mediante o mecanismo concreto da suspensión dos pactos e acordos subscritos entre as administracións e os representantes do persoal ao seu servizo, tería debido establecerse expresamente na norma estatal (nun sentido similar, STC

ou suspensión non só xa fronte á lei autonómica polo principio de distribución de competencias, senón fronte a toda lei, norma con rango de lei e resto de normas de rango xerárquico inferior pola especialización que a normación básica supón ao uniformar unha materia a nivel estatal.

Para chegar a esta conclusión, o Tribunal Constitucional considera previamente diferentes fundamentos constitucionais, en canto ás competencias atribuídas se refire e máis alá das do artigo 149.1 CE para estudar a relación entre a norma estatal e a autonómica. Desta forma, infire a posibilidade apuntada de blindaxe convencional ao concretar que o espazo lexislativo que deixe de ocupar a lexislación básica podería selo no desenvolvemento lexislativo dos parlamentos autonómicos. Se, efectivamente, este espazo é ocupado totalmente pola norma estatal, á autonómica non lle quedaría espazo ningún, posto que cabería sen menoscabar a integridade da estatal.

### 2.3.2 O modelo concreto de relación flexible entre lexislador estatal e autonómico no exercicio lexítimo das súas competencias constitucionais na STC 129/2019

A relación que se establece na citada STC 129/2019 entre a capacidade das comunidades autónomas para definir os seus gastos derivada do artigo 156.1 CE e a de modular esa capacidade polo Estado con fundamento no artigo 149.13 CE ou en calquera outros títulos competenciais deixa certo espazo á ambigüidade.

Podemos observar esa indefinición no mesmo texto que a recolle expresamente, xa que, tras recoñecer a dita capacidade manifestamente con fundamento en diversos autos do Tribunal Constitucional<sup>20</sup>, pasa non só a matizala, senón a cuestionar os seus límites na medida en que o Estado non exercese as súas competencias derivadas de calquera título competencial<sup>21</sup>. Dito doutro xeito, esa capacidade lexitímase polo título competencial habilitante á comunidade autónoma e non tería límites constitucionais máis alá da ortodoxia orzamentaria *per se* se o Estado non tivese feito uso dos seus títulos competenciais. Nese caso, o único límite que o Tribunal Constitucional establece recóllese nunha expresión tan indefinida como dificilmente controlable: os límites que as comunidades autónomas cresen necesarios<sup>22</sup>.

Esta idea, en virtude da cal o equilibrio da relación entre o lexislador estatal e o autonómico pende da posibilidade de que o lexislador estatal exercese as súas

---

106/2019, do 19 de setembro, FX 9), sen prexuízo do xuízo que, se é o caso, tal restrición merecese desde a perspectiva da súa adecuación á orde constitucional de distribución de competencias”.

<sup>20</sup> STC 129/2019, fundamento xurídico 4.º: “A doutrina deste Tribunal sinalou que tanto o artigo 156.1 CE como o artigo 149.1.13 CE presupoñen a capacidade das comunidades autónomas para definir os seus gastos (AATC 5572016, do 1 de marzo, FX 6; 83/2016, do 26 de abril, FX 4 e 145/2016, do 19 de xullo, FX 4). Esa capacidade incardínase precisamente dentro da autonomía financeira que a Constitución lles recoñece ás comunidades autónomas (artigo 156.1 CE)”.

<sup>21</sup> STC 129/2019, fundamento xurídico 4.º: “A capacidade das comunidades autónomas para definir os seus gastos nos correspondentes orzamentos só queda desprazada ou modulada na medida en que o Estado exercese as súas competencias ex artigo 149.1.13 CE ou ao abeiro doutro título competencial”.

<sup>22</sup> STC 129/2019, fundamento xurídico 4.º: “As comunidades autónomas están obrigadas a respectar as medidas de contención do gasto de persoal establecidas polo Estado, pero, respectando as existentes ou non existindo tales medidas, a súa competencia en materia económica facúltaas para levar a cabo as medidas de contención do gasto de persoal que crean necesarias”. Obviamente, o feito de que o caso que trata o TC sexa en relación cos gastos de persoal en nada modifica as aseveracións en relación co alcance competencial da capacidade de definición do gasto.



competencias, reitérase en relación coa fixación da determinación concreta das condicións de traballo por parte das comunidades autónomas do seu persoal con independencia da natureza funcional ou laboral, sempre que as competencias estean recollidas nos seus estatutos de autonomía. O exercicio, así, destas competencias será lexitimamente ilimitado, dentro da ortodoxia xa mencionada, se o Estado non exerce as súas derivadas do artigo 149.1<sup>23</sup>.

O modelo de relación entre lexisladores que define a STC 129/2019 é un espazo lexislativo flexible que se dilata ou se contrae sempre en función de se o lexislador estatal exerce as súas competencias ou non. Na medida en que o faga o lexislador estatal, o autonómico non pode descoñecer ou menoscabar as decisións lexitimas que o estatal adopte. Non obstante, ese espazo que non ocupa o estatal podería ser ocupado ilimitadamente polo autonómico sempre que o seu título competencial o lexitimase en canto á materia se refire.

### 2.3.3 A extensión á lexislación básica da relación flexible norma estatal/norma autonómica no suposto de inconstitucionalidade mediata ou indirecta

A STC 129/2019 expón como queixa principal un caso de inconstitucionalidade mediata<sup>24</sup> que, por outro lado, vai abordar tendo en conta as consideracións antes tratadas na relación norma estatal/norma autonómica. Así, o Tribunal Constitucional analiza esta denuncia considerando como unha posibilidade hipotética que a lei que garanta a forza vinculante dos convenios sexa presidida ao abeiro do principio de distribución de competencias. Isto produciría a quebra do principio de xerarquía en relación co convenio respecto de todas aquelas leis ou normas con rango de lei que lle pretendesen afectar se a relación destas últimas coa norma legal que garantise a forza vinculante do convenio estivese presidida polo principio de distribución de competencias.

Os denunciante, fundamentando o seu escrito en que a lei orzamentaria autonómica tería infrinxido o establecido no artigo 38.10 do texto refundido do Estatuto básico do empregado público 5/2015, do 30 de outubro, ao ter suspendido un acordo de funcionarios sen a observancia do procedemento establecido nese artigo, afirman que a lei autonómica tería incorrido en inconstitucionalidade mediata ou indirecta. Para todo iso, a construción xurídica dos denunciante baséase no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> CE, que lle atribúe ao Estado a competencia en exclusiva para ditar as bases do réxime

<sup>23</sup> STC 129/2019, fundamento xurídico 4.º (último parágrafo *in fine*): "Agora ben, o exercicio que cada comunidade autónoma faga desta competencia enténdese «sen prexuízo das competencias estatais *ex* artigo 149.1 CE» (STC 99/2016, FX 7), isto é, será un exercicio constitucionalmente lexitimo mentres non descoñeza ou menoscabe as decisións que o Estado poida adoptar en virtude das súas competencias propias".

<sup>24</sup> STC 129/2019, fundamento xurídico 3.º: "Segundo a nosa reiterada doutrina (STC 82/2017, do 22 de xuño, FX 5), para que esa infracción constitucional exista, será necesaria a concorrencia de dúas circunstancias. Primeira, que a norma estatal infrinxida pola lei autonómica sexa unha norma básica, no dobre sentido material e formal; polo tanto, ditada lexitimamente ao abeiro do correspondente título competencial que a Constitución reservase ao Estado. E, segunda, que a contradición entre as dúas normas, estatal e autonómica, sexa efectiva e insalvable por vía interpretativa (STC 104/2018, do 4 de outubro, FX 3, as alí citadas)".

estatutario dos funcionarios públicos<sup>25</sup>, bases que inclúen o dito procedemento de suspensión que impiden, polo tanto, a súa modificación pola autonómica.

A primeira resposta do Tribunal Constitucional á mencionada formulación do denunciante é negarlle o fundamento positivo baseado no artigo 149.1.18.<sup>a</sup>. Así, e apelando á doutrina exposta na propia sentenza, esta manifesta que as medidas conxunturais de contención dos gastos de persoal funcionario que as comunidades autónomas poidan adoptar se encadran no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> CE e a súa relación xa comentada co artigo 156.1 CE e en ningún caso co artigo 149.1.18.<sup>a</sup>.

Este desprazamento dos fundamentos constitucionais suporía unha sorte de elusión do dito réxime básico. Nese caso, a relación norma estatal/norma autonómica non estaría presidida polo principio de distribución de competencias e, polo tanto, a norma estatal non serviría de garantía en relación coa forza vinculante do acordo de funcionarios, polo menos respecto do seu réxime de suspensión. O acordo de funcionarios tería unha relación xerárquica coa lei orzamentaria autonómica, non podendo resistirse á suspensión.

Non obstante, o propio enfoque exposto polo Tribunal Constitucional abócao a unha disxunción. Por un lado, e na medida en que o Estado, *ex* artigo 149.1.18.<sup>a</sup>, ten a competencia en exclusiva para establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos, o texto refundido do Estatuto básico do empregado público establece no seu artigo 38.10 unha regulación concreta básica que fai referencia á suspensión dos acordos de funcionarios que, con independencia do encaixe conceptual que se realice referido ao caso concreto da contención do gasto, ten un alcance propio. O procedemento de suspensión forma parte das bases dese réxime e, polo tanto, a lexislación autonómica non o pode ignorar.

Nese punto é onde o Tribunal Constitucional sitúa a posibilidade hipotética recollendo as pretensións do denunciante. Deste xeito, se o lexislador básico tivese esgotado o réxime de suspensión do acordo, ese réxime hipotético tería suposto unha restrición absoluta ao lexislador autonómico en canto á posibilidade de suspender o acordo por medio de actos lexislativos autonómicos. Na medida en que non se deu, é onde o Constitucional fundamenta a intervención do autonómico suspendendo; é dicir, grazas a que a norma estatal non esgota o réxime, o autonómico ten espazo para desenvolver o réxime legal de suspensión sempre que non menoscabe nin descoñeza o estatal.

Pola súa vez, se o estatal o esgotase, isto suporía unha restrición tal que o verdadeiro alcance da restrición comprendería unha completa desvinculación do principio de xerarquía do acordo de funcionarios que só o vincularía xerarquicamente coa norma básica estatal, desvinculación non só xa en relación co lexislador autonómico, senón con calquera outra norma legal, establecendo neste caso unha sorte de reserva

---

<sup>25</sup> STC 129/2019, fundamento xurídico 3.º: "De acordo co artigo 149.1.18 CE e a doutrina constitucional que o interpretou, o Estado ten competencia para establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos, expresión que debe entenderse referida aos de todas as administracións públicas, incluíndo o persoal estatutario dos servizos de saúde (STC 2072017, do 2 de febreiro, FX 2)".

convencional en garantía da forza vinculante<sup>26</sup>. Situación que o mesmo Tribunal Constitucional manifesta que non pode interpretarse así no caso concreto que trata na STC 129/2019, pero que, á luz da propia redacción do artigo 38.10 do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, interpreta abrindo unha vía hipotética de esgotamento do réxime de suspensión por parte do lexislador básico.

E esa interpretación, no caso concreto desta sentenza, non é posible, segundo o Constitucional, porque unha restrición tan intensa se debería recoller expresamente no teor literal do artigo, sen prexuízo do xuízo da súa adecuación á orde constitucional. Deste xeito, o Tribunal Constitucional estende a xa comentada relación flexible entre norma estatal-norma autonómica á orde das relacións entre a lexislación básica e a de desenvolvemento como unha das posibles do artigo 14.9.1, como se afirma no tamén xa citado fundamento xurídico terceiro último parágrafo, aínda que de maneira xenérica para todas as competencias que aí se recollen. Isto permite inferir que a intervención estatal básica no concreto artigo 38.10 do texto refundido do Estatuto básico do empregado público é facultativa e superior xerarquicamente, ao ser a norma estatal a que marca o límite de flexibilidade, a medida do infranqueable, para a autonómica, que non pode descoñecer nin menoscar as decisións que o Estado poida adoptar en virtude das súas competencias propias, de modo que se o Estado, por medio da norma básica, tivese querido unha restrición tan intensa, a tería recollido expresamente. Como non o fixo, isto permítelle ao lexislador autonómico suspender a aplicación do acordo de funcionarios.

### 2.3.4 A adecuación do principio de distribución de competencias e o de xerarquía na relación flexible entre norma estatal-norma autonómica

A vía interpretativa que abre o Constitucional no citado fundamento xurídico cuarto da STC 129/2019 é tan profunda, mesmo sendo unha mera posibilidade hipotética, que o obriga a reconducir a situación afirmando como primordial na relación dos pactos, acordos ou convenios a subordinación, en todo caso, á lei<sup>27</sup>.

Nese zigzagueo que a sentenza presenta, esta afirmación dáenos, pola súa contundencia, como un fito que serve como un punto de referencia para encadrar nos seus xustos termos a hipótese anteriormente presentada. E tanto é isto así, que na remisión a unha sentenza anterior o tratado nesta que se comenta se considera como “un caso xa examinado pola doutrina constitucional, ben que desde unha perspectiva diferente”<sup>28</sup>. En definitiva, a afirmación que encadra esencialmente as relacións entre

<sup>26</sup> STC 129/2019, fundamento xurídico 4.º: “Non pode deducirse dos artigos 32.2 e 38.10 TRLEEP que o lexislador estatal lles quixese reservar unha marxe de liberdade ás administracións, sen someterse a normas legais de ningún tipo, de xeito que non poida o lexislador (aquí o lexislador orzamentario da Comunidade de Madrid) interferir nin regular ningún aspecto do réxime dos acordos, pactos ou convenios subscritos co persoal laboral e funcionario do sector público autonómico, so pena de inconstitucionalidade da lei que así o estableza”.

<sup>27</sup> O último parágrafo do punto a) do fundamento xurídico 4.º da STC 129/2019 é inequívoco: “Ademais, non pode pasarse por alto que os acordos, pactos ou convenios están subordinados ás normas con rango de lei, polo que estas poden acordar a súa suspensión ou modificación, sen que resulte de aplicación o disposto nos artigos 32.2 e 38.10 TRLEEP. Non cabe aquí falar dunha “reserva de administración” de determinadas decisións que serían así inaccesibles ao lexislador”.

<sup>28</sup> No fundamento xurídico cuarto da STC 129/2019 faise unha remisión á STC 104/2019 no seu fundamento xurídico duodécimo, que expresamente recolle a subordinación non só á lei, senón ao regulamento de toda situación xurídica obxectiva

lei e pactos, acordos e convenios no principio de xerarquía obriga o Constitucional a explicar cando entra en xogo, entre leis e normas con rango de lei, o principio de distribución de competencias.

E, neste punto, a clave de bóveda do razoamento xurídico da Sentenza 129/2019 atópase no sentido das leis e nos obxectivos buscados por estas. A norma estatal básica ten como finalidade regular con carácter xeral o réxime de suspensión fronte á norma autonómica, cuxos obxectivos son coadxuvar a un fin concreto que neste caso é o cumprimento de obxectivos de estabilidade orzamentaria. Para alcanzar tales fins, a autonómica afecta, entre outras medidas legais, a condicións concretas recoñecidas a empregados públicos, tanto daqueles que prestan os seus servizos na Administración como dos que o fan no sector público en xeral.

É a natureza das leis a que explica que, nun contexto de redución do gasto e do déficit público, o lexislador autonómico adopte medidas concretas de política retributiva dos empregados públicos, entre as que se atopan a suspensión de acordos de funcionarios. Non se pretende modificar o réxime xeral de suspensión dos acordos, senón que estes se suspenden como unha das medidas estabilizadoras dentro dun conxunto de carácter estatal e autonómico que, incidindo nas condicións laborais dos empregados públicos, perseguen obxectivos distintos á regulación abstracta da suspensión de pactos, acordos e convenios. E todo iso realízase con fundamentación xurídico-constitucional distinta e sen prexuízo das competencias estatais ex artigo 149.1 CE<sup>29</sup>.

Polo tanto, as relacións que establece o Tribunal Constitucional de cara a cando entra en xogo o principio de distribución de competencias e cando o de xerarquía quedan claramente delimitadas. O carácter abstracto propio do réxime xeral correspóndelle á norma estatal básica que impediría por esgotamento e amparado no principio de distribución de competencias a invasión de calquera lei autonómica se superase o xuízo de constitucionalidade. O de xerarquía permitiría medidas de corte instrumental e conxuntural á norma autonómica que poderían prever, entre outras, a suspensión. E, indo aínda máis lonxe e co mesmo razoamento, esa suspensión instrumental podería ser adoptada, e amparada polo de xerarquía, por unha norma estatal non básica se fose necesaria para a obtención dun fin xustificadamente e amparado constitucionalmente.

Con este razoamento, podería parecer que o propio Tribunal Constitucional incorre nunha *contradictio in terminis*. Se, efectivamente, o lexislador autonómico non está a afectar ao réxime xeral de suspensión, entón sería indiferente esgotar este na norma básica, xa que o propio carácter instrumental xustificaría a suspensión. Non obstante, o propio Tribunal manifesta que semellante medida restritiva, que

---

en que se atopa calquera funcionario con independencia dos cambios lícitos que unilateralmente se produzan por parte do lexislador: "O funcionario que ingresa a servizo da Administración pública colócase nunha situación obxectiva, definida legal e regulamentariamente e, por iso, modificable por un ou outro instrumento normativo de acordo cos principios de reserva de lei e de legalidade, sen que, consecuentemente, poida exixir que a situación estatutaria quede conxelada nos termos en que se achaba regulada no momento do seu ingreso".

<sup>29</sup> Cfr. fundamento xurídico 4 b) STC 129/2019.

impediría suspender o acordo pola autonómica creando unha especie de reserva de administración, tería sido necesario recollela expresamente na lei básica.

### 2.3.5 O voto particular: o réxime básico non pode enervarse por medidas instrumentais ao servizo de políticas concretas

A encrucillada a que chega neste punto o Tribunal Constitucional provoca un voto particular do maxistrado D. Fernando Valdés Dal-Ré, que sinala no último parágrafo e como o máis relevante deste dous puntos intimamente conectados e referidos aos límites na relación norma estatal-norma autonómica.

O primeiro deles sitúa a cuestión nos mesmos fundamentos constitucionais, de tal maneira que nega a posibilidade de distinguir un réxime abstracto e xeral e outro concreto e instrumental para a suspensión. Todo queda suxeito, no que se refire aos acordos de funcionarios, no artigo 149.1.18.<sup>a</sup>, que faculta o Estado a ditar as bases do réxime estatutario dos funcionarios. Así, nega a posibilidade de elusión a través da fundamentación do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> en combinación co artigo 156.1 de medidas de contención do gasto nun contexto de lexislación orzamentaria, sinalando un desprazamento indebido que supón, unha vez máis, unha *vis expansiva* das bases e coordinación da planificación xeral.

Isto lévao, pola súa vez, a establecer unha relación entre a norma básica e a de desenvolvemento moito menos flexible ao afirmar que a suspensión dos acordos por parte do acto lexislativo da Comunidade Autónoma de Madrid unicamente é posible por estar prevista no artigo 38.10 do texto refundido do Estatuto básico do empregado público. Todo iso quere dicir que, de non telo estado, o lexislador autónomo tería vulnerado as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos e incorrido en inconstitucionalidade. Ao poñer, polo tanto, o parámetro de contraste da constitucionalidade nas bases do artigo 149.1.18.<sup>a</sup>, está recoñecendo explicitamente que á suspensión só cabe atribuírlle un réxime xeral e abstracto.

O segundo punto infírese inmediatamente do anterior no feito de que a suspensión instrumental, elusiva do réxime xeral recollido no texto refundido do Estatuto básico do empregado público, ao servizo dunha política de contención do gasto con fins estabilizadores, non tería amparo constitucional ningún, aínda que estivese recollida nunha lei. Un fundamento constitucional non exime o descoñecemento doutros. Dito doutro xeito, o deseño dunha política concreta ao amparo dalgún título competencial constitucional non fai quebrar a comprensión sistemática da Constitución<sup>30</sup>.

<sup>30</sup> O voto particular, non obstante, salvou a decisión desestimatoria en relación coa inconstitucionalidade mediata, xa que ao seu xuízo non cabía apreciar contradición efectiva e insalvable en relación coa citada regulación estatal, que no que a este estudo lle interesa se centra no artigo 38.10 do texto refundido do Estatuto básico do empregado público. Dúas son as consideracións apuntadas para salvar a decisión. A primeira fúndase en que o Estado carece de competencias para determinar que órgano autonómico debe exercer unha determinada competencia por formar parte da potestade autonómica de autoorganización. A segunda refírese ao deber de información ás organizacións sindicais que daba por cumprida ao non contemplar a normativa estatal se debía ser previa ou posterior (cfr. voto particular STC 129/2019).

## 2.4 Tres elementos de análise da STC 129/2019 para precisar o lugar concreto que ocupa o acordo de funcionarios no ordenamento xurídico

A combinación entre os razoamentos vertidos nos fundamentos xurídicos terceiro e cuarto xunto con algúns extremos vertidos no voto particular dá lugar á posibilidade de centrar a análise en tres elementos.

O primeiro deles atópase no voto particular, onde se afirma o seguinte: “Pero impórtame sobre todo destacar que, de non estar prevista a suspensión de pactos e acordos no TRLEEP, a norma autonómica non tería superado o xuízo de constitucionalidade, o que corrobora que son os artigos 32.2 e 38.10 TRLEEP o parámetro decisivo de contraste. En efecto, sen contar co soporte do disposto no TRLEEP, a Comunidade de Madrid tería invadido a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación laboral e vulnerado as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos”.

A lexislación básica foi definida polo Tribunal Constitucional orixinariamente des- de un concepto material de bases<sup>31</sup>. Co paso do tempo, o mesmo Tribunal estableceu definitivamente os requisitos formais para garantir a seguridade xurídica<sup>32</sup>. O réxime da normación básica construíuse combinando o recoñecemento duns criterios obxectivos que, segundo a súa propia natureza, uniformizan en todo o territorio nacional unha materia, creando un marco lexislativo básico para defender o interese xeral. Este marco deixa o espazo normativo correspondente ás comunidades autónomas para que nas súas lexislacións de desenvolvemento defendan os seus intereses particulares dando lugar a unha multiplicidade de solucións autónomas dentro dun marco básico común<sup>33</sup>. A dobre garantía de que, por un lado, sexa a lei formal votada nas Cortes a

<sup>31</sup> “Polo de pronto, xa na temperá STC 32/1981 (FX 6) formulouse o que pasou a denominarse concepto material de bases: «a noción de bases ou de normas básicas debe ser entendida como noción material e, en consecuencia, eses principios ou criterios básicos, estean ou non formulados como tales, son os que racionalmente se deducen da lexislación vixente». Esta importantísima declaración foi con posterioridade numerosas veces reiterada (entre outras máis, SSTC 48/1988, 49/1988, 13/1989, 147/1991, 135/1992, 225/1993, 197/1996, etc.), consolidándose, pois –sen prexuízo de certos matices en verdade, como logo se verá, unha noción material de bases que pon de relevo ante todo que a cualificación de norma básica depende en última instancia da súa natureza e contido”. FERNÁNDEZ FARRERES, G., *La contribución del Tribunal Constitucional al Estado Autonómico*, Lustel, Madrid, 2005, p. 251.

<sup>32</sup> STC 69/1988, do 19 de abril. BOE n. 108, do 5 de maio de 1988, fundamento xurídico 6.º: “Nos primeiros anos de vixencia da Constitución, nos que a tarefa urxente que impuña a implantación do sistema de distribución de competencias consistía en adaptar a lexislación anterior á nova orde constitucional e non lle era posible ao Estado despreñar unha actividade lexislativa tan intensa que puidese, de xeito inmediato, configurar todas as ordenacións básicas que prevén a Constitución e os estatutos, resultaba inevitable que o concepto material de «norma básica» adquirise excepcional relevancia co fin de conseguir, do modo máis rápido e eficaz, a progresiva determinación dos espazos normativo estatal e autonómico, quedando, por conseguinte, nun segundo plano o compoñente formal incluído na referida doutrina constitucional. Superada esa inicial situación pola realidade actual dunha orde distributiva competencial en avanzado estado de construción, ese compoñente formal adquire unha maior transcendencia como garantía de certeza xurídica na articulación das competencias estatais e autonómicas, o cal se manifesta imprescindible no logro dunha clara e segura delimitación destas a través de instrumentos normativos que reduzan, de xeito inequívoco, a indeterminación formal das normas básicas ata o nivel que resulte compatible co principio de seguridade xurídica, que proclame o artigo 9.3 da Constitución e cuxa presenza efectiva no ordenamento xurídico, especialmente no tan complicado e importante da organización e funcionamento do Estado das autonomías, é esencial ao Estado de dereito que a propia Constitución consagra no seu artigo 1.1º”.

<sup>33</sup> Isto xa queda claro na xa afastada no tempo STC 32/1981, do 28 de xullo (BOE n. 193, do 13 de agosto de 1981): “A garantía constitucional é de carácter xeral e configuradora dun modelo de Estado, e iso conduce, como consecuencia obrigada, a entender que corresponde a este a fixación de principios ou criterios básicos en materia de organización e competencia de xeral aplicación en todo o Estado. A fixación destas condicións básicas non pode implicar en ningún caso o establecemento dun réxime uniforme para todas as entidades locais de todo o Estado, senón que debe permitir opcións diversas, xa que a

que defina o básico impide que o espazo de normación básica quede dentro dunha masa normativa indeterminada, e, por outro, o propio xuízo de constitucionalidade reservado ao Tribunal Constitucional referido á cualificación que dea o lexislador estatal en relación co que se entende materialmente por básico aseguran a seguridade xurídica exixida constitucionalmente<sup>34</sup>.

Todo o anterior fai que a afirmación referida á imprevisión de réxime ningún de suspensión na lei básica levaría inevitablemente a un xuízo de inconstitucionalidade por invasión competencial sexa rotunda en exceso. O feito de que o réxime de suspensión estea formalmente recollido na lei non implica necesariamente que sexa básico pola súa natureza, xa que podería desbordar os límites do básico ou ser contrario á súa propia natureza e incorrer en inconstitucionalidade na medida en que sexa impugnada e declarada como tal polo Tribunal Constitucional. Por outro lado, a inexistencia de calquera tipo de réxime de suspensión na lei non tería que impedir a posibilidade da súa contemplación na lexislación de desenvolvemento se esta o considerase motivadamente como un desenvolvemento das bases. Tamén, e conforme o artigo 149.3 CE, as comunidades autónomas poden asumir nos seus estatutos competencias non básicas na materia correspondente sempre que non entren en contradición coa lexislación básica. E, por último e sen pretensión de ser exhaustivos, tampouco o feito mesmo de que non existise formalmente lexislación básica ningunha impediría un desenvolvemento lexislativo nese sentido sempre que puidese inferirse da lexislación vixente, pre ou posconstitucional<sup>35</sup>.

O segundo deles formúlase no fundamento xurídico cuarto da sentenza no que a relación flexible da normación básica e de desenvolvemento apunta a certa superioridade da básica sobre o desenvolvemento e que pode significar a clave interpretativa para dilucidar o lugar que ocupa o acordo de funcionarios na pirámide normativa.

---

potestade normativa das comunidades autónomas non é nestes supostos de carácter regulamentario. No respecto das condicións básica, polo tanto, as comunidades autónomas poderán legislar libremente”.

<sup>34</sup> STC 69/1988, do 19 de abril, fundamento xurídico 5.º: “Á satisfacción da primeira das ditas finalidades responde o concepto material de «norma básica», acuñado pola citada doutrina constitucional, conforme a cal a definición do básico polo lexislador estatal non supón que deba aceptarse que, en realidade, a norma ten ese carácter, pois, en caso de ser impugnada, corresponde a este Tribunal, como intérprete supremo da Constitución, revisar a cualificación feita polo lexislador e decidir, en última instancia, se é materialmente básica. [...] Á segunda finalidade atende o principio de lei formal que a mesma doutrina acolle en razón a que só a través deste instrumento normativo se alcanzará, coas garantías inherentes ao procedemento lexislativo, unha determinación certa e estable dos ámbitos respectivos de ordenación das materias nas que concorren e se articulan as competencias básicas estatais e as lexislativas e regulamentarias autonómicas”.

<sup>35</sup> “Agora ben, admitida desde o primeiro momento, e mantida ao longo do tempo, a posibilidade de inferir normas básicas da lexislación vixente, sexa pre ou posconstitucional (entre as máis recentes, STC 14/2004, que deduce o carácter básico de diversos preceptos da Lei 25/1964, de enerxía nuclear), as SSTC 37/2002 e 1/2003 acabaron por impor un límite taxativo, ao exporse, tal como se di na primeira das sentenzas (FX 9), se é posible «inferir normas básicas da lexislación preconstitucional nunha materia en que o lexislador estatal posconstitucional procedeu a establecer dunha maneira aparentemente completa, no exercicio das súas competencias, as bases desta, sen que declarase básicas aquelas normas preconstitucionais» [...] as competencias básicas estatais e as lexislativas e regulamentarias autonómicas mal se compadecen coa posibilidade de poder seguir inferindo bases das normas legais preconstitucionais cando o lexislador estatal constitucional procedeu no exercicio da competencia constitucionalmente atribuída a establecer de maneira aparentemente completa e innovadora as bases sobre unha determinada materia, a menos que declare expresamente a pretendida natureza básica das normas legais preconstitucionais ou a dita natureza resulte, sen dúbida, de seren estas un complemento indispensable das normas básicas posconstitucionais por deducirse da súa propia estrutura que non pretenderon esgotar a regulación de todos os aspectos da materia”. FERNÁNDEZ FARRERES, G., *La contribución del Tribunal Constitucional al Estado Autonómico*, cit., p. 309.

Así, e partindo da cita de certa xurisprudencia do mesmo Tribunal Constitucional no sentido de que a negociación colectiva “non é límite nin condición para a potestade legislativa do parlamento autonómico, só limitado en dereito pola norma suprema e polo control estritamente xurídico derivado dela que este Tribunal ten encomendado (STC 87/2018, de xullo, FX 3), recoñécese a posibilidade, como xa se comentou anteriormente, de establecer unha restrición tan intensa que sitúe a negociación e o froito desta –no caso que nos ocupa, o acordo de funcionarios– fóra do alcance do lexislador autonómico”. Todo iso, “sen prexuízo do xuízo que, se é o caso, tal restrición merecese desde a perspectiva da súa adecuación á orde constitucional de distribución de competencias”.

O primeiro que se debe expor é que nesa relación entre leis básicas e de desenvolvemento non hai unha posición de subordinación. Unha lei é unha lei, é dicir, a expresión da vontade popular e dentro da Constitución, e sempre compatible con ela, ocupa a cúspide da xerarquía normativa. Non hai confusión ningunha coa delegación legislativa<sup>36</sup>. A relación existente entre a lexislación básica e a de desenvolvemento réxese pola distribución de competencias que vén expresada na Constitución, de tal maneira que esta lle reserva a competencia exclusiva ao Estado para regular a lexislación básica. Establece, deste xeito, o alcance concreto que unha determinada lei en relación cunha materia determinada e recollida no artigo 149.1 CE debe ter. A lexislación básica non pode tratar calquera materia nin de calquera modo; debe establecer unha regulación que incorpore ao ordenamento xurídico os criterios obxectivos que unifiquen en todo no territorio nacional unha materia en defensa do interese xeral, deixando o espazo suficiente para que estes criterios se desenvolvan lexislativamente en cada unha das comunidades autónomas, concretando así, desde o respecto a estes criterios básicos, os intereses autonómicos concretos. Isto dará lugar a unha pluralidade de solucións dentro dun mesmo ordenamento xurídico.

A lexislación básica, aprobada nas Cortes, debe esgotar o mandato constitucional e regular enteiramente as bases, non simplemente aqueles aspectos que considere oportunos politicamente. Isto non quere dicir que a lexislación básica sexa promulgada dunha vez e para sempre, posto que unha lei básica pode modificarse ou derrogarse, xa que a consideración dos criterios obxectivos, ese mínimo común denominador normativo, non deixa de ser obxecto de apreciación política. Porén, os criterios unificadores non son obxecto de componendas, de tal maneira que queden ao arbitrio do poder nas Cortes, podendo restrinxir o alcance das bases para dar maior espazo ao desenvolvemento lexislativo ou expandilas para reducilas ao mínimo ou esgotalas en función da oportunidade política definindo as bases así polo alcance que destas lle dea a lei formal que as regula en cada momento. As bases defínense ontoloxicamente e non están sometidas ao principio de oportunidade política, o cal

<sup>36</sup> O Tribunal Constitucional non deixou lugar a dúbidas reiterando a xa temperá xurisprudencia STC 1/1982, do 28 de xaneiro: “Este Tribunal, no fundamento sexto da súa Sentenza do 28 de xullo de 1981, xa sinalou que «o exercicio da competencia estatal para o establecemento das bases ou lexislación básica a que en distintos parágrafos do seu apartado primeiro se refire o artigo 149 non require, de ningún xeito, a promulgación de leis de bases ou de leis marcos». Así, pois, as bases a que se refiren no noso caso os parágrafos 11 e 13 do artigo 149.1 CE non teñen nada que ver coa delegación legislativa de que tratan os artigos 82 e 83 da Constitución, nin se identifican con leis marco reguladas polo artigo 150.1”.



non quere dicir que esta natureza obxectiva non sexa obxecto de aprobación nas Cortes e froito da negociación, pero o aprobado nas Cortes, na medida en que non se axuste materialmente ao que debe ser entendido por bases, poderá ser declarado inconstitucional.

Polo tanto, o manifestado polo Tribunal Constitucional no sentido de que unha restrición tan intensa que lle tivese impedido ao parlamento autonómico intervir nunha cuestión concreta tería debido establecerse na lei estatal podería entenderse como unha aplicación do principio de oportunidade no ámbito concreto do lexislador. Non se esgota o mandato constitucional de regular enteiramente as bases para dar máis espazo lexislativo ao poder político autonómico, o que realmente convertería nunha norma flexible a lei básica que se ensancharía ou se estreitaría a conveniencia política.

Isto non é así, a lei estatal debe regular enteiramente as bases e estas teñen unha natureza que define o seu alcance e límites, que é o que precisamente controla o Tribunal Constitucional. A partir destas, o lexislador autonómico desenvólveas para dar forma legal ás peculiaridades do seu ámbito territorial autonómico. As bases protexen o interese xeral da nación, e os desenvolvementos, o dos ámbitos autonómicos. A unión das dúas lexislacións forma un todo unitario sobre unha materia cuxa expresión é plural autonomicamente. Polo tanto, estamos ante dous espazos lexislativos rexidos polo principio de distribución de competencias que en cada un deles as leis respectivas cumpren un mandato constitucional concreto que non poden desbordar nin o poder político pode moldear aos seus intereses concretos.

O terceiro deles correspóndese co expresado no fundamento cuarto a) e b) e no voto particular referido á posibilidade de desactivar ou evitar, como con gran precisión se manifesta no voto particular, o disposto no texto refundido do Estatuto básico do empregado público. En síntese, e tras defender a posibilidade de configurar unha restrición tan intensa ao poder lexislativo creando o que sería unha “reserva de administración” como efecto desa restrición, o Tribunal razoa que todo tipo de froito da negociación colectiva, é dicir, os acordos de funcionarios, entre outros, están sometidos xerarquicamente á lei. A todo tipo de lei. Polo tanto, expresa tallantemente: “Non cabe aquí falar dunha «reserva de administración». Para iso, vén fundamentar que a lexislación emanada do mandato do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> CE, é dicir, os artigos do estatuto básico, quedaría desactivada ante o desprazamento a distintos fundamentos constitucionais e autonómicos, neste caso o artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e o artigo 156.1 CE, xunto co artigo 51 do Estatuto de autonomía da Comunidade de Madrid, que deste xeito lle permitirían ao lexislador autonómico non caer en inconstitucionalidade mediata ao non perseguir a súa actuación lexislativa substituír no mandato constitucional o lexislador estatal básico”.

E neste punto cabe dicir que o voto particular apunta na correcta dirección, ao sinalar que non se pode descoñecer unha parte da Constitución para fundamentar actuacións lexislativas noutra. Isto sería constitucionalismo á carta. Como o obxecto da miña lexislación non é regular as bases por mandato do artigo 149.1.18.<sup>a</sup>, podó

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

descoñecelas sempre cun fin instrumental ao servizo de políticas de carácter superior. Neste caso orzamentarias<sup>37</sup>”.

E, nesta situación límite en que o poder lexislativo na súa faceta orzamentaria quedaba limitado polo acordado no seo dunha negociación colectiva, ponse de manifesto con total claridade que nun Estado descentralizado como o noso os centros políticos autonómicos non poden quedar sometidos ao acordado en negociacións colectivas. A soberanía nacional que se expresa nas Cortes Xerais e nos parlamentos autonómicos non pode quedar subordinada, baixo ningunha circunstancia, a acordos que non deixan de responder a intereses particulares por moita representación institucional que se lle queira dar á configuración das mesas de negociación.

O nó gordiano da cuestión está perfectamente expresado no fundamento cuarto: “Ademais, non pode pasarse por alto que os acordos, pactos ou convenios están subordinados ás normas con rango de lei”. A toda norma con rango de lei, con independencia de que fose promulgada polas Cortes ou por calquera parlamento autonómico. De aí que prosiga: “polo que estas poden acordar a súa suspensión ou modificación, sen que resulte de aplicación o disposto nos artigos 32.2 e 38.10 TREBEP”.

A subordinación á lei, a calquera lei, queda meridianamente clara; o que xa é máis discutible é a desactivación dunha parte dunha lei básica en favor doutra en determinados casos. O que cabe formularse é se non estaremos ante un exceso da lei básica que lexislou tan detalladamente que provocou un conflito tan evidente como o que estamos a tratar. A propia lóxica constitucional leva a rexeitar tanto nos fundamentos como no voto particular a pretensión dos demandantes de someter o poder lexislativo autonómico ao acordado nunha negociación colectiva e, non obstante, a solución do Tribunal pasa por un cambio na fundamentación que desactiva unha parte desta no caso concreto.

## 2.5 O alcance dos acordos de funcionarios e a súa relación coas normas regulamentarias

En definitiva, a posición no ordenamento xurídico dos acordos de funcionarios atopa unha barreira infranqueable na lei á cal quedan sometidos en calquera dos casos, como xa quedou demostrado. Non obstante, a posición deste e dos regulamentos de novo xera moitas dúbidas (ou quizais ningunha) pola propia redacción do artigo 38 do texto refundido do Estatuto básico do empregado público.

De novo, estamos no contexto dunha lei formalmente básica e no capítulo IV intitulado *Dereito á negociación colectiva, representación e participación institucional. Dereito de reunión*. O punto terceiro do artigo 38 no seu primeiro parágrafo establece na súa redacción a posibilidade de alterar o sistema de fontes infralegais ao prever que os acordos de funcionarios, que unicamente versarán sobre materias competencia dos órganos de goberno das administracións públicas, terán que ser aprobados

---

<sup>37</sup> Como claramente expresa o maxistrado D. Fernando Valdés Dal-Ré remarcando a unidade sistemática da Constitución: “A autonomía das comunidades autónomas para determinar a súa propia política de ordenación de gasto non os habilita, de ningún xeito, para descoñecer ou invadir as competencias do Estado noutros ámbitos materiais distintos ao artigo 149.1.13.”.

expresa e formalmente por tales órganos de goberno para a súa validez e eficacia. Unha vez ratificados e que afecten a temas que poden ser definitivamente decididos polos órganos de goberno, o contido destes será válido, eficaz e directamente aplicable ao persoal incluído no seu ámbito de aplicación. Isto con independencia das normas regulamentarias que estean en vigor, que, para os efectos formais, haberá que modificar ou derrogar.

O texto sitúanos nun ámbito de indeterminación considerable. En primeiro lugar, establece que os acordos só versarán sobre materias competencia dos órganos de goberno e, dentro destas, aquelas que afecten a temas que poidan ser decididos de forma definitiva polos ditos órganos serán válidos e eficaces e en relación co persoal incluído no seu ámbito de aplicación, ademais directamente aplicables. Todo iso producirá un cambio na vinculación positiva ao ordenamento xurídico, neste ámbito concreto definido en canto ao alcance destes acordos, que producirá unha alteración no sistema de fontes real e práctica, con independencia de que formalmente haxa que modificar ou derrogar os regulamentos correspondentes.

O teor literal é o suficientemente indeterminado como para albiscar que non será sinxelo saber con total certeza en que casos se aplicará o convenio, en que outros haberá que acudir ao regulamento e cando haberá que modificar ou derogalos, xa que a expresión “temas que poden ser decididos de forma definitiva polos órganos de goberno” é dunha indeterminación tan evidente que a súa interpretación, ao introducir a mera posibilidade de que poidan ser decididos, é en si mesma moi dificilmente casable coa necesaria seguridade xurídica que debe presidir o enteiro ordenamento xurídico.

## Bibliografía

FERNÁNDEZ FARRERES, G., *La contribución del Tribunal Constitucional al Estado Autonómico*, Iustel, Madrid, 2005.

REGAP



COMENTARIOS E CRÓNICAS





Revista Galega de Administración Pública, EGAP  
Núm. 64\_xullo-decembro 2022 | pp. 163-174  
Santiago de Compostela, 2022  
[Vhttps://doi.org/10.36402/regap.v2i64.4971](https://doi.org/10.36402/regap.v2i64.4971)  
© Ángela María Viqueira Allo  
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371  
Recibido: 05/10/2022 | Aceptado: 29/11/2022  
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

## Reclamación das retribucións complementarias dun posto de categoría superior

Reclamación de las retribuciones complementarias de un puesto de categoría superior

Claiming supplementary remuneration for a higher-ranking post

64 Regap

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

ÁNGELA MARÍA VIQUEIRA ALLO

Funcionaria da Administración local con habilitación de carácter nacional

Subescala de secretaría-intervención

[angelaallo@hotmail.com](mailto:angelaallo@hotmail.com)

**Resumo:** Análise sobre o dereito a percibir os emolumentos derivados do complemento de destino e específicos propios do posto de superior categoría que efectivamente desempeñan. Problemática sobre reclamacións económicas por parte de traballadores que veñen realizando funcións de superior categoría con carácter estable, continuado e por orde expresa da propia Administración cando realmente desempeña un posto de menor categoría á que non lle corresponden as funcións que efectivamente está a realizar de conformidade co previsto na relación de postos de traballo. Requisitos e procedencia ou improcedencia da solicitude.

**Palabras clave:** Diferenzas retributivas, complemento específico, complemento de destino, reclamación económica, funcións de superior categoría.

**Resumen:** Análisis sobre el derecho a percibir los emolumentos derivados del complemento de destino y específicos propios del puesto de superior categoría que efectivamente desempeñan. Problemática sobre reclamaciones económicas por parte de trabajadores que vienen realizando funciones de superior

categoría con carácter estable, continuado y por orden expresa de la propia Administración cuando realmente desempeña un puesto de menor categoría a la que no le corresponden las funciones que efectivamente está realizando de conformidad con lo previsto en la relación de puestos de trabajo. Requisitos y procedencia o improcedencia de la solicitud.

**Palabras clave:** Diferencias retributivas, complemento específico, complemento de destino, reclamación económica, funciones de superior categoría.

**Abstract:** Analysis of the right to receive emoluments stemming from additional allowances and specific payments for the higher category position that they actually hold. Problems concerning financial claims by workers who have been performing higher category functions on a stable, continuous basis and by express order of the Administration itself when they actually hold a position of a lower category to which the functions they are in fact performing do not correspond in accordance with the provisions of the list of positions. Requirements and the appropriateness or inappropriateness of the application.

**Key words:** Differences in remuneration, specific allowance, destination allowance, financial claim, higher category duties.

O artigo 128 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), indica que: “1. *As corporacións locais aprobarán e publicarán anualmente, dentro do prazo dun mes desde a aprobación do seu orzamento, a oferta de emprego público para o ano correspondente, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e aos criterios que regulamentariamente se establezan en desenvolvemento da normativa básica estatal para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das administracións públicas (...)*”.

Non obstante, durante os últimos anos os orzamentos xerais do Estado, prorrogados nalgúns casos, como o último de 2018, establecen limitacións ás ofertas de emprego público a través da coñecida e controvertida taxa de reposición, tendo na actualidade en cuestión a excepcional oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal.

Esta decisión implicou que a Administración vise incrementada a súa carga de traballo como consecuencia da implantación de novos sistemas de xestión e plataformas tendentes a avanzar no campo da Administración electrónica, sen que se incrementase de xeito proporcional o persoal necesario para afrontar estes cambios.

Esta situación conduciu a que en incontables ocasións o persoal ao servizo das administracións tivese que realizar funcións de superior categoría como consecuencia da escaseza de efectivos, sen que fose retribuído polas tarefas realizadas.

Así, atopámonos ante unha situación de desprotección dos traballadores da Administración que, de boa fe, e a prol do bo funcionamento desta, realizan tarefas que non só non lles corresponden, senón que nas relacións de postos de traballo están previstas para categorías superiores ás que desempeñan.

Esta implantación de novos sistemas de xestión e plataformas tendentes a avanzar no campo da Administración electrónica puxo de manifesto o absoluto atraso existente na Administración municipal, o descoñecemento por parte do persoal e, polo tanto, a posta a punto en tempo récord para adaptarse a unha realidade que lle quedaba lonxe. Unhas entidades adaptáronse unindo esforzos por parte de todo o persoal, pero outras néganse a evolucionar, o cal xera unha terrible frustración

nese persoal responsable que si quere cumprir coa nova normativa e non dispón dos medios humanos e materiais necesarios e, ao mesmo tempo, da posibilidade de remunerar a quen os desempeña a través da confección dunha obxectiva relación de postos de traballo.

Por este motivo, os xulgados do contencioso-administrativo víronse sobrecargados de demandas nas cales se solicita que se recoñeza o dereito a percibir os emolumentos derivados do complemento de destino e específicos propios do posto de superior categoría que efectivamente desempeñan.

Estas demandas basean a súa petición en que o demandante vén realizando funcións de superior categoría con carácter estable continuado e por orde expresa da propia Administración, cando realmente ocupa un posto de menor categoría, á que non lle corresponden as funcións que efectivamente está a realizar de conformidade co previsto na relación de postos de traballo.

Nun primeiro momento, a xurisprudencia fixara con claridade e de xeito reiterado cales son os requisitos que se debían cumprir para que se recoñeza o dereito a percibir as retribucións complementarias dun posto de categoría superior: o desempeño efectivo de todas e cada unha das funcións de categoría superior, a adscrición formal ao posto de traballo e a existencia de dotación orzamentaria.

Así, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, do 28 xaneiro de 2003 (EDX 2003/1122), precisou que:

*“No caso examinado, a adscrición ao posto solicitado polo recorrente tivo un carácter provisional e a percepción de retribucións complementarias non estaba asignada a ese posto de traballo, que só poden percibirse cando tal posto se dote orzamentariamente cos ditos complementos e mentres se produce unha adscrición ao mesmo funcionario que reclama os haberes.*

*Tales circunstancias non concorren na cuestión examinada, non xa só no que concirne ao período temporal no que a sala de instancia lle recoñece as diferenzas retributivas, fixéndose un criterio erróneo e gravemente danoso para o interese xeral, senón ademais tendo en conta que a eventual reiteración do criterio xurisdiccional impugnado causaría grave quebranto para o interese público e ao erario da Administración pública autonómica, o que xustifica a estimación do recurso extraordinario e a fixación de doutrina legal nos termos solicitados pola parte recorrente no sentido de que «non poden percibirse diferenzas retributivas aínda que se desempeñou de feito o posto de traballo e se solicitou por parte do funcionario a súa adscrición ou nomeamento provisional mentres o posto non estea dotado orzamentariamente» e todo iso con respecto á situación xurídica particular recoñecida pola decisión impugnada”.*

Os anteriores requisitos foron analizados de xeito extenso pola xurisprudencia. En primeiro lugar, en canto á efectiva realización dos traballos, a xurisprudencia da Sala 3.<sup>a</sup> do Tribunal Supremo, nas súas sentenzas do 27 de xuño de 2007 e 21 de xuño de 2011, permitiu que un funcionario que realizase funcións de categoría superior percibise as retribucións complementarias obxectivamente vinculadas ao posto de



traballo, sempre e cando as funcións de categoría superior se realizasen de forma completa, estable e exclusiva, non de xeito ocasional, descontinuo ou compartido. Neste mesmo sentido pronunciouse o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza do 1 de xuño de 2016 (EDX 2016/107916), exixindo a asunción íntegra da responsabilidade, de tal maneira que non se pode entender realizado polo feito de exercer algunha función que poida ser coincidente:

*“En relación con esta cuestión debemos comezar por recordar o que resolvemos na St. 576/2015 do 21 de outubro de 2015 (Recurso 362/2015) na que sinalamos que a equiparación retributiva pretendida só pode comprender a diferenza entre os complementos obxectivos existentes entre o posto de traballo que se desenvolve e aquel polo que se perciben as retribucións, de ser aquel superior, sinalabamos o seguinte:*

*... a xurisprudencia da Sala 3.<sup>a</sup> do Tribunal Supremo, nas súas sentenzas do 27 de xuño de 2007 e 21 de xuño de 2011, permitiu que un funcionario que desempeña funcións de categoría superior perciba as retribucións complementarias obxectivamente vinculadas ao posto de traballo, pero para iso resulta inescusable, en primeiro lugar, un nomeamento ou investidura formal, e en segundo lugar que as funcións de categoría superior se realicen de forma completa, estable e exclusiva, non de xeito ocasional, descontinuo ou compartido...”*

Chegados a este punto, debemos recordar que a carga probatoria pesa sobre o actor en canto ao deber de acreditar tanto que desenvolve, con carácter principal e por encomenda dun superior, tarefas que exceden o seu posto de traballo como que desenvolve todas e cada unha das tarefas relativas ao posto do que pretende beneficiarse, motivo que, en caso de non acreditar este extremo, levaría consigo a desestimación da demanda, como sucede no suposto axuizado pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, do 11 de abril de 2018 (EDX 2018/94268):

*“Por último, respecto á identidade substancial de funcións.*

*A xurisprudencia da Sala 3.<sup>a</sup> do Tribunal Supremo, nas súas sentenzas do 27 de xuño de 2007 e 21 de xuño de 2011, permitiu... «que un funcionario que desempeña funcións de categoría superior perciba as retribucións complementarias obxectivamente vinculadas ao posto de traballo, pero para iso resulta inescusable, en primeiro lugar, un nomeamento ou investidura formal, e en segundo lugar que as funcións de categoría superior se realicen de forma completa, estable e exclusiva, non de modo ocasional, descontinuo ou compartido... En definitiva, pola xurisprudencia do Tribunal Supremo acéptase o argumento de que a previsión de que se deberán aboarse as retribucións correspondentes ao posto de categoría superior mentres o desempeñe o funcionario non vulnera en si o establecido no artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, pois non contradí a normativa xeral da función pública tendo en conta que por retribucións do posto de categoría superior*



*deben entenderse necesariamente retribucións obxectivas e só estas, que son as que unicamente están vinculadas ao posto e non ao funcionario que o serve, impedíndose dese xeito o eventual enriquecemento inxusto da Administración, que se tería beneficiado da actividade desempeñada polo funcionario nun determinado posto de traballo sen aboarlle como contraprestación as retribucións complementarias asignadas a este...».*

Non é o noso caso.

*Ademais, a alegación dun trato desigual que produce discriminación sempre implica a comparación cun terceiro que, estando nunha situación equivalente á de quen o alega, recibe un trato diferente. De aí a importancia de invocar un termo de comparación capaz de acreditar a identidade substancial de funcións e que constitúa o elemento de proba que permita deducir a razoabilidade ou non da diferenza de trato.*

*Iso condúcenos inexorablemente á cuestión da carga da proba e a actora debe achegar un termo de comparación válido que poña de manifesto a existencia desa situación equivalente á súa propia que é obxecto dun trato retributivo diferente. Díxose en sentenzas desta sala con data do 21 de decembro de 2006 e 21 de setembro de 2007, e reiterouse, a vulneración do principio consagrado no artigo 14 CE exige, para a súa apreciación, que quen invoque esa infracción achegue un termo de comparación válido, demostrativo da identidade substancial de situacións xurídicas que recibiron un trato diferente, sen causa obxectiva e razoable, e, pola súa vez, o dito principio actúa como límite ao propio lexislador, que non pode establecer desigualdades cando a diferenza de trato careza dunha xustificación de tales características, dentro sempre da idea de que, entre situacións idénticas, deben establecerse solucións que tamén o sexan.*

*Non é suficiente con describir as funcións propias que se veñen desempeñando e achegar aos autos unha serie de informes que se emitiron no curso dos 14 anos que a actora desempeña ese posto de traballo de Técnico da Unidade de Augas, xa que, para obter unha resolución favorable, tería sido preciso que outro funcionario de maior nivel realizase substancialmente as mesmas, acreditándoo igualmente, non dándose a equiparación se só hai certa similitude ou se comparten algunhas delas de forma xeral ou esporadicamente.*

*Non se nega o posible exceso de responsabilidade e competencia exercidas pola actora, que a propia sentenza de instancia reconece, e en certo xeito a Administración, sen que a apelante vaia máis aló na súa constatación, pero, en calquera caso, non vale para os efectos pretendidos o desenvolvemento ocasional, descontinuo ou compartido dalgunhas tarefas que excedan os límites das competencias asignadas ao seu posto de traballo, pois, para dar viabilidade á pretensión actora, sería exixible, ademais, que esas funcións se desempeñasen de xeito estable, completo*

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

*e exclusivo e dunha maneira substancial, e é iso o que non consta acreditado; a documental acompañada co escrito de demanda non demostra de forma inequívoca e bastante a «identidade substancial» funcional existente entre as funcións asignadas ao posto ocupado pola actora e desempeñadas en exceso e aquelas que figuran atribuídas a unha xefatura de servizo; non figura en autos documento ningún que detalle que os labores desempeñados na práctica pola Sra. Esther (máis alá dos asignados polo Decreto 529/2003) son idénticos dunha maneira substancial, como exige a máis recente xurisprudencia (véxase a Sentenza do Tribunal Supremo do 18 de xaneiro de 2018 ditada no recurso 874/2017) aos atribuídos a unha xefatura de servizo, polo que non existiría base ningunha para deducir que os complementos que ten asignados o posto que ocupa a recorrente que puntualmente vén percibindo difiran naquel grao, intensidade ou contido que reclama”.*

En segundo lugar, mesmo no caso de que desenvolvesen todas e cada unha das funcións de categoría superior e se probase este extremo, tampouco sería suficiente para recoñecer as cantidades reclamadas, sendo necesaria unha adscrición formal ao posto de traballo establecido na relación de postos de traballo tal como se adiantou anteriormente. A xurisprudencia entendía que, de recoñecer o dereito ás cantidades reclamadas en concepto de diferenzas retributivas, se estaría facendo provisión dun posto de traballo por un procedemento anómalo e non previsto na lei, sen ter superado un proceso selectivo conforme os principios de mérito e capacidade.

Así, segundo consolidada xurisprudencia, débese interpretar e aplicar moi restritivamente a posibilidade de recoñecemento a un funcionario do dereito a percibir as retribucións dun posto da relación de postos de traballo de categoría superior á daquel para o que foi formalmente nomeado.

Esta era a liña seguida, entre outros, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, na súa Sentenza do 18 de maio de 2017 (EDX 2017/110845):

*“A maior abastanza, tampouco consta que a actora realizase labores propios da praza de adxunta referida, e iso porque é imposible desempeñar funcións propias dun posto inexistente tanto no cadro de persoal como na relación de postos de traballo; inexistencia que produce idénticos efectos desestimatorios en relación coa reclamación de aboamento de diferenzas salariais complementarias como as que persegue a demandante. En todo caso, non houbo unha adscrición formal da recorrente, provisional ou definitiva, que levase implícito o pleno desempeño das funcións encomendadas ao adxunto de servizo. Nin houbo unha formal investidura no cargo nin se acreditou que a actora desenvolvese na súa plenitude e de modo constante as tarefas correspondentes ao posto de traballo de adxunto de servizo.*

*Que a actora desenvolvese funcións que van máis alá das que corresponden ao seu posto de traballo non autoriza para que lle sexa asignado un posto de categoría superior fóra das canles procedementalmente establecidas. Que desenvolvese máis tarefas das asignadas á súa específica categoría non implica que lle poida ser adxudicado, sen máis, un posto reservado, en canto á súa cobertura, pola vía de*

*concurso en proceso de concorrencia competitiva. Nin sequera o feito de realizar labores correspondentes a unha categoría superior avala esa posibilidade nin a faculta para exixir unhas remuneracións máis elevadas e non acordes coa súa específica categoría.*

*Así o determinou xa esta propia sala e sección ao sinalar, en sentenza do 16 de outubro de 2013, que non basta con exercer de feito as funcións propias dun posto de traballo para percibir as retribucións complementarias previstas no catálogo ou na relación de postos de traballo, xa que é preciso que exista unha resolución formal de adscrición a este tras superar, por vía de concurso, o proceso de selección convocado para o efecto. Así o veu establecendo este tribunal en sentenzas do 25 de xuño e 16 de outubro de 2013, intentando evitar procedementos anómalos e irregulares de provisión de postos de traballo, conculcadores da norma básica considerada, para tal fin, no artigo 78 do Estatuto básico do empregado público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril (EDL 2007/17612).*

*É dicir, exíxese non só que o posto en cuestión estea dotado orzamentariamente, senón tamén a formal adscrición do interesado para o seu desempeño como colofón a un proceso selectivo acorde cos principios de acceso á función pública. E iso require a existencia dun acto de investidura formal que aquí non se aprecia, polo que tampouco cabe exixir o aboamento de diferenzas retributivas nin de atrasos económicos como indebidamente postula a parte demandante, á que se lle adxudicou a praza de enxeñeira técnica topógrafa sen que tal adxudicación levase consigo a de adxunta de servizo, en principio, a ela vinculada”.*

Por último, en canto á necesidade de dotación orzamentaria do posto de traballo, a xurisprudencia entendía que as retribucións complementarias só se poderían aboar cando do que se pretende beneficiar se dotase orzamentariamente cos ditos complementos, tal como precisou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, en Sentenza do 14 de xullo de 2004 (EDX 2004/268190), facéndose eco da Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do 28 de xaneiro de 2003, que estima o recurso de casación en interese de lei:

*“É certo que o motivo que a Administración opón para denegarlle ao recorrente as retribucións complementarias correspondentes a un posto que desempeñou provisionalmente parece en principio excesivamente formalista, pero a forma ou o procedemento é consubstancial ao dereito administrativo para o debido control da actividade administrativa nos seus variados aspectos. De aí que nun tan importante como é o económico, onde os fondos son públicos, é lóxica a existencia de determinadas exixencias e específicas cautelas no relativo ao aboamento de retribucións aos funcionarios públicos que estritamente deben suxeitarse ás previsións orzamentarias. E por iso, para percibir os complementos de destino e específico correspondentes a posto distinto ao propio do funcionario que reclama, é preciso que a designación para o desempeño dese posto sexa ordenada ou aprobada pola autoridade correspondente en cada caso, pois doutro modo é obvio*

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

*o descontrol orzamentario que se produciría nun sistema onde son tan variados os postos de traballo e conseguintes complementos, como frecuentes situacións de vacancia provisional. Por iso tanto para a adscrición provisional como para a atribución temporal de funcións, previstas nos artigos 63 e 66 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, exíxese o oportuno procedemento, no cal deben respectarse os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade, que ha de concluír mediante resolución motivada da autoridade competente.*

*En consecuencia, estando ausente no caso de autos a adscrición formal ou o nomeamento do actor para os postos desempeñados de feito, ademais de non terse sometido o recorrente aos sistemas ordinarios de provisión e non constando dotación orzamentaria para o seu aboamento ao actor, non pode acollerse a pretensión formulada”.*

Non obstante, co paso do tempo esta xurisprudencia anteriormente analizada deixou de ser clara, aparecendo pronunciamentos que recoñecen o dereito a percibir as cantidades reclamadas aos demandantes, baixo o pretexto de que no caso contrario se estaría a producir un enriquecemento inxusto por parte da Administración, chegando a suprimir os requisitos relativos á adscrición formal ao posto de traballo e a existencia de dotación orzamentaria.

Con estes primeiros pronunciamentos buscouse protexer a figura do funcionario que de boa vontade desenvolvía funcións que correspondían a unha categoría superior como consecuencia da escaseza de efectivos e a prol do bo funcionamento da Administración, penalizando as administracións que se vían favorecidas non só polo aforro en persoal cargando o traballo nos funcionarios dispoñibles, senón que a maiores negaban o pagamento dos servizos de superior categoría efectivamente prestados polos funcionarios, dando lugar a un claro enriquecemento inxusto por parte das administracións. Tamén neste caso debería pórse en valor ese funcionario de categoría superior que realice funcións de categoría inferior ademais das propias e sen remuneración ningunha non recibindo remuneración ningunha, xa se atope na situación de inexistencia de persoal ou na situación aínda máis flagrante de existencia de persoal, pero ausencia absoluta por parte deste de querer aprender e implicarse na nova en que lle toca traballar.

Neste sentido, podemos destacar entre outras a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 14 de xuño de 2017 (EDX 2017/135549):

*“En canto á exixencia de nomeamento ou investidura formal.*

*Esta segunda cuestión tamén a tratamos noutras ocasións, aínda que tamén na sentenza anteriormente transcrita, na cal advertimos que o relevante é a efectiva prestación das funcións á marxe do nomeamento porque pola contra se produciría un enriquecemento inxusto. Pero máis concretamente na St. do 18 de maio de 2016,*

*ditada no recurso de apelación 329/2015, no que os operarios de cemiterios do Concello de Ourense reclamaban a percepción dos mesmos complementos que os oficiais, na que por remisión a anteriores pronunciamentos indicamos:*

*Pois ben, no plano teórico, xeral e abstracto asiste razón ao Concello de Ourense cando insiste en que dúas categorías diferentes, con postos de traballo distintos, teñen lexitimamente atribuídos complementos dispares e que o traballo en equipo de alguén dependente (Operario de Cemiterios) co superior (Oficial de Cemiterios) non comporta o automático dereito á equiparación retributiva.*

*Non obstante, no plano práctico e nas concretas circunstancias, o Dereito debe remediar as situacións abusivas ou discriminatorias se concorre un escenario en que alguén proba que realiza funcións doutra categoría ou posto e as acomete ben por investidura expresa da Administración ou ben por compracencia e tolerancia tácita e inequívoca, en condicións de frecuencia, intensidade e modos que se impón evitar o enriquecemento inxusto daquela ou o desequilibrio no binomio prestación/contraprestación que inspira toda relación de servizos, laboral ou funcionarial”.*

Deste xeito, convivían no mesmo espazo temporal sentenzas contraditorias ditadas polo mesmo tribunal, en que nunhas se exixía a adscrición formal e a dotación orzamentaria (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 11 de abril de 2018, Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 22 de novembro de 2017) e noutras eliminábanse estes requisitos (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 14 de xuño de 2017, Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 1 de xuño de 2016, Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 11 de novembro de 2015).

Ante esta situación, xerouse un clima de inseguridade xurídica, con disparidade de sentenzas e criterios, mesmo dentro dun tribunal superior de xustiza tal como se expuxo, ata que a Sentenza da Sala 3.<sup>a</sup> do Tribunal Supremo do 18 de xaneiro de 2018, recurso de casación 874/2017 (EDX 2018/1899), decidindo así mesmo sobre a reclamación das retribucións complementarias dun posto de categoría superior, veu consolidar esta última corrente xurisprudencial, permitindo que se reclamen e obteñan as retribucións complementarias dun posto de categoría superior cuxas funcións esenciais se exerzan con carácter continuado, sen exixencia ningunha de adscrición formal ou nomeamento previo para ese posto superior, nin exixencia de dotación orzamentaria do posto:

*“Ninguén discutiu en todo o litixio que, efectivamente, existe unha xurisprudencia consolidada segundo a cal ao funcionario que acredita a realización das funcións dun posto de traballo distinto do seu e con retribucións complementarias superiores se lle deben satisfacer os complementos de destino e específico do que efectivamente desempeñou. Esa xurisprudencia non considerou que o significado do nomeamento no que se detén o escrito de oposición impidise dar igual trato retributivo a quen realice iguais labores. O mesmo feito de que se formase e se mantivese pon de manifesto unha realidade da Administración pública: a*

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

*existencia de supostos en que funcionarios realizan labores de postos que non son os seus ou qué postos de traballo co mesmo contido funcional teñen asignados complementos diferentes. Trátase, desde logo, cando menos dunha disfunción, pero é un fenómeno que se deu na medida suficiente para que o Tribunal Supremo chegase a establecer esa doutrina.*

*Así mesmo, debe destacarse que é unha práctica imputable á propia Administración, que é a que debe asegurar a correcta provisión dos postos de traballo necesarios para o cumprimento das súas funcións e crear as condicións nas que non exista a posibilidade ou a necesidade de que funcionarios destinados nun determinado posto realicen as tarefas doutro.*

*É significativo que diga «entre outros, aos seguintes factores» cando o artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, non o facía e que baixo as súas prescricións se desenvolvese a xurisprudencia que se seguiu mantendo e que, para a Sala de Madrid, xa non permitirían os preceptos das leis orzamentarias. Así pois, o verdadeiro obstáculo ofreceríano unicamente estes últimos que repiten ano tras ano no período relevante que as tarefas concretas que realicen os funcionarios non poden amparar a súa retribución diferente á que corresponde ao posto para o que foron nomeados.*

*Contrastada esa prescrición co principio de igualdade, concretado agora na afirmación de que a igual traballo debe corresponder igual retribución, non parece representar o impedimento advertido pola Sala de Madrid. A realización de tarefas concretas suponse que, doutro posto mellor retribuído, non é o presuposto a partir do que se formou a xurisprudencia da que se vén falando. O dato que considerou é, en realidade, o exercicio material doutro posto na súa totalidade ou nos seus contidos esenciais ou substantivos –é a identidade substancial a relevante– pero a iso non se refire a norma orzamentaria porque tal desempeño é algo diferente a levar a cabo tarefas concretas. Así, pois, mentres que ningún reproche parece suscitar que un exercicio puntual de funcións doutro posto non comporte o dereito a percibir as retribucións complementarias deste último, tal como din eses artigos, solución diferente debe darse cando do exercicio continuado das funcións esenciais dese ulterior posto se trata. Mentres que o primeiro non suscita dúbidas de que cae baixo as previsións dos preceptos orzamentarios, o segundo caso, considerado desde o prisma da igualdade, conduce ao recoñecemento do dereito do funcionario en cuestión ás retribucións complementarias do posto que exerce verdadeiramente co consentimento da Administración”.*

Con motivo desa consolidación xurisprudencial chegaron as primeiras sentenzas dos xulgados do contencioso-administrativo e dos tribunais superiores de xustiza en que se acolle esa nova interpretación na cal se prescinde do requisito da adscrición formal e da existencia de dotación orzamentaria. A meros efectos ilustrativos, pódese

citar a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, do 9 de maio de 2018 (EDX 2018/513936).

*“Innecesaridade do requisito do nomeamento ou investidura formal.-*

*O segundo requisito que considera o apelante que non concorre no caso presente é o da adscrición formal ao posto de traballo, porque de recoñecerse o dereito ás cantidades reclamadas estaríase provisionando un posto de traballo por un procedemento anómalo e non previsto na lei, sen superar un proceso selectivo conforme os principios de mérito e capacidade.*

*Tampouco pode acollerse este segundo motivo de apelación, pois debe entenderse superado o criterio anteriormente mantido que exixía a dita adscrición formal desde que a mencionada Sentenza do Tribunal Supremo do 18 de xaneiro de 2018 non o exige, xa que, como vimos, de cara á percepción das retribucións complementarias dun posto de categoría superior, para ela basta co exercicio material dese outro posto na súa totalidade ou nos seus contidos esenciais ou substantivos, de modo que é a identidade substancial o relevante.*

*Xa o anticipara así mesmo esta sala e sección na Sentenza do 14 de xuño de 2017 (recurso de apelación 409/2016), con cita da anterior do 18 de maio de 2016, ditada no recurso de apelación 329/2015, cando argumentamos:*

*«no plano práctico e nas circunstancias concretas, o dereito debe remediar as situacións abusivas ou discriminatorias se concorre un escenario en que alguén proba que realiza funcións doutra categoría ou posto e as acomete ben por investidura expresa da Administración ou ben por compracencia e tolerancia tácita e inequívoca, en condicións de frecuencia, intensidade e modos que se impón evitar o enriquecemento inxusto daquela ou o desequilibrio no binomio prestación-contraprestación que inspira toda relación de servizos, laboral ou funcional».*

*En consecuencia, sería suficiente con que a situación da realización de funcións de categoría superior de modo pleno, continuo e estable, se realizase por compracencia ou tolerancia tácita da Administración, pois dese xeito pode previr-se o enriquecemento inxusto, xa que resultaría paradoxal que quen incumpre o deber de velar por que a distribución do traballo nas diversas dependencias se leve a cabo conforme os distintos niveis recollidos na relación de postos de traballo se puidese beneficiar daquel desempeño de tarefas dun posto de categoría superior por parte dun empregado público.*

*Irrelevancia da ausencia de dotación orzamentaria.-*

*O terceiro requisito que, en opinión do apelante, non concorre para que sexa factible a percepción das retribucións complementarias por quen desempeña un posto de categoría superior é a dotación orzamentaria.*

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

*Do mesmo xeito que se argumentou no anterior fundamento xurídico, na recente Sentenza TS do 18 de xaneiro de 2018, unha vez acreditada a realización plena, exclusiva e permanente das funcións dun posto de categoría superior, non se condiciona a percepción das retribucións complementarias á existencia de dotación orzamentaria, polo que debe entenderse superada a anterior exigencia nunha parte da xurisprudencia precedente.*

*É máis, no caso exposto nesa sentenza opúxose á posibilidade de percepción das retribucións complementarias o criterio do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, que se fundaba, para negar aquela posibilidade, no teor dos artigos 26 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, 24 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014; e da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015; e o artigo 23 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, todos coa mesma redacción e dedicados ás retribucións dos funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, os cales establecen que «as retribucións que en concepto de complemento de destino e complemento específico perciban os funcionarios públicos serán, en todo caso, as correspondentes ao posto de traballo que ocupen en virtude dos procedementos de provisión previstos na normativa vixente, sen que as tarefas concretas que se realicen poidan amparar que se incumpra o anterior, con excepción dos supostos en que a dita normativa lles recoñece outras contías, e en todo caso a garantía do nivel do posto de traballo regulada no artigo 21.2 da Lei 30/1984 e o dereito para percibir as cantidades que correspondan en aplicación do artigo 33.Dous da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991».*

*Indubidablemente a inclusión do dito precepto de índole orzamentaria estaba destinada a evitar o incremento do gasto público, pero nesa Sentenza TS do 18/1/2018 superouse ese óbice entendendo que aqueles preceptos de leis orzamentarias se referían á realización de tarefas concretas dun posto de categoría superior, non cando se desempeñan de forma completa, estable e exclusiva”.*

Sentado o anterior, parecen despexadas as dúbidas sobre o dereito a percibir os emolumentos derivados do complemento de destino e específicos propios do posto de superior categoría que efectivamente desempeñan sempre e cando esas funcións de categoría superior se realizasen de xeito pleno, continuo e estable, aínda que sexa por compracencia ou tolerancia tácita da Administración. É dicir, suprime definitivamente o requisito da adscrición formal, á vez que suprime o requisito consistente na necesidade de que o posto estivese dotado orzamentariamente, eliminando desta maneira as desigualdades retributivas presentes na Administración á hora de realizar traballos iguais.





Revista Galega de Administración Pública, EGAP  
Núm. 64\_xullo-decembro 2022 | pp. 175-190  
Santiago de Compostela, 2022  
<https://doi.org/10.36402/regap.v2i64.5001>  
© Patricia Iglesias Rey  
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371  
Recibido: 15/11/2022 | Aceptado: 29/11/2022  
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

## O desafío do sector público ante a aplicación da Directiva de protección do informante. As canles de denuncia

El desafío del sector público  
ante la aplicación de la Directiva  
de protección del informante.  
Los canales de denuncia

The challenge of the public  
sector before the application of  
the whistleblower protection  
Directive. Complaint channels

64 Regap

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

PATRICIA IGLESIAS REY  
Letrada da Xunta de Galicia  
Letrada Maior do Consello de Contas de Galicia  
[piglesias@ccontasgalicia.es](mailto:piglesias@ccontasgalicia.es)

**Resumo:** O pasado 23 de setembro de 2022 foi publicada no *Boletín Oficial de las Cortes Generales* a configuración definitiva do Proxecto de Lei reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción. Esta iniciativa normativa realízase a instancia da UE e, máis en concreto, baixo a necesidade de dar cumprimento á transposición da Directiva 1937/2019 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do dereito da Unión (a "Directiva") e que fixaba como prazo de transposición para os Estados membros ata o 17 de decembro de 2021. O texto do Proxecto de Lei de protección de denunciadores supón un paso fundamental cara á integridade na xestión pública, e vai supor un auténtico "revulsivo" para as entidades do sector público incluídas no seu ámbito subxectivo de aplicación, ao teren que regular canles internas e externas de denuncias. Estas cuestións serán analizadas de forma sucinta neste artigo, centrando a análise na afectación das canles de denuncias no sector público. Finalizarán estas reflexións cunhas conclusións positivas.

**Palabras clave:** Directiva *whistleblowing*, Proxecto de Lei de protección do informante, sector público, canles de denuncia.

**Resumen:** El pasado 23 de septiembre de 2022 fue publicada en el *Boletín Oficial de las Cortes Generales* la configuración definitiva del Proyecto de Ley reguladora de la protección de las personas que informen sobre infracciones normativas y de lucha contra la corrupción. Esta iniciativa normativa se realiza a instancia de la UE y, más en concreto, bajo la necesidad de dar cumplimiento a la transposición de la Directiva 1937/2019 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de octubre de 2019, relativa a la protección de las personas que informen sobre infracciones del derecho de la Unión (la "Directiva") y que fijaba como plazo de transposición para los Estados miembros hasta el 17 de diciembre de 2021. El texto del Proyecto de Ley de protección de denunciantes supone un paso fundamental hacia la integridad en la gestión pública, y va a suponer un auténtico "revulsivo" para las entidades del sector público incluidas en su ámbito subjetivo de aplicación, al tener que regular canales internos y externos de denuncias. Estas cuestiones serán analizadas de forma sucinta en este artículo, centrando el análisis en la afectación de los canales de denuncias en el sector público. Finalizarán estas reflexiones con unas conclusiones propositivas.

**Palabras clave:** Directiva *whistleblowing*, Proyecto de Ley de protección del informante, sector público, canales de denuncia.

**Abstract:** On September 23, 2022, the definitive configuration of the Draft Law regulating the protection of people who report regulatory infractions and the fight against corruption was published in the *Official Gazette of the Cortes Generales*. This regulatory initiative is carried out at the request of the EU, and more specifically under the need to comply with the transposition of Directive 1937/2019 of the European Parliament and of the Council, of October 23, 2019, regarding the protection of people who report violations of Union Law (the "Directive"), and which set the deadline for transposition for Member States until December 17, 2021. The text of the draft Law on the protection of whistleblowers represents a fundamental step towards integrity in public management, and it will be a real "revulsivo" for public sector entities included in its subjective scope of application, by having to regulate internal and external channels of complaints. These issues will be analyzed succinctly in this article, focusing the analysis on the impact of the complaint channels in the Autonomous Communities (CC. AA.). These reflections will end with some forceful propositional ideas.

**Key words:** Whistleblowing Directive, Informant Protection Law Project, public sector, complaint channels.

**SUMARIO:** 1 Introducción: situación de partida antes da publicación da Directiva *whistleblowing*. 2 O papel protagonista das CC. AA. na loita e prevención da corrupción. 3 Ideas forza sobre o impacto das canles de denuncia no sector público. 4 Conclusións propositivas.

## 1 Introducción: situación de partida antes da publicación da Directiva *whistleblowing*

Ata os anos noventa do século pasado, pensouse que a clave na loita contra a corrupción era fundamentalmente a mellora das leis penais, mediante o perfeccionamento dos tipos penais relativos á corrupción, a mellora do proceso penal e a creación de organismos de persecución especializados como, no caso de España, a Fiscalía anticorrupción<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> A Fiscalía Anticorrupción en España foi creada en 1995, na época do Goberno de Felipe González, a través da Lei 10/95, do 24 de abril, sendo ministro de Xustiza Juan Alberto Belloch e fiscal xeral do Estado o maxistrado do Tribunal Supremo Carlos Granados. O seu primeiro fiscal xefe foi Carlos Jiménez Villarejo, nomeado en 1995, que ocupou o cargo ata o ano 2003.

Non obstante, é certo tamén que desde hai décadas os diferentes ordenamentos xurídicos advertiron da importancia da figura do alertador e da necesidade de protexelo na loita contra a corrupción e irregularidades. Sinaladamente, nos Estados Unidos fíxoo con precisión a Lei de protección ao denunciante (*Whistleblower Protection Act*) en 1988, tal como advertía a doutrina laboralista de principios dos anos noventa ao sinalar que “(...) considerar como moi positivo a proliferación de normas sobre este tema –denominado «whistleblowing»– que se deu nos Estados Unidos nas últimas dúas décadas, e que non só ten unha dimensión legal, senón tamén profundas implicacións morais, filosóficas e sociais”<sup>2</sup>.

Máis recentemente, os escándalos das emisións (*Dieseltgate, Luxleaks, Cambridge Analytica*) levaron a Unión Europea á necesidade de regular esta figura e de fixar uns estándares mínimos para asegurar a protección dos denunciante que alerten sobre materias clave para os intereses da Unión, posto que a súa valentía axuda ao mellor funcionamento democrático e a loitar contra a corrupción, pero, obviamente, para iso necesitan un “estatuto protector para os que poñen en coñecemento público estes feitos”<sup>3</sup> que os protexa de represalias. O 81 % dos consultados no *Eurobarómetro especial sobre corrupción*<sup>4</sup> contestaron que non denunciarían actos de corrupción aos que tivesen acceso. O motivo: o medo ás consecuencias desas denuncias.

No ámbito do dereito comparado europeo, destaca a falta de homoxeneidade na regulación de protección do *whistleblower*. Só dez países da UE dispoñen dunha lei que os protexa (Francia, Hungría, Irlanda, Italia, Lituania, Malta, Países Baixos, Eslovaquia, Suecia e Reino Unido), o que requiriu a intervención legislativa a nivel comunitario para fixar un mínimo común nesta materia.

O pasado 16 de decembro de 2019 entrou en vigor a directiva que fixaba como prazo de transposición para os Estados membros ata o 17 de decembro de 2021. No caso das entidades xurídicas do sector privado de entre 50 e 249 traballadores, fíxase o 17 de decembro de 2023 como data en que deben estar en vigor as normas nacionais que dean cumprimento á obriga de establecer canles de denuncia interna<sup>5</sup>.

De feito, en xaneiro de 2022 a Comisión Europea, salvo honrosas excepcións<sup>6</sup> por citar o caso maltés, iniciou un procedemento de infracción contra España (INFR (2022) 0073), aínda que, de acordo coa propia Comisión, tras a resposta das autoridades españolas, a Comisión emitiu un ditame motivado en xullo de 2022 no cal aceptaba o compromiso de garantir a aplicación da directiva da UE sobre denunciante.

<sup>2</sup> DEL REY GUANTER, S., *Libertad de expresión e información y contrato de trabajo*, Civitas, Madrid, 1994, pp. 100 e ss.

<sup>3</sup> NIETO ROJAS, P., “*Whistleblowers*. Aspectos laborales de la Directiva relativa a la protección de las personas que informen sobre infracciones de Derecho de la UE”, *El Foro de Labos*, 17 de outubro de 2019.

<sup>4</sup> Acceso web: [https://data.europa.eu/data/datasets/s2247\\_92\\_4\\_502\\_eng?locale=es](https://data.europa.eu/data/datasets/s2247_92_4_502_eng?locale=es) (8 de novembro de 2022).

<sup>5</sup> IGLESIAS REY, P., “La regulación autonómica”, López Donaire, B. e Gimeno Beviá, J. (dirs.), *La directiva de protección de los denunciante y su aplicación práctica al sector público*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2022.

<sup>6</sup> REGO VILAR, S., “De alertadores e infraestruturas éticas globais: aplicación práctica”, *ECO. Revista do Eixo Atlántico*, 28 de setembro de 2022. Acceso web: [www.ecodixital.com](http://www.ecodixital.com).

A transposición tardía poderá non implicar sancións, pero a Comisión avaliará con especial celo a forma en que se realiza a transposición<sup>7</sup>.

Aínda que a directiva se configura como unha norma de mínimos e, por conseguinte, os Estados membros poderán ampliar o seu ámbito de aplicación introducindo disposicións máis favorables para os denunciante, o seu contido permite aventurar cambios importantes na, aínda escasa, regulación das canles de denuncia en España. E iso porque, como regra xeral, as canles de denuncia pasarán de ser unha ferramenta potestativa, como elemento clave nun sistema de integridade holístico<sup>8</sup>, a unha medida preceptiva para moitas das entidades dos sectores público e privado.

Ata agora, no ámbito nacional non existía unha disposición normativa que se ocupase de regular, desde un punto de vista integral, a figura do denunciante e o seu estatuto xurídico (polo menos non nos termos a que vai obrigar a transposición da directiva)<sup>9</sup>.

O pasado día 23 de setembro de 2022 publicouse no *Boletín Oficial del Congreso de las Cortes Generales* o proxecto de Lei reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción<sup>10</sup>. O texto ten por obxecto outorgar unha protección adecuada fronte ás represalias ás persoas físicas que informen sobre algunha das accións ou omisións a que se refire a propia lei.

O proxecto de lei, seguindo as pautas da directiva, contén unha serie de previsións moi concretas en relación con diversos aspectos, sendo unha das máis importantes (á que imos acoutar o alcance de estudo deste artigo) a obriga que se lles impón a todas as entidades e organizacións, tanto públicas como privadas, de establecer internamente sistemas que permitan que os que manteñen unha relación laboral ou profesional con estas poidan informar ou alertar das irregularidades de que tivesen coñecemento no contexto desa relación, e todo iso con plenas garantías de que non van ser obxecto de represalias por tal motivo<sup>11</sup>.

<sup>7</sup> Pode consultarse a resposta da Comisión no Parlamento Europeo a unha pregunta ao respecto. Acceso web: [https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/E-9-2022-002602-ASW\\_EN.html](https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/E-9-2022-002602-ASW_EN.html).

<sup>8</sup> O concepto holístico de integridade institucional é defendido por distintas institucións públicas, nacionais e internacionais, como a OCDE, axencias anticorrupción creadas ou o Consello de Contas de Galicia, órgano de control externo que desde o ano 2015 asumiu as competencias en materia de prevención da corrupción; así como pola doutrina reputada nesta materia, contando con achegas brillantes como as de JIMÉNEZ ASENSIO, R., "Los Códigos de conducta: nuevas formas de autorregulación como fundamento para la integridad y ejemplaridad institucional", *www.rafaeljimenezasensio.com*, 2020; VILLORIA MENDIETA, M., "El reto de la transparencia", *Anuario de Transparencia Local*, n. 1, 2018, pp. 15-41; CAMPOS ACUÑA, M.C. (dir.), *Guía práctica de compliance en el sector público*, El Consultor de los Ayuntamientos, Wolters Kluwer, Madrid, 2020; LÓPEZ DONAIRE, M.ªB., "Marcos de integridad y los canales de denuncia. El derecho a la buena administración", *La Protección de Denunciantes: Propuesta de Regulación para España tras la Directiva Whistleblowing*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2022.

<sup>9</sup> Neste sentido, cabe destacar que no *Boletín Oficial de las Cortes Generales* do 20 de decembro de 2019 (número 27-1) e de acordo cos artigos 97 e 126 da Cámara se ordena a publicación da 123/000003 "Proposición de Lei de protección integral dos alertadores". Antes, en setembro de 2016, chegouse a presentar para a súa tramitación polo Congreso dos Deputados unha Proposición de Lei integral de loita contra a corrupción e protección dos denunciante, que tería suposto un verdadeiro fito normativo nesta materia, con anterioridade, mesmo, á aprobación e publicación da Directiva. Non obstante, os avatares sobradamente coñecidos das últimas lexislaturas paralizaron *sine die* a súa tramitación parlamentaria. A este respecto, *vid.* CAMPOS ACUÑA, M.C., "Modificación de la Ley de Transparencia en la Propuesta de Ley de Lucha Integral contra la corrupción y protección de los denunciante", *El Consultor de los Ayuntamientos*, n. 2, 2018.

<sup>10</sup> Proxectos de lei - Congreso dos Deputados. Último acceso o 8 de novembro de 2022.

<sup>11</sup> SÁEZ HIDALGO, I., "Claves para la implantación en el sector público de los canales de denuncias internas", *Actualidad Administrativa*, n. 5, Sección Actualidad, 2022 (tamén en: *Diario La Ley*, n. 10084, Sección Tribuna, 22 de abril de 2022).

A aprobación do proxecto no noso ordenamento xurídico vai supor, sen dúbida, un grande avance no fortalecemento dos sistemas de integridade institucional no sentido proclamado pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE)<sup>12</sup>, ao outorgar un novo estatuto ao denunciante de infraccións do dereito da Unión e das súas normas de transposición ou execución que fosen cometidas tanto por empresas como por administracións. Analizamos a continuación o papel das comunidades autónomas (CC. AA.) na prevención e loita contra a corrupción respecto á regulación das canles de denuncia antes da Directiva.

## 2 O papel protagonista das CC. AA. na loita e prevención da corrupción

O panorama existente no noso ordenamento xurídico antes da publicación da directiva, en materia de protección dos “denunciantes” ou *whistleblowers*, é certamente heteroxéneo, pero non existía ata o proxecto de lei en tramitación unha disposición normativa que se ocupase de regular, desde un punto de vista integral, a figura do denunciante e o seu estatuto xurídico (polo menos non nos termos a que vai obrigar a transposición da Directiva).

De feito, as axencias anticorrupción naceron en España vinculadas á Administración autonómica, ante a ausencia dun órgano estatal.

Nos últimos anos asistimos á eclosión das axencias anticorrupción autonómicas e en menor medida locais. No momento actual, as axencias autonómicas creadas están en Cataluña, Galicia, Valencia, Aragón, Baleares, Navarra, País Vasco, Asturias, Canarias, Castela e León, así como a máis recentemente creada axencia andaluza e dúas axencias locais en Madrid e Barcelona<sup>13</sup>.

A maioría das autoridades antifraude ou anticorrupción autonómicas creadas antes da entrada en vigor da directiva son, de acordo coas leis aprobadas polos parlamentos autonómicos, entidades adscritas que exercen as súas funcións con personalidade xurídica propia e con plena independencia das administracións públicas. Estas autoridades e órganos autonómicos teñen unha experiencia importante, desde o ámbito público, que debería ser respectada polo lexislador estatal no proxecto de lei de protección do informante que se tramita no Congreso dos Deputados, dado que non pode constituír motivo para reducir o nivel de protección xa garantido dentro dos diferentes territorios propios do Estado español nos ámbitos en que a propia Directiva regula, como son as canles de denuncia e a protección das persoas denunciante.

En España, a primeira axencia, a Oficina Antifraude de Cataluña, data de 2008. Durante case unha década foi a única existente. En 2015, ao órgano de control externo

<sup>12</sup> En palabras da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) “a integridade pública refírese ao constante aliñamento e apropiación de valores éticos, principios e normas compartidas, para protexer e priorizar o interese público sobre os intereses privados no sector público”. (OCDE, 2017). Acceso web: <https://www.oecd.org/gov/government-at-a-glance-2017-highlights-en.pdf> (8 de novembro de 2022).

<sup>13</sup> IGLESIAS REY, P., “La necesaria implantación de los sistemas sólidos de integridad institucional y de gestión de conflictos de intereses”, *Pertsonak eta Antolakunde Publikoak Kudeatzeko Euskal Aldizkaria = Revista Vasca de Gestión de Personas y Organizaciones Públicas*, n. 22, 2022, pp. 70-87.

galego (OCEX), o Consello de Contas de Galicia (CCG)<sup>14</sup>, atribúeselle a competencia en materia de prevención da corrupción, así como a de colaborar coas entidades do sector público na elaboración de instrumentos internos de xestión de riscos, no deseño e implantación dos sistemas de prevención da corrupción e na avaliación de xeito sistemático dos plans de prevención de riscos. A irrupción prodúcese pouco despois entre 2016 e 2018, apostando claramente polo modelo catalán en lugar do galego, agás a Audiencia de Contas de Canarias, que emula o OCEX galego, asumindo a competencia de prevención da corrupción. O primeiro compaxina os labores preventivos con investigación, mentres que no CCG a competencia é puramente preventiva, á parte de localizarse no OCEX autonómico, que conserva, ademais, a súa función clásica de fiscalización e control *ex post* do sector público galego.

Nas axencias autonómicas<sup>15</sup> creadas en primeiro grupo pode catalogarse de actividades relacionadas coa autorregulación e o fortalecemento do control interno para previr a fraude e a corrupción. Así, por exemplo, establécense competencias como o asesoramento e a colaboración ás institucións baixo o seu control na adopción de medidas de prevención (Galicia, Baleares, Cataluña), a avaliación das medidas de prevención (Navarra), a supervisión da contratación pública (Navarra), a elaboración dun código ético xeral e a xestión do código (Navarra), a supervisión do sistema de prevención e as propostas de melloras (Galicia), realizar análises de riscos xerais ou sectoriais (Galicia, Valencia, Baleares, Navarra) e a formación de funcionarios (Valencia, Baleares, Galicia).

Trátase de competencias que teñen que ver fundamentalmente coa supervisión e o apoio a medidas de prevención que deben adoptar as entidades suxeitas á súa supervisión. É importante sinalar, por iso, que as axencias autonómicas españolas parten, polo menos implicitamente, de que existen dous planos distintos na prevención da corrupción. A actividade principal en materia de prevención debe desenvolverse en cada organización pública, como autorregulación e fortalecemento do control interno<sup>16</sup> (primeiro estadio), mentres que o labor da axencia consistiría en supervisar e apoiar o desenvolvemento desta autorregulación preventiva (segundo estadio).

O segundo núcleo duro da súa actividade é a investigación de casos de irregularidades. A maioría das regulacións distinguen entre dous tipos de procedementos de investigación: o destinado a realizar recomendacións á organización que foi investigada e un procedemento sancionador propiamente dito, cuxo obxectivo é a imposición das

---

<sup>14</sup> Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción. Non obstante, o Consello de Contas de Galicia carece de competencias de investigación de irregularidades e infraccións e non é un órgano receptor de denuncias como canle externa, como si sucede noutras axencias antifraude creadas, por exemplo as de Cataluña, Valencia ou Baleares.

<sup>15</sup> NIETO MARTÍN, A., "Las agencias anticorrupción", Campos Acuña, M.C. (dir.), *Guía práctica de compliance en el sector público*, El Consultor de los Ayuntamientos, Wolters Kluwer, Madrid, 2020.

<sup>16</sup> Na Estratexia en materia de prevención da corrupción aprobada polo CCG, considérase que o control interno é unha parte esencial para conducir as actividades cara ao logro de obxectivos e metas institucionais de calquera organización. Ademais, a existencia dun control interno sólido constitúe un dos elementos clave na prevención da corrupción. Entre os modelos de control interno de maior recoñecemento internacional, destaca o publicado polo Comité de Organizacións Patrocinadoras da Comisión Treadway (COSO) en 1992, actualizado en maio de 2013 sobre a base de experiencias observadas desde a súa primeira emisión. Acceso web ao documento da Estratexia: [http://www.consellodecontas.es/sites/consello\\_de\\_contas/files/content/static\\_content/plan\\_extratexico/Plan\\_Estrat%C3%A9xico\\_2019\\_2022\\_C.pdf](http://www.consellodecontas.es/sites/consello_de_contas/files/content/static_content/plan_extratexico/Plan_Estrat%C3%A9xico_2019_2022_C.pdf).

sancións administrativas que se prevén nalgunhas regulacións, pero non en todas. Por exemplo, a lei navarra constrinxe a actividade de investigación a supostos de conflitos de interese de autoridades, altos cargos e persoal ao servizo das administracións públicas ou fundacións e empresas públicas; ao uso en beneficio privado de informacións derivadas das funcións propias do persoal ao servizo do sector público e o aproveitamento en beneficio particular ou de terceiros de bens e recursos públicos; e á conculcación dos principios de igualdade, mérito, publicidade e capacidade na provisión dos postos de traballo no sector público, incluíndo fundacións e empresas públicas.

Por outra banda, en 2018 creouse a Rede Estatal de Oficinas e Axencias Anticorrupción de España da que forman parte as axencias autonómicas e locais existentes, o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIREscon). Na última reunión semestral, celebrada o 30 de setembro de 2022<sup>17</sup>, a rede presentou a Declaración institucional conxunta froito do XI encontro. O texto recomenda que o proxecto de lei en tramitación de protección do informante recoñeza as demandas e propostas das autoridades e órganos, autonómicos e locais, que realizan xa funcións de prevención e loita contra a fraude e a corrupción e o fomento de boas prácticas.

En definitiva, as entidades autonómicas asinantes que contan cunha regulación legal propia en materia de prevención, persecución da corrupción e canles de denuncia instan a que o Goberno central respecte no Proxecto de Lei de protección ao denunciante o sistema de distribución competencial entre o Estado e as comunidades autónomas e que xa conten cunha engrenaxe institucional propia de protección das persoas alertadoras; todo iso sen prexuízo da previsión dos mecanismos necesarios de relación entre autoridades estatal e autonómicas, sobre todo en relación coa necesaria coordinación, colaboración, o intercambio de informacións e experiencias ou a recollida de datos previstos na directiva europea (arts. 14 e 27).

Non obstante, seguramente debido ao carácter ecléctico de competencias das axencias que forman parte da rede, a Declaración institucional sobre o Proxecto de Lei do informante non foi rubricada por todas entidades que a integran. Só asinaron a Declaración a Oficina Antifraude de Cataluña, a Axencia de Transparencia da Área Metropolitana de Barcelona, a Axencia Valenciana Antifraude, a Oficina de Prevención e Loita contra a Corrupción das Illas Baleares, a Oficina Andaluza Antifraude e a Oficina de Boas Prácticas e Anticorrupción da Comunidade Foral de Navarra.

Dito o cal, o avance das emendas do proxecto de lei mostraranos se o contido da última Declaración institucional asinada o 30 de setembro de 2022 por algunhas das entidades que compoñen a Rede de Axencias Anticorrupción será ou non a antesala

<sup>17</sup> A Declaración institucional conxunta froito do XI encontro celebrado o 22 de setembro de 2022 recomenda que o proxecto de lei en tramitación de protección dos informantes recoñeza as demandas e propostas das autoridades e órganos, autonómicos e locais, que realizan xa funcións de prevención e loita contra a fraude e a corrupción e o fomento de boas prácticas. As autoridades antifraude autonómicas (Cataluña, Comunidade Valenciana, Illas Baleares, Andalucía e Navarra), de acordo coas leis aprobadas polos parlamentos autonómicos, son entidades adscritas que exercen as súas funcións con personalidade xurídica propia e con plena independencia das administracións públicas. Estas autoridades e órganos teñen unha experiencia importante, desde o ámbito público, que debe ter en conta o lexislador, recolle a declaración conxunta. Acceso web: <https://www.antifrau.cat/es/red-estatal-agencias-oficinas-antifraude-recomienda-proyector-ley-transposicion-directiva-proteccion-alertadores-reconozca-demandas-autoridades-contracorruptcion>.

dun futuro conflito constitucional cando entre en vigor a futura lei de protección do informante en relación coa posible invasión competencial do Estado respecto á regulación das especialidades derivadas da propia organización autonómica en relación coas axencias anticorrupción autonómicas xa creadas (art. 149.1.18 da CE).

### 3 Ideas forza sobre o impacto das canles de denuncia no sector público

A loita contra a corrupción ocupa un posto moi destacado na axenda institucional de todo o mundo. Unha das ferramentas máis importantes entre a batería de medidas que se están a estudar, propoñendo e implantando é a que ten que ver co *whistleblowing*, e que fai referencia ao sinal de alarma que alguén lanza dentro dunha organización cando se detecta que algo funciona mal<sup>18</sup>.

Nos últimos anos, particularmente desde a obrigatoriedade imposta pola lei norteamericana de 2002 *Sabarnes-Oxley Act*, veuse desenvolvendo e implantando en diferentes organizacións e empresas a escala internacional unha ferramenta coñecida como Canle de Denuncias ou Canle Ética, co obxectivo de proporcionarlles aos empregados, e se é o caso a terceiros, un medio para reportar e informar de posibles condutas que poidan ser constitutivas de delito, acoso ou contrarias aos principios e valores da organización. Aquelas persoas que, a través da canle ou de calquera outro medio reportan e informan das condutas descritas, son coñecidas como denunciante, informantes ou co xa coñecido termo anglosaxón *whistleblowers*, algúns dos cales renuncian a reportar infraccións por medo ás represalias. Por este motivo, era absolutamente necesario contar cun marco normativo uniforme entre os Estados membros que lles garanta unha protección equilibrada e efectiva aos denunciante.

Dentro da Unión Europea, países como o Reino Unido (desde 1998), Holanda, Bélxica, Italia e Hungría contan con disposicións legais que recollen a figura do *whistleblowing*. No ano 2015 o Valedor do Pobo Europeo fixo público o seu malestar coas institucións continentais polo atraso na implantación de canles de denuncias, incumprindo un mandato acordado un ano antes, en xaneiro de 2014. Só dúas das institucións europeas (o propio Valedor do Pobo e o Tribunal de Contas) dispuñan das mencionadas canles internas de denuncias ou adoptaran medidas en liña coas propias obrigas recoñecidas.

Porén, a dispersión normativa e os heteroxéneos niveis de protección en cada país (practicamente carente de regulación específica en España e en moitos países da Unión Europea) requiriron a intervención lexislativa a nivel comunitario para fixar un mínimo común nesta materia<sup>19</sup>.

<sup>18</sup> BENÍTEZ PALMA, E., "El control externo y el *whistleblowing* (canales de denuncia)", *Revista Española de Control Externo*, n. 20(59), 2018, pp. 11-42. Acceso web: [https://www.tcu.es/repositorio/2388e0c6-5eaf-4f9f-8b0b-b6a1a4b52c1b/R59\\_01\\_BenitezPalma\\_CEyWB.pdf](https://www.tcu.es/repositorio/2388e0c6-5eaf-4f9f-8b0b-b6a1a4b52c1b/R59_01_BenitezPalma_CEyWB.pdf).

<sup>19</sup> A necesidade de protección do denunciante é a principal razón de ser da Directiva UE 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do dereito da Unión, que, no seu considerando primeiro, advirte: "[...] os denunciante potenciais adoitan renunciar a informar sobre as súas



O proxecto de lei, seguindo as pautas da Directiva, contén unha serie de previsións moi concretas en relación con diversos aspectos, sendo unha das máis importantes a obriga que se lles impón a todas as entidades e organizacións, tanto públicas como privadas, de establecer internamente sistemas que permitan que os que manteñen unha relación laboral ou profesional con estas poidan informar ou alertar das irregularidades de que tivesen coñecemento no contexto desa relación, e todo iso con plenas garantías de que non van ser obxecto de represalias por tal motivo.

Do mesmo xeito, tanto a directiva como o proxecto regulan as canles para formalizar dous tipos de denuncias, internas e externas, e, cando concorran determinadas condicións, outorgan tamén protección á revelación pública das infraccións.

Respecto ás ideas forza sobre impacto das canles de denuncia no sector público, sen ánimo de ser exhaustivos, podemos extraer as seguintes:

### 1.- Canles internas: a súa aplicación no sector público

Por canle interna de denuncia enténdese a comunicación, verbal ou por escrito, de información sobre infraccións dentro dunha entidade xurídica pertencente ao sector privado ou ao público.

Se a reforma en materia de responsabilidade penal das persoas xurídicas supuxo a xeneralización dos sistemas de *compliance penal* no sector privado e nas sociedades mercantís públicas, quizais o proxecto de lei supoña unha ventá de oportunidade para que o resto de entidades do sector público poidan avanzar nun eido inexplorado para moitas delas, como é a integridade institucional e a loita contra a corrupción.

Tanto a directiva como o proxecto de lei instan a promover que as denuncias se cursen preferentemente polas canles de denuncia interna, por considerar que nelas se garante que a información vai chegar rapidamente aos que estean máis preto da fonte do problema e teñan máis posibilidades de resolvelo, sen prexuízo de que, por diversos motivos, poidan acudir directamente ás canles externas que os poderes públicos están obrigados a establecer<sup>20</sup>.

### 2.- Que entidades do sector público están obrigadas a crear canles internas?

Respecto ao ámbito subxectivo de aplicación das canles de denuncia internas, o proxecto de lei realiza unha proxección máis ambiciosa se o comparamos coa directiva, xa que elimina os limiares que establece a norma europea como ámbito mínimo de aplicación. E é que, a pesar de que no seu artigo 8.9, a norma europea lles permite aos Estados eximir da implantación da canle interna aos municipios de menos de 10.000 habitantes ou entidades do sector público de menos de 50 traballadores, o proxecto, ao enunciar o ámbito de aplicación no seu artigo 13, polo momento prescinde desta opción.

*preocupacións ou sospeitas por temor a represalias. Neste contexto, é cada vez maior o recoñecemento, a escala tanto da Unión como internacional, da importancia de prestarlles unha protección equilibrada e efectiva aos denunciante.*

<sup>20</sup> LOZANO CUTANDA, B., "La directiva de protección del denunciante", *Diario La Ley*, n. 950, Sección Tribuna, 10 de xaneiro de 2020.

Polo tanto, as entidades que integran o sector público, independentemente do seu tamaño, deberán contar con esta canle de denuncias<sup>21</sup>.

No entanto, non todas as entidades públicas teñen as mesmas características (así, por exemplo, non é comparable a situación de partida dunha Administración autonómica coa dun municipio de menos de 5.000 habitantes), de xeito que tamén resultará necesario facer, cando menos, un primeiro diagnóstico da situación de cada cal, as súas posibilidades e as súas necesidades de cara a pensar en compartir as canles e os recursos con outras entidades (art. 8.9 da Directiva e 14 do proxecto de lei) ou, se é o caso, de acudir á xestión a través dun terceiro externo (art. 15 do proxecto de lei).

Neste ámbito, as comunidades autónomas e, sobre todo, as deputacións provinciais, deberán tamén ir deseñando as actuacións posibles para axudar á súa posta en marcha, a través de subvencións ou de asistencia, prestando especial atención aos municipios máis pequenos<sup>22</sup>.

### 3.- *Requisitos garantistas das canles internas*

No proxecto de lei régúlase como deben configurarse os procedementos de denuncia interna e de seguimento, que deben incluír, entre outros elementos, os seguintes:

